

Circular 2/2021, do 30 de abril, sobre o tratamento da competencia territorial na orde xurisdiccional civil

1. Introducción e delimitación metodolóxica. 2. Intervención do Ministerio Fiscal nas cuestións de competencia. 3. Regras xerais sobre competencia territorial. 3.1 Determinación do foro aplicable. 3.2 Carácter dispositivo das normas sobre competencia territorial. 3.3 Foro xeral das persoas físicas. 3.4 Foro xeral das persoas xurídicas. 3.5 Acumulación de accións. 3.6 Acumulación de demandados. 4. Regras específicas sobre competencia territorial. 4.1 Procesos en que o/a fiscal ten a calidade de parte ou de interveniente. 4.1.1 Procesos sobre a capacidade das persoas. 4.1.1.1 Competencia para coñecer das demandas sobre capacidade. 4.1.1.2 Competencia para os procedementos sobre cuestións relativas a tutela, curatela e garda de feito. 4.1.1.2.1 Competencia para o procedemento de execución de medida cautelar. 4.1.1.2.2 Competencia para o procedemento para nomeamento de titor. 4.1.1.2.3 Competencia para o procedemento para cambio de titor. 4.1.1.2.4 Competencia para dispoñer de bens da persoa con discapacidade. 4.1.1.2.5 Competencia para adoptar medida de control en protección da persoa con discapacidade. 4.1.1.3 Competencia para o internamento involuntario. 4.1.2 Procesos para a protección de dereitos fundamentais. 4.1.3 Procesos matrimoniais. 4.1.3.1 Marco xeral. 4.1.3.2 Demanda de medidas provisionais previas sobre garda, custodia e alimentos de fillos menores. 4.1.3.3 Procedementos de nulidade, separación e divorcio contenciosos. 4.1.3.4 Procedemento para a modificación de medidas definitivas. 4.1.3.5 Procedemento para adopción de medidas urxentes previas á demanda de modificación de medidas. 4.1.3.6 Medidas paterno-filiais sobre garda e custodia e alimentos dun menor. 4.1.3.7 Solicitude de eficacia civil de sentenza canónica de nulidade matrimonial. 4.1.4 Procedementos sobre menores. 4.1.4.1 Procedementos de oposición a medidas de protección de menores. 4.1.4.2 Procedementos sobre subtracción internacional de menores. 4.1.4.3 Procedemento para autorizar a entrada en domicilios e restantes lugares para a execución forzosa das medidas de protección de menores. 4.1.4.4 Procedementos sobre adopción. 4.1.4.5 Procedemento para adoptar medidas urxentes sobre fillo menor. 4.1.4.6 Procedemento para autorizar o ingreso en centros de menores con problemas de conduta. 4.1.4.7 Procedemento ordinario para a privación da patria potestade. 4.1.5 Concurso de acredores. 4.1.6 Procesos de filiación. 4.1.7 Xuízo de alimentos. 4.1.8 Disposicións

xerais sobre xurisdición voluntaria. 4.2 Procesos en que o/a fiscal non ten a calidade de parte ou de interveniente. 4.2.1 Xuízo verbal. 4.2.2 Proceso cambiario. 4.2.3 Procedemento para adoptar dilixencias preliminares. 4.2.4 Proceso monitorio. 4.2.5 Procedemento para a liquidación do réxime económico matrimonial. 4.2.6 Procedementos de execución. 4.2.6.1 Disposicións xerais. 4.2.6.2 Execución de títulos non xudiciais. 4.2.6.3 Execución de autos de contía máxima. 4.2.6.4 Execución de título xudicial estranxeiro. 4.2.6.5 Execución de laudo arbitral. 4.2.6.6 Execución de bens peñorados ou hipotecados. 4.2.7 Procedemento para o exercicio do dereito de rectificación. 5. Normas especiais. 5.1 Demandas fronte a resolucións da DXRN (actual Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública). 5.1.1 En materia de Rexistro Civil. 5.1.2 En materia do Rexistro da Propiedade. 5.2 Demandas dirixidas contra o Estado. 5.3 Competencia para coñecer das solicitudes de medidas cautelares en xeral. 6. Foros especiais por razón da acción exercitada. 6.1 Foro das accións reais sobre bens inmobles. 6.2 Foro das demandas sobre presentación e aprobación das contas de administradores de bens alleos. 6.3 Foro das demandas sobre obrigas de garantía ou complemento doutras anteriores. 6.4 Foro para cuestións hereditarias. 6.4.1 Disposición xeral. 6.4.2 Nomeamento de administrador de herdanza xacente. 6.4.3 División de herdanza. 6.4.4 Acción para outorgamento e sinatura de escritura pública de caderno particional. 6.4.5 Sucesión en títulos nobiliarios. 6.4.6 Autorización para aceptar e renunciar a herdanza. 6.4.7 Autorización para a partición da herdanza. 6.5 Foro para accións derivadas de arrendamentos de inmobles e de desafiuzamento. 6.5.1 Doutrina xeral. 6.5.2 Reclamacións de renda. 6.5.3 Reclamacións de fornecementos. 6.5.4 Devolucións de fianza. 6.5.5 Reclamacións por danos causados polo arrendatario. 6.6 Foro das accións relativas a propiedade horizontal. 6.7 Foro das accións de indemnización dos danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor. 6.7.1 Réxime xeral. 6.7.2 Reclamación por danos a vehículo arrendado. 6.7.3 Acción directa de prexudicado contra a aseguradora do causante do accidente. 6.7.4 Acción de repetición entre aseguradoras. 6.7.5 Acción de repetición contra o asegurado. 6.7.6 Acción directa do asegurado contra a súa compañía. 6.7.7 Acción de aseguradora e asegurado contra o propietario do outro vehículo causante do accidente e a súa aseguradora. 6.7.8 Accións de repetición de asegurador contra concesionario de autoestrada. 6.7.9 Acción de repetición do Consorcio de Compensación de Seguros. 6.7.10 Acción do prestador de asistencia sanitaria contra o seguro do causante do accidente. 6.7.11 Acción directa dos prexudicados fronte á aseguradora en sinistro de

circulación producido noutro país da UE. 6.7.12 Acción subrogatoria contra o causante do accidente e a súa aseguradora. 6.8 Foro das accións de impugnación de acordos sociais. 6.9 Foro das demandas sobre infraccións da propiedade intelectual. 6.10 Foro en materia de competencia desleal. 6.11 Foro en materia de patentes e marcas. 6.12 Foro das accións sobre cláusulas de condicións xerais da contratación. 6.13 Foro das terzarías de dominio ou de mellor dereito. 6.14 Foro das accións derivadas do contrato de axencia. 6.15 Foro das accións en materia de seguros. 6.16 Foro das accións en materia de vendas a prazos de bens mobles corporais e contratos destinados ao seu financiamento. 6.17 Foro das accións en materia de contratos de prestación de servizos ou relativos a bens mobles cuxa celebración fora precedida de oferta pública. 6.18 Foro residual das accións individuais de consumidores ou usuarios. 6.18.1 Ideas xerais. 6.18.2 Cesións de crédito de consumidores a empresas mercantís. 6.18.3 Transporte aéreo. 6.18.4 Demandas de clientes contra establecementos hoteleiros. 6.19 Xura de contas. 6.20 Xustiza gratuíta. 6.21 Exequátur. 7. Cuestións de procedemento. 7.1 Momento procesual para suscitar de oficio a competencia. 7.2 Especialidades cando concorren varios foros. 7.3 Cambio de domicilio: *perpetuatio iurisdictionis*. 7.4 Audiencia de partes. 7.5 A declinatoria. 7.6 Órgano competente para resolver os conflitos negativos de competencia. 7.7 Recursos en materia de competencia territorial. 8. Cuestións organizativas internas. 9. Cláusula de vixencia. 10. Conclusións.

1. Introducción e delimitación metodolóxica

Ten sido tradicional atribuírle ao Ministerio Fiscal a función de vixilancia do cumprimento das normas que delimitan a competencia nas distintas ordes xurisdiccionais. Esta asignación funcional ten remotos antecedentes, contemplándose xa no artigo 838.3 da Lei provisional sobre organización do poder xudicial de 1870.

O artigo 3.8 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal (en diante, EOMF), dispón que lle corresponde ao Ministerio Fiscal «manter a integridade da xurisdición e competencia dos xuíces e tribunais, promovendo os conflitos de xurisdición e, se for o caso, as cuestións de competencia que resulten procedentes, e intervenir nas promovidas por outros».

Nunha aproximación xeral pódese dicir que na necesidade de respectar as normas de

competencia subxacen intereses públicos e sociais entroncados co dereito fundamental ao xuíz ordinario predeterminado pola lei.

A regulación da competencia territorial contense no libro I, título II, capítulo II, sección II, artigos 50 a 60, da Lei de axuizamento civil (LAC) de 2000.

En principio, segundo se desprende do artigo 54 da LAC, as normas sobre competencia territorial teñen natureza dispositiva. A LAC reconece, seguindo os seus precedentes, un ámbito de operatividade á autonomía da vontade mediante a atribución de efectos á submisión das partes (expresa ou tácita), ao configurala como criterio preferente na determinación da competencia territorial.

Este recoñecemento afunde as súas raíces na concepción de que sempre que se respecten as normas de competencia obxectiva e funcional, o interese público queda salvagardado, sendo indiferente que coñeza un ou outro órgano da mesma orde e rango, polo que debe partirse dunha norma xeral que a considera prorrogable.

Non obstante, no ámbito da competencia territorial, o campo aparentemente amplo da autonomía da vontade vese limitado ao incorporar a lei foros imperativos en numerosas materias, que se poden sintetizar nos seguintes: en procesos relativos a accións reais sobre bens inmobles; en procesos sobre cuestións hereditarias; en procesos de protección de dereitos fundamentais; en procedementos sobre arrendamentos de inmobles; sobre propiedade horizontal; sobre danos ocasionados pola circulación de vehículos de motor; en procedementos sobre impugnación de acordos sociais; en propiedade industrial; en competencia desleal; en patentes e marcas; en procedementos sobre condicións xerais de contratación; en terzarías de dominio ou mellor dereito; en seguros; en venda a prazos de bens mobles, contratos destinados ao seu financiamento e contratos sobre prestación de servizos ou bens mobles cando a formalización dos mesmos fora precedida de oferta pública; e en procedementos relativos a consumidores e usuarios e asimilados.

Ademais, exclúese a *prorrogatio fori* con carácter xeral para o xuízo verbal –un dos dous procesos declarativos ordinarios instaurados pola LAC–, así como para os procedementos especiais, nos termos que se exporán na presente circular.

O artigo 54.1 da LAC introduce igualmente unha cláusula xenérica na que se remite ás demais previsións que as leis poidan introducir establecendo outros supostos de imperatividade da competencia territorial. Dentro desta cláusula comprenderíase o foro privilexiado do Estado e asimilados, o foro para o exercicio do dereito de rectificación e mais o foro previsto para o concurso de acredores.

En realidade, a imperatividade do foro nos procesos de familia, verbais, monitorio e de execución ordinaria e cambiaria fai que desde un punto de vista cuantitativo a gran maioría dos procedementos se sometan ao que en teoría é a excepción. Pódese dicir que na práctica a competencia territorial no proceso civil é moito máis imperativa ca dispositiva.

Esta publicación dos foros territoriais obedece a distintas xustificacións: a natureza pública dos intereses en conflito, a conveniencia de promover a distribución equitativa de asuntos entre os xulgados, a necesidade de promover a economía procesual e procurar evitar as dilacións indebidas, a necesidade de especialización, a seguridade do tráfico mercantil ou a finalidade de facilitar a inmediación xudicial ou a protección do dereito á tutela xudicial efectiva da parte máis débil da relación xurídica debatida. Común denominador a todas as xustificacións é que subxace un interese público que esixe preservar nestes casos o respecto ás normas de competencia territorial.

A Circular 1/2001, do 5 de abril, relativa á incidencia da nova Lei de axuizamento civil na intervención do fiscal nos procesos civís, abordou de xeito periférico a competencia territorial, de forma meritoria, tendo en conta que se carecía de experiencia práctica. Transcorridos máis de 20 anos desde a publicación da LAC, cómpre revisar os seus postulados e completalos, pois amosáronse insuficientes para solucionar as dúbidas interpretativas que a práctica ten posto de manifesto.

A finalidade do presente documento é servir de axuda ás/aos Sras./Sres. fiscais á hora de ditaminar sobre competencia, tendo en conta que deben intervir en todos os procedementos nos que o xuíz suscite de oficio a cuestión. A dispersión de criterios e a casuística fai moi complexo o labor de encontrar a solución correcta a cada conflito.

Se o/a fiscal, ante as dúbidas do xulgado sobre a súa competencia, emite un ditame fundado e rigoroso, as posibilidades de que se chegue a suscitar indebidamente unha cuestión de competencia diminuirán exponencialmente, e deste xeito tamén as dilacións que necesariamente xeran estes incidentes.

Como refire o Auto do Tribunal Supremo (ATS) do 29 de novembro de 2016 (rec. 1001/2016), os conflitos de competencia «dilatan a resolución da solicitude formulada, con grave prexuízo para os interesados».

As cifras de conflitos de competencia territorial que anualmente se alcanzan, de acordo coas estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) e mais da Fiscalía Xeral do Estado (FXE), son extraordinariamente altas. Neste sentido, tense calculado para estes casos a media de duración engadida do proceso en dez meses e medio, cando deben ser resoltos polo Tribunal Supremo (TS).

Un elevado número de conflitos que se suscitan na práctica son perfectamente evitables, pois a cuestión que se debate xa foi resolta polo TS, que foi xerando unha amplísima doutrina sobre os foros territoriais.

Non se pretende coa presente circular estudar todos os supostos –pois iso levaría a unha extensión desmesurada–, senón expoñer os ámbitos que xeran maiores problemas e as solucións claramente asentadas, dando resposta a supostos dubidosos, sistematizando as materias, ordenando os criterios e facilitando un índice detallado, de forma que a consulta para os fiscais que deban ditaminar sexa o máis sinxela posible.

2. Intervención do Ministerio Fiscal nas cuestións de competencia

A intervención do Ministerio Fiscal só está prevista cando o xulgado, unha vez presentada a demanda, advirta a posible falta de competencia territorial, sempre que esta veña determinada conforme normas de carácter imperativo (artigo 58 da LAC).

En canto á intervención do fiscal nas cuestións de competencia suscitadas á instancia de parte, a Circular 1/2001 dispoñía que «convén ter presente que a LAC non prevé esa intervención, pero tampouco a exclúe expresamente. Carecería de sentido práctico

transmitirlles aos Sres. fiscais unha idea de necesariedade da intervención do fiscal a todo custo en cantas declinatorias poidan ser promovidas no futuro polos litigantes, pois o coñecemento por parte do Ministerio Fiscal da existencia mesma da declinatoria estará sempre condicionado polo feito de que o propio xuíz ou tribunal lle dea traslado da solicitude. É previsible que neste punto, coma en tantos outros, xurdan interpretacións dispersas que se traduzan nunha petición de informe ou na inesixencia deste, en función do criterio que se subscriba acerca do papel do fiscal nesta materia. Os Sres. fiscais, en calquera caso, emitirán o ditame sobre competencia sempre que lles sexa requerido, buscando para o efecto a necesaria uniformidade tanto no contido coma na súa procedencia, facendo valer, de ser preciso, os recursos autorizados pola lei para disipar dúbidas que afecten dun modo tan directo a un espazo funcional histórico».

Pois ben, tras a experiencia aplicativa da LAC pode manterse que é maioritaria a esexese das disposicións sobre competencia conforme a cal só se lle dá intervención ao Ministerio Fiscal cando a cuestión de competencia se suscita de oficio (sexa ou non parte no proceso principal) e cando se suscita á instancia de parte (soamente se é parte no procedemento).

Neste novo contexto as/os Sras./Sres. fiscais terán partir de que non deberán ditaminar as cuestións de competencia suscitadas á instancia de parte en procedementos nos que non deben intervir, salvo que por medio da declinatoria se alegue a infracción dun foro imperativo.

En efecto, aínda que do teor literal do artigo 59 da LAC poida parecer que a declinatoria só permite reaccionar ante os supostos en que a competencia territorial é dispoñible polas partes, para evitar a submisión tácita, o certo é que cando concorre un foro imperativo e non se produce o control de oficio polo órgano xurisdiccional, nada impide que o demandado denuncie a través da declinatoria a falta de competencia (argumento *a minore ad maius*).

Pois ben, deberá partirse de que nos supostos en que a través da declinatoria (artigo 59 da LAC) se denuncie a infracción dun foro imperativo, concorre idéntica xustificación para a intervención do fiscal ca a que existe cando se lle solicita ditame no curso do control de oficio do xulgado (artigo 58 da LAC). Xa que logo, nestes supostos, aínda

que se trate de procesos en que o Ministerio Público non intervén, se o xulgado, pese á inexistencia dunha expresa previsión, lle dá traslado ao fiscal, este deberá emitir ditame sobre competencia territorial.

Ditaminará, por conseguinte, o/a fiscal tanto cando se lle dea traslado no curso do control de oficio (en todos os procedementos civís) coma cando se lle dea traslado en virtude de declinatoria formulada por parte lexítima, sempre que sexa parte no procedemento e, aínda que non o sexa, se o foro que se invoca como infrinxido é de natureza imperativa.

O/A fiscal poderá –e deberá– promover declinatoria nos procesos en que sexa parte lexítima se, concorrendo un foro imperativo, o xulgado non activou o control de oficio.

As/Os Sras./Sres. fiscais, á hora de ditaminar ante supostos dubidosos, deberán ter sempre presente o dereito a un proceso sen dilacións indebidas, optando pola alternativa máis respectuosa para co respecto ao dereito á tutela xudicial efectiva. O TS utiliza con frecuencia esta pauta esexética (*vide* ATS do 18 de setembro de 2018, rec. 128/2018).

3. Regras xerais sobre competencia territorial

3.1 Determinación do foro aplicable

Para determinar a concreta norma de competencia cómpre acudir ás disposicións dos artigos 50 e ss. da LAC.

Os artigos 50 (foro das persoas físicas) e 51 (foro das persoas xurídicas) establecen as normas xerais en función da calidade persoal, e o artigo 52 establece os foros especiais en función da acción exercitada ou do procedemento incoado. Para determinar o foro aplicable cómpre acudir en primeiro lugar ás previsións do artigo 52 da LAC como *lex specialis*. Se non resulta aplicable ao caso concreto, haberá que determinar a competencia consonte a *lex generalis* representada polos foros persoais dos artigos 50 e 51.

Debe terse en conta que existen foros especiais imperativos non comprendidos no artigo

52, como advirte o propio artigo 54.1 da LAC. Algúns destes contémplaos a LAC, e outros as leis especiais. Todos eles serán analizados na presente circular.

Á hora de ditaminar sobre a competencia, o *prius* lóxico será determinar que tipo de procedemento se incoou e cal é a natureza da acción exercitada. Con esta cualificación poderase determinar cal é o foro aplicable, e se este é imperativo ou facultativo.

Cando por non concorrer foro especial –nin pola acción exercitada nin polo procedemento seguido– se deba acudir á aplicación directa dos foros persoais (artigos 50 e 51), estarase ante un suposto de determinación da competencia conforme a foros dispositivos.

3.2 Carácter dispositivo das normas sobre competencia territorial

Como xa se expuxo, a regra xeral é a de que as normas sobre competencia territorial son dispositivas, isto é, que tal como establece o apartado primeiro do artigo 54 da LAC, «só se aplicarán á falla de submisión expresa ou tácita das partes aos tribunais dunha determinada circunscrición».

A competencia territorial na xurisdición civil só é imperativa nos casos expresamente previstos na lei.

Isto determina que o primeiro que deben examinar as/os Sras./Sres. fiscais cando un xulgado civil dea traslado para ditame sobre competencia é se se debe aplicar algunha norma que estableza un foro territorial imperativo.

Se non hai norma de competencia imperativa, será improcedente a suscitación da cuestión por parte do órgano xurisdiccional, polo que o ditame da Fiscalía deberá ser que non procede cuestionar de oficio a súa competencia.

O xulgado soamente pode suscitar de oficio a súa competencia cando sexan aplicables as regras establecidas nos números 1º e mais 4º a 15º do apartado 1, e nos apartados 2 e 3, do artigo 52 da LAC, ou cando unha norma atribúa expresamente carácter imperativo ao correspondente foro.

Neste sentido, *ad exemplum*, os AATS do 21 de xaneiro de 2020 (rec. 258/201911), de setembro de 2018 (rec. 142/2018) e do 9 de outubro de 2018 (rec. 170/2018).

Cando non se está ante un suposto no que a competencia territorial veña fixada pola lei en virtude de regras imperativas, «só se podería apreciar a falta de competencia territorial en virtude de declinatoria proposta en tempo e forma polo demandado ou por parte lexítima» (*ad exemplum*, os AATS do 17 de novembro de 2020, rec. 147/2020; do 3 de marzo de 2020, rec. 317/2019; ou do 25 de xuño de 2019, rec. 137/2019).

Para tales efectos é indiferente que o contrato do que deriva a reclamación conteña unha cláusula de submisión expresa (*vide*, neste sentido, AATS do 26 de febreiro de 2019, rec. 26/2019; e do 6 de xuño de 2018, rec. 91/2018). É dicir, o xulgado non pode cuestionar a súa competencia de oficio polo feito de que as partes pactaran a submisión a uns concretos tribunais, pois nestes casos a submisión tácita segue a ser posible (*vide* ATS do 18 de xaneiro de 2017, rec. 1032/2016).

Se o procedemento se tramita como xuízo verbal, o xulgado sempre debe controlar de oficio a súa competencia. Se se tramita como xuízo ordinario, soamente o poderá facer se devén aplicable un específico foro imperativo.

Así, por exemplo, non é de apreciar foro imperativo nunha demanda de xuízo ordinario na que se insta con carácter principal o vencemento anticipado dun préstamo hipotecario por impagamento de cotas con reclamación de cantidade pecuniaria (AATS do 21 de maio de 2019, rec 85/2019; ou do 11 de setembro de 2018, rec. 142/2018). Tampouco concorre foro imperativo nunha demanda de xuízo ordinario de reclamación das cantidades entregadas á conta con motivo da compra dunha vivenda, dirixida contra as entidades depositarias (ATS do 9 de outubro de 2018, rec. 170/2018), nin en demanda de xuízo ordinario de anulabilidade por vicio do consentimento prestado e subsidiaria de resolución contractual con reclamación de danos e perdas dun contrato (ATS do 11 de decembro de 2018, rec. 217/2018). Non está sometida a foro imperativo unha demanda de xuízo ordinario na que se exercita unha acción de reclamación de cantidade por deficiente prestación sanitaria en hospitais (ATS do 18 de decembro de 2018, rec. 223/2018). Tampouco o está unha acción de responsabilidade civil extracontractual a

tramitar polos condutos do xuízo ordinario (ATS do 7 de xaneiro de 2014, rec. 179/2013), nin unha demanda de xuízo ordinario para a resolución dun contrato de compravenda con indemnización de danos e perdas (ATS do 3 de marzo de 2020, rec. 317/2019). Non está sometido a foro imperativo unha demanda de xuízo ordinario en reclamación dunha cantidade pecuniaria por danos e perdas (ATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 276/2019), nin unha demanda de xuízo ordinario na que se exercitaba acción de nulidade dun procedemento de execución hipotecaria (ATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 297/2019), nin unha acción de cumprimento dun contrato de préstamo de financiamento emprendida pola entidade de crédito (ATS do 17 de decembro de 2019, rec. 175/2019). Tampouco o será a acción exercida por unha empresa a través do xuízo ordinario exercitando unha acción de condena pecuniaria derivada da prestación duns servizos de transporte (ATS do 10 de decembro de 2019, rec. 269/2019), nin unha acción de retracto de crédito litixioso ao abeiro do artigo 1535 do CC (ATS do 19 de novembro de 2019, rec. 219/2019). Non o está un xuízo ordinario con base na acción de condena pecuniaria por incumprimento dun contrato de préstamo entre particulares (ATS do 29 de outubro de 2019, rec. 186/2019). Non se aprecia foro imperativo nunha demanda de xuízo ordinario contra un banco na que exercitaba acción de cancelación de datos existentes na Central de Información de Riscos do Banco de España (ATS do 4 de xuño de 2019, rec. 57/2019).

Como xa se expuxo *supra*, nos asuntos que deban decidirse polo xuízo verbal non é válida a submisión expresa nin a tácita, polo que se non devén aplicable ningún dos foros do artigo 52, e a competencia deberá fixarse atendendo aos foros xerais das persoas físicas (artigo 50 da LAC) ou das persoas xurídicas (artigo 51 da LAC), dependendo da calidade do demandado. Calquera que sexa a pretensión exercitada nesta clase de xuízo, a competencia territorial determínase sempre de forma imperativa (*vide, ad exemplum*, AATS do 10 de marzo de 2020, rec. 233/2019; e do 2 de xullo de 2019, rec. 79/2019). Os procedementos que deben tramitarse polos condutos do xuízo verbal están enumerados no artigo 250 da LAC.

Son tamén foros imperativos os previstos para o proceso monitorio (artigo 813.2 da LAC), o xuízo cambiario (artigo 820.3 da LAC) e o proceso de execución (artigo 545.3 da LAC).

Igualmente son foros imperativos os establecidos para os procesos sobre a capacidade das persoas (artigo 756 da LAC); procesos matrimoniais e de menores (artigo 769.4 da LAC); oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores e procedemento para determinar a necesidade de asentimento na adopción (artigo 779 da LAC); así como os establecidos en cada caso para os expedientes de xurisdición voluntaria, consonte o artigo 2.2 da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria (en diante, LXV).

Cando a competencia territorial estea establecida por algún dos foros imperativos, o letrado da Administración de xustiza debe examinar a competencia territorial inmediatamente despois de presentada a demanda e, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e das partes constituídas, se entende que o tribunal carece de competencia territorial para coñecer do asunto dará conta ao xuíz para que resolva o que proceda mediante auto, remitindo, se for o caso, as actuacións ao tribunal que considere territorialmente competente. De seren de aplicación foros electivos, atenderase ao que manifeste o demandante tras o requirimento que se lle dirixirá para tales efectos (*vide* artigo 58 da LAC).

Sucede que en ocasións os xulgados suscitan a súa falta de competencia indebidamente, pese a non ser de aplicación ningún foro imperativo. Nestes casos o ditame de Fiscalía debe pór de manifesto esta improcedente suscitación da cuestión, pois nestes casos «a falta de competencia territorial soamente poderá ser apreciada cando o demandado ou quen poida ser parte lexítima no xuízo propoña en tempo e forma a declinatoria» (*vide* artigo 59 da LAC).

3.3 Foro xeral das persoas físicas

Aparece regulado no artigo 50 da LAC. A regra xeral recóllese no apartado primeiro, de acordo co cal «salvo que a lei dispoña outra cousa, a competencia territorial corresponderalle ao tribunal do domicilio do demandado, e se non o ten no territorio nacional, será xuíz competente o da súa residencia no dito territorio».

Os apartados segundo e terceiro establecen especialidades para quen non teña domicilio nin residencia en España e para empresarios e profesionais.

En principio, esta norma non incorpora un foro imperativo, polo que o xulgado non pode promover competencia polo mero feito de considerar que o demandado non ten o seu domicilio no seu partido xudicial.

Só cando por razón do procedemento –v. gr., o xuízo verbal– non caiba submisión expresa nin tácita, procederá a suscitación de oficio da cuestión e mais a inhibición, se a demanda se presenta nun xulgado en cuxo partido xudicial non está domiciliado o demandado. A cuestión dos cambios de domicilio do demandado analizarase *infra* (epígrafe 7.3).

Con carácter xeral hai que atender ao lugar onde se reside con habitualidade, que equivale ao domicilio real, xa que materializa a vontade de permanencia en determinado lugar (AATS do 14 de setembro de 2016, rec. 923/2016; e do 27 de maio de 2014, rec. 53/2014). Unha cousa é a veciñanza administrativa determinada, por exemplo, a través do padrón municipal ou dos datos da Axencia Tributaria, e outra diferente é o lugar onde a persoa reside cun certo carácter de habitualidade (AATS do 10 de maio de 2017, rec. 43/2017; e do 29 de novembro de 2016, rec. 1001/2016).

Débese partir, en relación co foro do domicilio, de tres ideas básicas:

1) A prevalencia da residencia habitual fronte á temporal ou esporádica, para os efectos de determinar a competencia territorial, ten sido reiterada polo TS (AATS do 11 de xuño de 2019, rec. 17/2019; do 30 de novembro de 2016, rec. 1057/2016; e do 9 de febreiro de 2010, rec. 328/2009). Así, *ad exemplum*, a estadia accidental nun hospital non supón alteración do domicilio (ATS do 11 de setembro de 2018, rec. 141/2018).

2) De resultar descoñecido o domicilio do demandado haberá que atender, para os efectos de determinar a competencia territorial, ao último que se coñeza (AATS do 3 de marzo de 2020, rec. 16/2020; do 24 de setembro de 2013, rec. 148/2013; ou do 1 de outubro de 2008, rec. 126/2008).

3) A inhibición en favor doutro xulgado que se entenda competente, por constar no seu partido xudicial o domicilio do demandado, non se pode acordar sobre simples

manifestacións, senón que precisa de xustificación documental (AATS do 3 de marzo de 2020, rec. 16/2020; do 11 de xaneiro de 2017, rec. 1091/2017; do 8 de xaneiro de 2016, rec. 1058/2016; e do 16 de novembro de 2016, rec.1037/2016).

O domicilio laboral ou profesional non serve para fundamentar a competencia. Neste senso, o ATS do 29 de setembro de 2020 (rec. 9/2020) declara que «examinadas as actuacións, non consta un domicilio do demandado no partido xudicial de Tarazona, a onde se inhibiu o xulgado de Tudela, pois, como indica este último tribunal, o lugar en que se desenvolve a actividade profesional do demandado é un criterio que o artigo 155 da LAC reserva para a práctica de actos de comunicación, e non para fixar a competencia territorial. Ademais, dada a condición de traballador temporal do demandado, tampouco se podería afirmar que na localidade de Borja realice unha actividade laboral que non sexa de carácter ocasional».

O feito de se atopar o demandado vivindo fóra de España determina a aplicación do artigo 50.2 da LAC, que establece que «os que non teñan domicilio nin residencia en España poderán ser demandados no lugar en que se encontren dentro do territorio nacional ou no da súa última residencia neste, e se tampouco se pode determinar así a competencia, no lugar do domicilio do autor». O ATS do 5 de febreiro de 2019 (rec. 225/2018) aplica esta previsión.

En supostos dubidosos o TS tense decantado polo domicilio máis acreditado. No ATS do 13 de xaneiro de 2016 (rec. 176/2015) opta polo partido xudicial, que é o único lugar onde a demandada «foi localizada nunha ocasión [...] e ademais, ela mesma sinalou como o seu actual domicilio».

En ocasións o TS dá por acreditado como domicilio o que aparece no contrato que motiva o litixio: «aínda que na investigación domiciliaria aparece un cambio de residencia ao municipio de Agoncillo, a citación realizada no dito domicilio resultou negativa, polo que non estaría comprobado que o demandado teña ou tiña ao tempo de presentar a demanda un domicilio diferente ao que aparece no contrato de préstamo [...] que coincide co sinalado na demanda, polo que haberá que atender, para os efectos de competencia territorial, ao domicilio do contrato que coincide co consignado na demanda» (ATS do 12 de febreiro de 2019, rec. 239/2018).

As estadias en centros penitenciarios non serven para fixar a competencia dado o carácter transitorio da dita localización, polo que hai que atender ao domicilio ou residencia habitual (ATS do 14 de febreiro de 2012, rec. 249/2011).

3.4 Foro xeral das persoas xurídicas

A regra xeral establécea o artigo 51 da LAC: «agás que a lei dispoña outra cousa, as persoas xurídicas serán demandadas no lugar do seu domicilio. Tamén poderán ser demandadas no lugar onde a situación ou relación xurídica a que se refira o litixio naceu ou deba producir efectos, sempre que no dito lugar teñan establecemento aberto ao público ou representante autorizado para actuar en nome da entidade».

O apartado segundo establece especialidades para os entes sen personalidade.

De novo, esta norma por si soa non supón un foro imperativo que exceptúe o previsto con carácter xeral polo artigo 54 da LAC, que regula o carácter dispositivo das normas de competencia territorial, no sentido que «as regras atributivas da competencia territorial só se aplicarán á falla de submisión expresa ou tácita das partes aos tribunais dunha determinada circunscrición». O xulgado non pode promover competencia polo mero feito de considerar que o demandado non ten o seu domicilio no seu partido xudicial.

Cando por razón do procedemento –v. gr., o xuízo verbal– non caiba submisión expresa nin tácita, se a demanda se presenta nun xulgado en cuxo partido xudicial non está domiciliado o demandado, procederá a inhibición. Igualmente procederá a inhibición no mesmo suposto cando un foro imperativo reenvíe ao foro do domicilio.

En principio, o domicilio da persoa xurídica será o que como tal conste no correspondente rexistro. No caso de dirixirse contra entidades mercantís regulares, o domicilio destas será o que consta no Rexistro Mercantil (AATS do 2 de abril de 2019, rec. 274/2018; do 11 de outubro de 2006, rec. 130/2006; do 6 de xuño de 2002, rec. 5/2002; ou do 28 de febreiro de 2005, rec. 110/2004).

Non cabe determinar a competencia de acordo co domicilio do administrador da sociedade demandada, sen que se poida confundir para tales efectos o domicilio da entidade realmente demandada e o do seu representante legal, e sen prexuízo de que a este se lle poida facer, a través de auxilio xudicial, o traslado da demanda e o requirimento de pago (AATS do 11 de febreiro de 2020, rec. 4/2020; do 17 de xuño de 2015, rec. 81/2015; e do 16 de marzo de 2005, rec. 8/2005).

O determinante, xa que logo, é o domicilio social inscrito da demandada tal e como aparece na certificación do Rexistro Mercantil (ATS do 11 de febreiro de 2020, rec. 331/2019). Non obstante, en ocasións o TS, cando o domicilio rexistral non cadra co centro de operacións da persoa xurídica, ten admitido ambos como domicilio para os efectos de fixar a competencia (*vide* ATS do 5 de abril de 2017, rec. 40/2017).

Así, no ATS do 14 de xuño de 2017 (rec. 53/2017) declárase que sendo o foro aplicable o previsto no artigo 51 da LAC, «o xulgado de Móstoles entende que hai que atender ao lugar onde radica o domicilio social da entidade demandada, que é Santander; agora ben, o designado pola entidade bancaria na documental presente nas actuacións é o sito en Boadilla del Monte, que pertence ao partido xudicial de Móstoles, lugar no que se interpuxo a demanda, onde a entidade bancaria ten centro real e efectivo de operacións, e que é domicilio apto para que poida ser demandada a entidade bancaria, de acordo cos artigos 9 e 10 da Lei de sociedade de capitais e en consonancia coa doutrina desta sala recolleita en relación con outra entidade bancaria en auto do Pleno de data do 16 de marzo de 2016, conflito núm. 40/2016, que hai que entender aplicable, no presente suposto, ao Banco Santander, S.A».

En relación con Bankia, *vide* ATS do 16 de marzo de 2016 (rec. 40/2016), que admite como domicilios Madrid e Valencia.

Tampouco é posible confundir o domicilio das sociedades e empresas mercantís co das súas sucursais, sen prexuízo de que este poida servir para os efectos de ser emprazada (AATS do 2 de febreiro de 2004, rec. 44/2003; ou do 28 de febreiro de 2005, rec. 110/2004).

Para que se poida demandar no partido xudicial onde a entidade ten establecemento

aberto ao público, cómpre que conste que a relación xurídica naceu ou debe producir efectos en tal partido (ATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 266/2019; e do 4 de febreiro de 2020, rec. 309/2019).

En ocasións o TS utiliza o criterio da notoriedade (*notoria non egent probationem*) para dar por acreditado que o demandado dispón de establecemento aberto ao público fóra do seu domicilio (*vide* ATS do 25 de febreiro de 2020, rec. 320/2019, en relación co BBVA en Alacant).

En relación co foro alternativo do establecemento aberto ao público, é especialmente interesante o ATS do 10 de decembro de 2019 (rec. 228/2019), no que se declara, en relación cunha acción de responsabilidade extracontractual por danos ocasionados no vehículo do demandante pola rotura dunha canalización propiedade da demandada, que «resulta competente para coñecer do litixio, en aplicación do artigo 51.1 da LAC, foro electivo para o demandante, o tribunal do partido xudicial no que se produciu o sinistro e no que naceu, en consecuencia, a relación xurídica entre as partes, e no que a entidade demandada, ademais de ter establecemento aberto ao público na dita cidade, desenvolve toda a súa actividade na mesma. Esta solución encontra ademais apoio nunha interpretación das normas sobre competencia axustada ao principio constitucional de tutela xudicial efectiva, por canto evita que o demandante teña que desprazarse a un lugar distinto e arredado de onde se produciron os feitos alegados como base da responsabilidade que esixe».

O cambio de domicilio da sociedade demandada tras a presentación da demanda non afecta á competencia (AATS do 23 de febreiro de 2004, rec. 39/2003; e do 28 de setembro de 2004, rec. 44/2004).

Se antes de se admitir a demanda a trámite o demandante desiste respecto dun dos entes demandados, non se producen efectos de litispendencia en relación coa fixación da competencia territorial en función do domicilio (ATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 240/2019). Pola contra, a desistencia respecto dun dos entes demandados despois de admitida a demanda non altera a competencia territorial, pois xa se produciron os efectos de litispendencia (AATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 351/2019; e do 26 de febreiro de 2019, rec. 262/2018).

3.5 Acumulación de acciones

Cando se exerciten conxuntamente varias accións fronte a unha ou varias persoas, será tribunal competente o do lugar correspondente á acción que sexa fundamento das demais (criterio cualitativo); na súa falla, aquel que deba coñecer do maior número das accións acumuladas (criterio numérico); e, en último termo, o do lugar que corresponda á acción máis importante quantitativamente (criterio cuantitativo). Estes criterios, establecidos no artigo 53 da LAC, aplícanse subsidiariamente, de modo que o de preferente aplicación é o cualitativo, debendo entenderse por acción fundamentadora das demais aquela que tende a conseguir o fin esencial da lite, sendo antecedente ou base das demais que, para o seu éxito ou complemento, se lle agreguen.

Non se poden tomar en consideración outros criterios, como serían concretamente os de prosperabilidade das distintas accións, pois iso impediría utilizar regras obxectivables e precisas para fixar a competencia territorial. Tampouco se pode utilizar o criterio da maior ou menor extensión con que na demanda se xustifique o exercicio de cada unha das accións acumuladas (ATS do 25 de outubro de 2017, rec. 106/2017).

Á hora de determinar cal é a acción que é fundamento das demais considerouse, por exemplo, que a acción de responsabilidade civil extracontractual contra o autor dos danos é fundamento da acción que acumuladamente se emprende contra a aseguradora do responsable civil (ATS do 12 de marzo de 2019, rec. 272/2018). A acción de nulidade do contrato de tarxeta, con fundamento na Lei Azcárate, considérase principal respecto dunha acción acumulada de nulidade da cláusula de interese remuneratorio por falta de información e transparencia (ATS do 24 de novembro de 2020, rec. 188/2020).

3.6 Acumulación de demandados

O apartado segundo do artigo 53 da LAC dispón que cando haxa varios demandados, e de acordo coas regras establecidas nese artigo e mais nos anteriores poida corresponder a competencia territorial aos xuíces de máis dun lugar, a demanda poderá ser presentada ante calquera deles, á escolla do demandante.

Por tanto, nestes casos deberase analizar previamente se se pode determinar a competencia consonte os criterios do apartado primeiro do artigo 53. Se non estamos só ante unha acumulación subxectiva, senón ante unha acumulación obxectivo-subxectiva, é de aplicación preferente o apartado primeiro do artigo 53 da LAC. Así, por exemplo, se a acción dirixida contra un dos demandados é fundamento da acción dirixida contra o outro, será competente o que deba selo para coñecer da acción principal.

Neste sentido pode citarse o ATS do 25 de setembro de 2003 (rec. 19/2003), que declara que «non se trata do exercicio dunha acción única contra varios demandados (acumulación subxectiva), a cal estaría regulada polo apartado 2 do artigo 53, senón que nos atopamos ante unha acumulación obxectivo-subxectiva, por canto se interpuxeron varias accións (de resolución contractual e de indemnización de prexuízos) contra varios suxeitos [...], á cal lle debe ser aplicado o primeiro dos criterios de competencia que enumera o apartado 1 do precepto mencionado, ao ser evidente que existe unha acción fundamental, que é a de resolución contractual, e outra subordinada, a indemnizatoria dos prexuízos que da dita resolución dimanen. Xa centrado o precepto aplicable, cómpre acudir ao artigo 51, que sinala como foro das persoas xurídicas o lugar do seu domicilio».

Esta disposición aplicarase tanto para o caso de que os demandados sexan varias persoas físicas ou varias xurídicas coma para se son persoas físicas e xurídicas. En todos estes casos –cando non poida determinarse a competencia conforme ás regras do artigo 53.1– o autor poderá presentar a demanda ante calquera dos xuíces territorialmente competentes para cada un dos demandados.

4. Regras específicas sobre competencia territorial

4.1 Procesos en que o/a fiscal ten a calidade de parte ou de interveniente

4.1.1 Procesos sobre a capacidade das persoas

4.1.1.1 Competencia para coñecer das demandas sobre capacidade

O artigo 756 da LAC atribúe a competencia territorial ao xulgado do lugar de residencia

en que resida a persoa a que se refira a declaración que se solicite.

A filosofía subxacente a este foro mantense no proxecto de Lei pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica de 2020, actualmente en tramitación. Estes procesos cambian profundamente e pasan a denominarse procesos sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade. O proxectado apartado terceiro do artigo 756 da LAC dispón que «será competente para coñecer das demandas sobre a adopción de medidas de apoio a persoas con discapacidade e sobre declaración de prodigalidade o xuíz de primeira instancia do lugar en que resida a persoa a que se refira a solicitude, e, se for o caso, o que coñeceu do previo expediente de xurisdición voluntaria». Este mesmo foro de residencia da persoa afectada prevese para outros expedientes de xurisdición voluntaria, coma o expediente de revisión de medidas (no proxectado artigo 42 bis c da LXV) e o expediente para obtención de autorizacións xudiciais (no proxectado artigo 62 da LXV).

É doutrina do TS que o lugar da residencia da persoa con discapacidade determina a competencia territorial, con base no disposto no artigo 756 da LAC, foro que tamén é aplicable aos supostos de representación e asistencia dos que xa foi declarada xudicialmente modificada a súa capacidade (52.5º da LAC), precepto este que, consoante doutrina reiterada, excluíría a aplicación aos procedementos sobre tutela e relativos á capacidade das persoas do principio da *perpetuatio iurisdictionis* consagrado no artigo 411 da LAC (AATS do 22 de outubro de 2019, rec. 180/2019; do 11 de xuño de 2019, rec. 17/2019; do 17 de xullo de 2018, rec. 116/2018; do 13 de xullo de 2016, rec. 938/2016; ou do 22 de marzo de 2017, rec. 22/2017, entre outros moitos).

A exclusión da aplicación do principio da *perpetuatio iurisdictionis* supón que o cambio de residencia tras a presentación da demanda afectará á determinación da competencia territorial.

A estadía transitoria da persoa con discapacidade nun centro hospitalario ou sanitario non determina, sen máis, que a súa residencia estea na localidade onde se encontra ese centro. A competencia non pode quedar suxeita a circunstancias de carácter temporal, o que podería provocar unha peregrinación do asunto de xulgado en xulgado,

incompatible co dereito a un proceso sen dilacións. Só excepcionalmente, cando o ingreso vaia ser moi prolongado, estaría xustificado que a competencia correspondese ao xulgado do lugar onde se atope ingresada (ATS do 11 de xuño de 2019, rec. 17/2019). No caso analizado neste auto declárase a competencia do xulgado correspondente ao establecemento hospitalario ao que se trasladou a persoa con discapacidade, pois prevíase que se ía prolongar de maneira indefinida. Nesta mesma liña, debe destacarse o ATS do 30 de novembro de 2016 (rec. 1057/2016).

Como se lembra no ATS do 13 de xullo de 2016 (rec. 938/2016), a Sala «en ocasións ten resolto, conforme as circunstancias do caso, declarando a competencia dun lugar distinto ao da residencia. Esta decisión foi adoptada por razóns de eficacia e economía procesual, cando o procedemento estaba en estado moi avanzado, e en atención fundamentalmente ao principio de protección do incapaz».

Consoante esta doutrina, poderase producir *perpetuatio iurisdictionis* se xa se teñen practicadas as dilixencias principais. Non obstante, debe analizarse cada caso en concreto e valorar o que sexa máis conveniente para a protección da persoa cuxa capacidade se axuiza. Así, por exemplo, no ATS do 19 de febreiro de 2019 (rec. 267/2018) declárase a competencia do xulgado do partido ao que se trasladara a demandada, sen atender á alegación de que o xulgado do domicilio anterior practicara a exploración e mais o informe forense. A mesma solución se adopta no ATS do 11 de xuño de 2019 (rec. 17/2019) malia que o xulgado do domicilio anterior practicara a exploración e mais o informe forense e, ademais, nomeara defensor xudicial.

Neste punto é interesante facer alusión á previsión do proxecto de Lei de 2020: o proxectado apartado cuarto do artigo 756 da LAC dispón que «se antes da celebración da vista se produce un cambio da residencia habitual da persoa a que se refira o proceso, remitiranse as actuacións ao xulgado correspondente no estado en que se atopen». É destacable que a norma sobre competencia territorial para estes procedementos se perfila máis, pois precísase que os cambios de residencia da persoa con discapacidade determinarán o correspondente cambio de competencia, co límite da celebración da vista, polo que naquel momento se produce a *perpetuatio iurisdictionis*.

4.1.1.2 Competencia para os procedementos sobre cuestións relativas a tutela,

curatela e garda de feito

O artigo 43 da LXV regula a competencia para o coñecemento das cuestións relativas a tutela, curatela e garda de feito: «1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio, ou, no seu defecto, da residencia do menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente. 2. O órgano xudicial que coñecera dun expediente sobre tutela, curatela ou garda de feito será competente para coñecer de todas as incidencias, trámites e adopción de medidas posteriores, sempre que o menor ou a persoa con capacidade modificada xudicialmente resida na mesma circunscrición. En caso contrario, para coñecer dalgunha desas incidencias será preciso que se pida testemuño completo do expediente ao xulgado que anteriormente coñeceu do mesmo, o cal o remitirá nos dez días seguintes ao da solicitude».

A competencia correspóndelle ao xuíz do lugar onde resida o/a tutelado/a, de novo con exclusión do principio da *perpetuatio iurisdictionis* consagrado no artigo 411 da LAC. Esta doutrina está en liña cos foros aplicados na Lei 15/2015, da xurisdición voluntaria, en relación coas persoas con capacidade modificada xudicialmente, que polo que atangue a todo o referente ás cuestións relativas a tutela, curatela e garda de feito establece no seu artigo 43 a competencia do xulgado de primeira instancia do domicilio para o coñecemento do expediente, ou, na súa falla, o da residencia do menor ou da persoa con capacidade modificada xudicialmente. É dicir, prima o interese da persoa con capacidade modificada ou a modificar, acercando o procedemento ao seu lugar de residencia ou domicilio (AATS do 22 de outubro de 2019, rec. 180/2019; do 13 de decembro de 2017, rec. 196/2017; ou do 10 de abril de 2012, rec. 27/2012; e Acordo do 16 de decembro de 2008).

O exercicio da tutela será máis efectivo baixo o control do xulgado da residencia da persoa con discapacidade e, ademais, posibilita o acceso efectivo da mesma á xustiza, de conformidade co artigo 13 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (AATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 350/201911; de setembro de 2012, rec. 80/2012; ou do 11 de setembro de 2012, rec. 80/2012).

Este criterio aplícase tamén á aprobación das contas anuais de tutelado (ATS do 22 de

outubro de 2019, rec. 185/2019).

4.1.1.2.1 Competencia para o procedemento de execución de medida cautelar

A execución e control da medida cautelar acordada nun procedemento sobre a provisión de apoios ás persoas con discapacidade corresponderá ao xulgado da residencia da dita persoa, criterio máis acorde co principio de protección da persoa con discapacidade e de aplicación pola nova regulación da xurisdición voluntaria (AATS do 3 de novembro de 2016, rec. 941/2016; ou do 13 de xullo de 2016, rec. 938/2016).

4.1.1.2.2 Competencia para o procedemento para nomeamento de titor

O lugar da residencia do tutelado determina a competencia territorial para o nomeamento de titor/ora polo disposto no artigo 43.1 da LXV, coincidente co que establecía o artigo 63.1 da LAC 1881 ata a súa derogación por esta lei (ATS do 4 de outubro de 2017, rec. 140/2017).

4.1.1.2.3 Competencia para o procedemento para cambio de titor

O criterio atributivo de competencia que predomina na LXV naqueles expedientes en que estean en xogo os dereitos de menores e de persoas con capacidade modificada xudicialmente é o do seu domicilio, ou, na súa falla, o da súa residencia. É competente o xulgado onde o tutelado/a ten a súa residencia habitual, aínda que sexa distinto do que declarou modificada a capacidade do sometido a tutela (ATS do 4 de abril de 2018, rec. 213/2017).

O ATS do 27 de outubro de 2020 (rec. 156/2020) declara que «no presente caso, parece non existir controversia entre os xulgados en conflito en canto a que a persoa cuxa capacidade foi modificada polo xulgado de Zaragoza reside na actualidade no partido de Alcalá de Henares. O que suscita este xulgado é que a modificación da persoa do titor non se pode realizar no expediente de modificación da capacidade, senón que se tería que ter repartido en Zaragoza un expediente de xurisdición voluntaria e examinar nel a competencia de Alcalá [...]. É certo que, desde un punto de vista procesual, había ser máis axeitado o enfoque do xulgado de Alcalá, pero hai un feito incontrovertido e é que

as actuacións, dun ou doutro modo, se terían que ter remitido a Alcalá de Henares. Por esta razón, e tendo en conta os intereses que se ventilan no presente asunto –un cambio na persoa do titor, que require de certa urxencia–, resulta máis acorde co espírito da norma e da doutrina desta sala, exposta no fundamento segundo, declarar a competencia do xulgado de Alcalá de Henares, sen prexuízo de que este órgano arbitre os mecanismos procesuais que coide máis axeitados para a tramitación do cambio da persoa do titor».

4.1.1.2.4 Competencia para disponer de bens da persoa con discapacidade

O artigo 62 da LXV, dentro do capítulo dedicado á autorización para a realización de actos de disposición de bens de persoas con capacidade modificada xudicialmente, outorga a competencia para coñecer do expediente ao xulgado de primeira instancia do domicilio ou, na súa falla, da residencia da persoa coa capacidade modificada.

4.1.1.2.5 Competencia para adoptar medida de control en protección da persoa con discapacidade

En relación cunha solicitude de autorización xudicial para o establecemento dunha medida de localización e control dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente a fin de evitar riscos para a súa integridade física e mental, acórdase atribuír a competencia territorial ao xulgado de primeira instancia da localidade onde ten o seu domicilio a persoa respecto da que se pretende a medida de protección (ATS do 30 de novembro de 2016, rec. 1057/2016).

4.1.1.3 Competencia para o internamento involuntario

A atribución de competencia para autorizar o internamento non se pode resolver mediante a aplicación das regras contidas nos artigos 61, 410 e 411 da LAC, que son alleas ao que constitúe o obxecto específico da concreta decisión a adoptar, senón consonte a regra xeral de competencia territorial establecida no artigo 763.1 da LAC, que lle atribúe a competencia territorial para autorizar o internamento involuntario ao xuíz do lugar onde resida a persoa afectada, e para ratificar a medida –no caso de internamento urxente–, ao xulgado do lugar en que radique o centro no que este se

produciu (AATS do 25 de febreiro de 2020, rec. 348/2019; do 7 de abril de 2016, rec. 253/2016; e do 2 de decembro de 2015, rec. 200/2015).

Xa a Circular 9/2015, do 22 de decembro, sobre a intervención do Ministerio Fiscal na nova Lei da xurisdición voluntaria, recordaba «a doutrina do Tribunal Supremo sobre a competencia territorial para o seguimento e control do internamento nos casos de cambio de centro, que se outorga ao xulgado do lugar a onde se trasladou o afectado, e non ao que adoptou a resolución autorizando o internamento (así, autos do 27 de marzo de 2012, rec. 41/2012; do 11 de maio de 2010 rec. 359/2009; e do 11 de decembro de 2008, rec. 204/2008)».

4.1.2 Procesos para a protección de dereitos fundamentais

O artigo 52.1.6 da LAC dispón que en materia de dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e en xeral en materia de protección civil de dereitos fundamentais, será competente o tribunal do domicilio do demandante, e cando non o teña en territorio español, o tribunal do lugar onde se producira o feito que vulnere o dereito fundamental de que se trate.

A norma acolle o foro do domicilio do demandante (*vide* ATS do 17 de xullo de 2018, rec. 151/2018). O foro inspírase na protección da persoa que sofre a ofensa, en particular para evitar desequilibrios cando a demandada é unha empresa de comunicación.

Achámonos ante unha norma procesual sobre atribución de competencia territorial cuxa finalidade é claramente protectora do prexudicado, por se tratar da denuncia de feitos de tal relevancia que afectan aos dereitos fundamentais, a cal vén a excluír a normal aplicación do foro propio do domicilio da parte demandada (STS núm. 26/2014, do 31 de xaneiro).

A STS núm. 26/2014, do 31 de xaneiro, aborda un suposto no que eran varios os demandantes e un deles tiña domicilio en Sevilla, polo que considera que «a competencia territorial dos xulgados de Sevilla para coñecer da demanda é incuestionable, pois a competencia territorial pode corresponder ao xuíz do domicilio de

calquera deles, sen que exista razón pola que o órgano competente deba ser o da cidade onde reside o outro demandante, nin hai motivo ningún polo que os autores non poidan optar, en caso de seren varios, polos tribunais do domicilio dun deles».

Ao interpretar este foro imperativo, o ATS do 10 de maio de 2017 (rec. 50/2017) conclúe declarando a competencia de Madrid, pois «o demandante tiña o seu domicilio en Madrid no momento de interpor a demanda, lugar onde traballaba e tiña a súa residencia habitual, con independencia de que constase aínda empadroado noutra localidade e demorara empadroarse en Madrid».

No ATS do 19 de outubro de 2010 (rec. 337/2010), pronunciado nun conflito de competencia nun procedemento de protección do dereito ao honor, pártese, para determinar o domicilio (e, xa que logo, a competencia), do que figura no poder que se achega canda a demanda.

Non se pode identificar como domicilio, para os efectos de determinar a competencia nestes procedementos, o domicilio do despacho no que o demandante presta os seus servizos (ATS do 28 de xaneiro de 2020, rec. 305/2019).

En relación coa solicitude por parte dunha empresa con domicilio social en Barcelona dunhas dilixencias preliminares dirixidas fronte a *Google Spain S.L.* e *Google Ireland Limited* co obxecto de que facilitasen o enderezo IP dun sitio web e de distintos usuarios para interpor unha demanda de protección do dereito ao honor, o ATS do 24 de setembro de 2019 (rec. 146/2019) declara que o órgano competente para coñecer das dilixencias preliminares solicitadas é o xulgado de primeira instancia da cidade en que ten o seu domicilio a entidade que pretende demandar a protección do dereito ao honor.

Nesta liña, o ATS do 2 de abril de 2019 (rec. 8/2019) resolveu un conflito de competencia no que se solicitaran unas dilixencias preliminares para a exhibición duns documentos co obxecto de presentar unha demanda de protección do dereito ao honor, pola indebida inclusión de determinados datos do solicitante nun ficheiro de morosos. Para o TS, «solicitada a práctica de dilixencias preliminares, o artigo 257.1 da LAC establece que a competencia vén determinada polo domicilio da persoa que, se for o caso, teña que declarar, exhibir ou intervir doutro modo nas actuacións que se acordaran

para preparar o xuízo. Engade que nos casos dos números 6º, 7º, 8º e 9º do apartado 1 do artigo anterior será competente o tribunal ante o que haxa que presentar a demanda determinada. Pois ben, pretendendo no presente caso o solicitante a exhibición de documentación para presentar unha demanda de protección ao honor pola súa inclusión indebida en ficheiro de morosos –que, conforme o artigo 52.1.6º da LAC, habería que presentar no domicilio do demandante–, tal suposto encadraríase dentro do ordinal 9º do apartado 1 do artigo 256 da LAC, sendo por tanto competente o tribunal ante o que haxa que presentar a demanda determinada».

4.1.3 Procesos matrimoniais

4.1.3.1 Marco xeral

Os foros xerais aparecen regulados no artigo 769 da LAC, que distingue segundo o procedemento sexa contencioso ou de mutuo acordo. O apartado cuarto dispón que o tribunal examinará de oficio a súa competencia e a nulidade dos acordos das partes que se opoñan ao disposto nese artigo.

4.1.3.2 Demanda de medidas provisionais previas sobre garda, custodia e alimentos de fillos menores

O artigo 771.1 da LAC incorpora unha regra competencial específica: «o cónxuxe que se propoña demandar a nulidade, separación ou divorcio do seu matrimonio pode solicitar os efectos e medidas a que se refiren os artigos 102 e 103 do Código civil ante o tribunal do seu domicilio».

O ATS do 29 de novembro de 2016 (rec. 1001/2016) explica a *ratio* deste foro: «na tramitación parlamentaria da LAC introduciuse unha emenda que pretendía fixar o foro competencial territorial para as medidas provisionais no xulgado competente para o procedemento principal (de modo similar a como determina a propia LAC no artigo 723 para as medidas cautelares). No entanto, a emenda non foi aceptada e o artigo 771.1 fixou un foro territorial diferente aos previstos con carácter xeral no artigo 769 da LAC, tomando en consideración a inmediatez e a facilidade que suporía para o solicitante acudir ao xulgado do seu propio domicilio [...] cando o artigo 771.1 da LAC atribúe a

competencia territorial para coñecer das medidas provisionais previas á demanda de nulidade, separación ou divorcio ao tribunal do domicilio do cónxuxe que formule a solicitude, establece un foro específico que se aparta dos foros xerais que para os procesos matrimoniais e de menores establece o artigo 769 [...]. O xulgado competente non é o do domicilio familiar, nin o do domicilio do demandado ou dos menores, senón o do cónxuxe que solicite a adopción destas medidas [...]. O lexislador xa tivo en conta a posibilidade de que as medidas provisionais as acordase un xulgado diferente ao competente para coñecer do proceso principal [...]. Por outro lado, non faltan opinións doutriniais que avogan por esta interpretación do artigo 771.1 da LAC baseada na idea de outorgar facilidades ao que se vexa na necesidade de pedir as medidas, para cuxa solicitude non se lle esixe sequera a intervención de procurador e avogado. O dito foro competencial en nada inflúe no proceso principal que, xa si, se substanciará nalgún dos lugares previstos no artigo 769 da LAC [...]. Non se debe esquecer o carácter destas medidas provisionais previas á demanda, que non pretenden regular dun modo estable as relacións entre os cónxuxes e destes cos fillos menores, senón que se limitan ás previstas nos artigos 102 e 103 do Código civil e que ademais quedarán sen efecto se dentro dos trinta días seguintes a contar desde que foron inicialmente adoptadas non se presenta a demanda ante o xuíz que, conforme o artigo 769 da LAC, sexa competente [...]. O exposto leva a considerar que o foro especial do artigo 771.1 da LAC cómpre interpretalo dun xeito acorde coas especiais facilidades que se lle deben conceder a quen formula a demanda ante unha perentoria necesidade de regular provisionalmente unha situación familiar xerada tras a separación de feito. As posibles dificultades derivadas do afastamento do xulgado competente respecto do último domicilio familiar en que puido quedar residindo o outro cónxuxe e os fillos menores poden solucionarse [...], ben porque non presente especiais dificultades o desprazamento ao xulgado do cónxuxe demandado e dos fillos, pola proximidade do xulgado co domicilio en que residan, ben porque se utilice o sistema de videoconferencia para a práctica das probas persoais, previsto no artigo 229 da LOPX para as “declaracións, interrogatorios, testemuños, acareos, exploracións, informes, ratificación dos periciais e vistas”».

O foro do artigo 771.1 da LAC tamén se considera aplicable á solicitude de medidas provisionais previas á demanda sobre garda, custodia e alimentos de fillo menor cando non haxa vínculo matrimonial (ATS do 26 de febreiro de 2019, rec. 34/2019; e do Pleno do 6 de febreiro de 2017, rec. 1070/2016).

En todos os supostos de medidas provisionais previas (haxa ou non matrimonio) débese ter presente que «inda que o xulgado ante o que se solicite a adopción destas medidas pode examinar de oficio a súa competencia territorial [...] non se pode admitir declinatoria fundada en falta de competencia territorial [...] conforme establece o apartado segundo do artigo 725 da LAC, aínda que o xulgado ante o que se formula a solicitude de medidas previas se considere territorialmente incompetente, deberá, non obstante, cando as circunstancias do caso o aconsellen, ordenar en prevención aquelas medidas cautelares que resulten máis urxentes, como poden ser as previstas no artigo 158 do Código civil, remitindo posteriormente os autos ao tribunal que resulte competente» (ATS do Pleno do 29 de novembro de 2016, rec. 1001/2016).

O TS dá criterios específicos para interpretar o concepto de domicilio neste procedemento: «é relativamente frecuente que, nas crises matrimoniais, un dos cónxuxes abandone o domicilio conxugal e pase a residir noutro domicilio diferente, xeralmente un lugar ao que o una algún vínculo (segunda residencia, domicilio dalgún familiar, etc.). Por tanto, nestes casos de crise matrimonial, o carácter de "habitualidade" á hora de determinar o domicilio dunha persoa debe ser interpretado dunha forma máis ampla e menos rigorosa ca noutros supostos, e non debe ser esixida unha proba exhaustiva sobre o dito carácter habitual [...]. Unha interpretación diferente vulneraría a lóxica e a finalidade do artigo 771.1 da LAC, consistente en facilitar que o cónxuxe que saíu do domicilio familiar poida solicitar esas medidas provisionais previas á demanda, de carácter urxente. Isto é incompatible coa esixencia de que se leve residindo un longo tempo nese lugar ou que o cambio de residencia conste en rexistros oficiais [...]. Por iso, a apreciación de situacións de fraude de lei por alteracións caprichosas do domicilio do cónxuxe solicitante que o afastara artificialmente do lugar en que segue a residir o outro cónxuxe e os fillos menores debe ser excepcional e ter bases sólidas» (ATS do 29 de novembro de 2016, rec. 1001/2016).

4.1.3.3 Procedementos de nulidade, separación e divorcio contenciosos

O artigo 769.1 da LAC establece foros sucesivos para determinar a competencia territorial nos procesos matrimoniais. No parágrafo primeiro do dito precepto dispónse que «salvo que expresamente se dispoña outra cousa, será tribunal competente para

coñecer dos procedementos a que se refire este capítulo o xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio conxugal. No caso de residiren os cónxuxes en distintos partidos xudiciais, será tribunal competente, á elección do demandante, o do último domicilio do matrimonio ou o de residencia do demandado».

O TS foi dando pautas para a esexese deste foro:

É doutrina reiterada que se os cónxuxes residen en partidos distintos, os foros alternativos do artigo 769.1 da LAC son enteiramente electivos (AATS do 24 de setembro de 2019, rec. 170/2019; e do 20 de decembro de 2017, rec. 194/2017).

O artigo 769.1 da LAC establece diversos foros sucesivos para fixar a competencia territorial nos procesos matrimoniais. «Quedando acreditado consonte o permiso de residencia en España que o último domicilio conxugal se encontraba na localidade de Getafe, domicilio polo que o demandante optou ao interpor alí a demanda, procede declarar a competencia territorial do Xulgado de Primeira Instancia de Getafe para coñecer do presente procedemento» (ATS do 4 de xullo de 2018, rec. 131/2018). Na mesma liña, por estar suficientemente acreditado o último domicilio do matrimonio pola documental achegada pola parte autora, os AATS do 29 de outubro de 2013, rec. 144/2013; e do 5 de xuño de 2012, rec. 100/2012.

O ATS do 24 de setembro de 2019 (rec.170/2019) considera acreditado que os cónxuxes residen en partidos xudiciais diferentes, que non consta o lugar de domicilio da demandada e si consta o último domicilio común do matrimonio, «tal e como afirma o demandante na demanda, e así consta na inscrición do matrimonio do Rexistro Civil», e por tales razóns se atribúe a competencia territorial ao xulgado de primeira instancia dese último domicilio.

«Alén da constancia real do domicilio conxugal, que segundo a parte demandante se encontraba en Parla, o certo é que o domicilio do demandado, tras a investigación domiciliaria practicada, se encontra tamén nesa localidade. Por esta razón, corresponde declarar a competencia territorial a favor do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Parla» (ATS do 5 de novembro de 2019, rec. 201/2019).

«Resulta acreditado que o domicilio que se fixo constar na declaración conxunta do IRPF pola parella foi na cidade de Santander, sen que o domicilio das empresas do autor poida resultar determinante, porque estas non fixan o domicilio das persoas, como tampouco a certificación de empadramento achegada pola esposa, dada a súa antigüidade [...] e referirse unicamente á demandada» (ATS do 2 de xullo de 2019, rec. 135/2019).

Para o ATS do 16 de febreiro de 2021 (rec. 290/2020), «no presente caso consta que ambos os cónxuxes residen en domicilios distintos, co que o demandante pode optar para fixar o ámbito competencial polo lugar do último domicilio do matrimonio ou do de residencia da demandada. No entanto, a demanda foi dirixida ao Xulgado de Primeira Instancia núm. 28 de Madrid fundamentando a competencia do dito xulgado no feito de que coñecera previamente da demanda de separación dos cónxuxes. Non obstante, do exame das actuacións non resulta dato ningún acreditativo de que o último domicilio conxugal radicase en Madrid, posto que cando se pronunciou a sentenza de separación –alegada polo demandante como fundamento da competencia territorial dos xulgados desta capital– os cónxuxes xa residían en distintos domicilios. Por tanto, ao non quedar suficientemente probado que o último domicilio conxugal estivera localizado na cidade de Madrid, procede atribuír a competencia ao tribunal do domicilio da demandada».

Como foro residual, o parágrafo 2º *in fine* do artigo 769.1 establece: «Os que non teñan domicilio nin residencia fixos poderán ser demandados no lugar en que se encontren ou no da súa última residencia, á elección do demandante, e se tampouco se pode determinar así a competencia, corresponderá esta ao tribunal do domicilio do demandante». Aplícase este foro no ATS do 19 de febreiro de 2019 (rec. 227/2018): «ao non quedar suficientemente probado que o último domicilio conxugal estivera localizado na localidade de [...] e encontrarse a demandada fóra de España, residindo en Estados Unidos, resulta de aplicación o artigo 769.1, parágrafo 2º, da LAC *in fine*, polo que o foro competencial corresponde ao xulgado do domicilio da parte autora».

4.1.3.4 Procedemento para a modificación de medidas definitivas

Consoante o apartado primeiro do artigo 775 da LAC, «o Ministerio Fiscal, habendo

fillos menores ou incapacitados e, en todo caso, os cónxuxes poderán solicitar do tribunal que acordou as medidas definitivas a modificación das medidas convidas polos cónxuxes ou das adoptadas en defecto de acordo, sempre que variasen substancialmente as circunstancias tidas en conta ao aprobalas ou acordalas».

Este foro é interpretado polo ATS do Pleno do 27 de xuño de 2016 (rec. 815/2016): «non se pode descoñecer que, fronte á virtualidade indubidable do foro de proximidade, manter a competencia do xulgado que adoptou as medidas cuxa modificación se pretende achega tamén vantaxes e que os inconvenientes que provoca non son insalvables. En primeiro lugar, este foro de competencia achega un factor de calidade na decisión de cambio das medidas, xa que é o xulgado que as adoptou o que se encontra en mellor posición para valorar se as circunstancias tidas en conta na resolución inicial sufriron unha modificación relevante. En segundo lugar, a atribución unívoca e exclusiva da competencia a ese xulgado é unha norma clara e precisa que garante a seguridade xurídica e evita conflitos de competencia como os que teñen sido tan frecuentes na aplicación do artigo 769 da LAC, ao tempo que evita posibles fraudes de lei por alteracións caprichosas do domicilio do proxenitor custodio».

No mesmo senso se pronuncian os AATS do 21 de xaneiro de 2020 (rec. 306/2019) e do 20 de xullo de 2016 (rec. 71/2013).

O ATS do 17 de setembro de 2019 (rec. 125/2019) engade a estes razoamentos que «o lexislador xa ponderou as vantaxes e os inconvenientes dunha solución que, unha vez convertida en dereito positivo, non pode ser obviada polos órganos xudiciais que aplican a norma, por esixencias básicas do principio de legalidade».

Cando o proceso de modificación de medidas que se promove afecta só a fillos maiores, o TS declarou que «claramente, resulta aplicable, en canto á competencia territorial se refire, o núm. 1 do artigo 769 da LAC» (ATS do 10 de setembro de 2013, rec. 71/2013).

Nun suposto en que as medidas que se pretendían modificar se adoptaron nun país estranxeiro, tras declarar a competencia internacional dos órganos xurisdiccionais españois, á vista da imposibilidade de aplicar o artigo 775 da LAC ao ser pronunciada a sentenza de divorcio por un órgano xurisdiccional de Rumanía, atribúese a competencia

para o coñecemento do asunto ao xulgado de primeira instancia do domicilio da menor, en aplicación do artigo 769.3 da LAC (ATS do 17 de setembro de 2019, rec. 125/2019).

Cando se promoven dilixencias preliminares para preparar unha futura demanda de modificación de medidas dun procedemento previo de separación, divorcio ou medidas sobre fillos menores de idade, «non é aplicable o artigo 775.1 da LAC, xa que non estamos ante unha demanda de modificación de medidas, senón ante un solicitude de dilixencias preliminares formulada ao amparo do artigo 256.1.2º da LAC, e de cuxo resultado dependerá a interposición ou non da demanda de modificación de medidas. Por esta razón, a competencia corresponde aos xulgados do domicilio da persoa que teña que exhibir os documentos» (ATS do 3 de novembro de 2016, rec. 1046/2016).

4.1.3.5 Procedemento para adopción de medidas urxentes previas á demanda de modificación de medidas

Será competente o xulgado que o sexa para coñecer da demanda principal (ATS do 27 de maio de 2015, rec. 68/2015)

4.1.3.6 Medidas paterno-filiais sobre garda e custodia e alimentos dun menor

O apartado terceiro do artigo 769 da LAC dispón para estes casos que será competente o xulgado de primeira instancia do lugar do último domicilio común dos proxenitores. No caso de residiren os proxenitores en distintos partidos xudiciais, será tribunal competente, á escolla do demandante, o do domicilio do demandado ou o da residencia do menor.

Este réxime especial de competencia «encontra o seu fundamento na circunstancia de que a tutela dos intereses dos menores –coma a dos incapacitados– se obterá máis facilmente ante os xulgados dos seus propios domicilios, evitándolles os dispendios e trastornos que xeralmente adoita comportar o soster o litixio en puntos afastados do mesmo (ATS do 19 de novembro de 2013, rec. 176/2013).

«A competencia territorial para coñecer das medidas paterno-filiais sobre garda e custodia e alimentos dun menor, conforme o artigo 769.3 da LAC, vén determinada,

dado que os proxenitores residen en distintos partidos xudiciais, aos xulgados do domicilio da parte demandada ou da residencia do dito menor, á elección do demandante» (AATS do 3 de marzo de 2020, rec. 16/2020; do 19 de novembro de 2019, rec. 213/2019; e do 27 de novembro de 2018, rec. 211/2018).

«Se ben, certamente, o artigo 771 da LAC resulta ser o específico precepto baixo cuxo abeiro se interpón a demanda, o certo é que, como di o fiscal, non é aplicable, xa que non se presenta proba ningunha que acredite o matrimonio entre o demandante e a demandada, nin se xustifica unha convivencia entre ambos, debendo atenderse ao disposto no artigo 769.3 da LAC» (ATS do 3 de decembro de 2013, rec. 186/2013).

Suscitan problemas os supostos de itinerancia do menor. O ATS do 7 de maio de 2019 (rec. 54/2019) ofrece unha solución: acreditado o carácter itinerante da residencia do menor, que é trasladado a distintas poboacións, procede declarar a competencia do xulgado de primeira instancia respecto de cuxa competencia se suxeitaron as partes, pois foi ante ese órgano onde se interpuxo a demanda, se contestou a mesma, se practicou a proba pericial psicosocial da realidade familiar do menor e a conveniencia ou non das medidas solicitadas, e as partes compareceron ao acto do xuízo.

4.1.3.7 Solicitude de eficacia civil de sentenza canónica de nulidade matrimonial

Aplícase o foro do artigo 769.1 da LAC (xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio conxugal, e en caso de residiren os cónxuxes en distintos partidos xudiciais, o do último domicilio do matrimonio ou o de residencia do demandado). A opción corresponde ao demandante (ATS do 12 de febreiro de 2019, rec. 7/2019).

4.1.4 Procedementos sobre menores

4.1.4.1 Procedementos de oposición a medidas de protección de menores

Consonte o artigo 779 da LAC, «será competente para coñecer destes o xulgado de primeira instancia do domicilio da entidade pública».

A disposición derradeira 22ª da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección

xurídica do menor, aclara que as entidades públicas protectoras son as designadas polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, de acordo coas súas respectivas normas de organización.

Será, pois, foro aplicable o do domicilio do órgano que, en virtude das normas autonómicas de atribución de competencias, proferira a resolución recorrida, que pode ser unha consellería do Goberno autonómico, unha dirección xeral ou unha delegación provincial da consellería competente. Nestes supostos non se pode aplicar o foro supletorio que o artigo 779 da LAC introduce coa expresión «e, na súa falta», pois se se está a impugnar unha resolución administrativa, sempre haberá unha entidade pública que a adoptou.

Con base nestas disposicións, o ATS do 25 de xuño de 2019 (rec. 88/2019) declara que «en atención ao foro competencial aplicable, domicilio da entidade pública, tanto en Santa Cruz coma en Las Palmas existe delegación da consellería do Goberno autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de asuntos sociais, pero como a resolución de desamparo á que neste procedemento se opón a nai dos menores foi proferida pola Dirección Xeral de Protección á Infancia e ao Menor do Goberno de Canarias con sede en Las Palmas de Gran Canaria, a competencia territorial debe ser asumida polo xulgado de primeira instancia [...] desta localidade, ante o que a nai formulou a oposición, e ao ser precisamente a entidade con sede na dita cidade a que se ocupou da protección dos menores».

4.1.4.2 Procedementos sobre subtracción internacional de menores

Conforme o apartado segundo do artigo 778 quáter da LAC, «nestes procesos, será competente o xulgado de primeira instancia da capital da provincia, de Ceuta ou Melilla, con competencias en materia de dereito de familia, en cuxa circunscrición se encontre o menor que fose obxecto dun traslado ou retención ilícitos, de habelo, e, no seu defecto, aquel ao que por quenda de repartición lle corresponda. O tribunal examinará de oficio a súa competencia».

A interpretación deste foro é analizada na epígrafe 8.4.2 da Circular 6/2015, do 17 de novembro, sobre aspectos civís da subtracción internacional de menores, cuxo contido

debe agora darse por reproducido.

4.1.4.3 Procedemento para autorizar a entrada en domicilios e restantes lugares para a execución forzosa das medidas de protección de menores

Consoante o artigo 778 ter, apartado primeiro, da LAC, «a entidade pública deberá solicitar ao xulgado de primeira instancia con competencia no lugar onde radique o seu domicilio autorización para a entrada en domicilios e restantes edificios e lugares cuxo acceso requira o consentimento do seu titular ou ocupante, cando iso sexa necesario para a execución forzosa das medidas adoptadas por ela para a protección dun menor. Cando se trate da execución dun acto confirmado por unha resolución xudicial, a solicitude dirixirase ao órgano que a ditou».

4.1.4.4 Procedementos sobre adopción

Os pronunciamentos da Circular 1/2001 sobre a competencia territorial en materia de adopción deben considerarse superados tras a publicación da LXV, que dispón no seu artigo 33 que nos «expedientes sobre adopción, será competente o xulgado de primeira instancia correspondente á sede da entidade pública que teña encomendada a protección do adoptando e, no seu defecto, o do domicilio do adoptante».

Conforme o artigo 779 da LAC, nos supostos dos artigos 179 do CC (procesos para excluír o adoptante dos dereitos e deberes derivados da adopción, de maneira análoga e polas mesmas causas previstas para a privación da patria potestade) e 180 do CC (proceso de extinción da adopción a pedimento do proxenitor que, sen ser pola súa culpa, non interveu no expediente de adopción) será competente o tribunal do domicilio do adoptante.

En relación cunha demanda de expediente de xurisdición voluntaria dunha persoa adoptada para obter acceso a documentos dun hospital que puidese facilitar información do seu parto e da identidade dos seus pais biolóxicos, consonte a previsión do artigo 180.3 do CC, o ATS do 2 de marzo de 2016 (rec. 189/2015) declara competente o xulgado do domicilio da demandante, que estaba en localidade distinta á do hospital. O TS considera que «non estamos ante un suposto de protección de dereitos fundamentais

ao que sería aplicable o disposto no artigo 52, suposto 6º, da LAC, senón simplemente ante a petición de consulta de libros e arquivos do hospital en que naceu a fin de coñecer a identidade dos seus pais biolóxicos, para cuxa consulta o hospital esixe autorización xudicial, sen que se prevexa para tal suposto que o xulgado competente sexa o do lugar onde se teña que producir a exhibición».

4.1.4.5 Procedemento para adoptar medidas urxentes sobre fillo menor

Conforme a LXV, e xa sexa a tramitación da solicitude pola vía da sección relativa a «Da intervención xudicial nos casos de desacordo no exercicio da patria potestade», xa sexa pola da sección «Das medidas de protección relativas ao exercicio inadecuado da potestade de garda ou de administración dos bens do menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente», en ambos os casos, consonte o artigo 86 no primeiro suposto e consonte o artigo 87, da LXV, no segundo, «será competente o xulgado de primeira instancia do domicilio, ou, na súa falla, da residencia do menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente» (ATS do 9 de marzo de 2016, rec. 34/2016).

4.1.4.6 Procedemento para autorizar o ingreso en centros de menores con problemas de conduta

A cuestión é abordada na epígrafe 4.2 da Circular 2/2016, do 24 de xuño, sobre o ingreso de menores con problemas de conduta en centros de protección específicos, cuxo contido debe agora darse por reproducido.

4.1.4.7 Procedemento ordinario para a privación da patria potestade

O criterio a aplicar é o foro competencial previsto no artigo 769.3 da LAC, conforme ten sostido reiteradamente a Sala Primeira do TS, entre outros nos AATS do 26 de febreiro de 2019 (rec. 81/2018), do 2 de marzo de 2016 (rec. 244/2015), do 7 de outubro de 2014 (rec. 124/2014), do 14 de maio de 2013 (rec. 200/2012), do 13 de novembro de 2012 (rec. 200/2012) ou do 2 de outubro de 2012 (rec. 146/2012).

Nun suposto de ignorado domicilio do demandado, o ATS do 9 de maio de 2018 (rec. 76/2018) declarou que «o artigo 769 da Lei de azuizamento civil, a fin de atribuír a

competencia para coñecer dos procesos a que se refire o capítulo IV do título primeiro do libro cuarto, establece diferentes criterios, segundo que os mesmos teñan por obxecto situacións de crise matrimonial ou versen exclusivamente sobre garda e custodia ou alimentos relativos a fillos menores; nestes últimos, e para o caso de residiren os proxenitores en distintos partidos xudiciais, o apartado 3º do citado precepto concédelle ao demandante a alternativa de optar entre o tribunal do domicilio do demandado ou o da residencia do menor. De conformidade co exposto, no suposto examinado, ao residiren os proxenitores en distintos partidos xudiciais e a menor xunto a súa nai na localidade de Zaragoza, e optando a demandante polo domicilio de residencia do menor coa presentación da demanda, procede, de acordo co Ministerio Fiscal, declarar competente para o coñecemento da causa de referencia o Xulgado de Primeira Instancia núm. 13 de Zaragoza».

4.1.5 Concurso de acredores

O artigo 10.1 da Lei 22/2003, de 9 xullo, concursal (en diante, LC), dispón no seu inciso primeiro que a competencia para declarar e tramitar o concurso lle corresponde ao xuíz do mercantil en cuxo territorio teña o debedor o centro dos seus intereses principais.

O propio artigo 10.1, parágrafo segundo, da LC, tomándoo do preámbulo do Regulamento CE 1346/2000, dá un concepto legal do que debe entenderse por centro dos intereses principais do debedor: «por centro dos intereses principais entenderase o lugar onde o debedor exerce de modo habitual e recoñecible por terceiros a administración de tales intereses. En caso de debedor persoa xurídica, presúmese que o centro dos seus intereses principais se atopa no lugar do domicilio social. Será ineficaz para estes efectos o cambio de domicilio efectuado nos seis meses anteriores á solicitude do concurso».

Para os efectos do cómputo do prazo de seis meses debe terse presente o ATS do 11 de marzo de 2009 (rec. 195/2008): «o inciso último do parágrafo segundo do artigo 10.1 da Lei concursal, tendente a evitar que a competencia territorial poida ser determinada pola vontade do propio debedor, debe ser interpretado no sentido de que o termo inicial para computar o prazo de seis meses é a data de publicación do cambio de domicilio social no *Boletín Oficial del Registro Mercantil*, non a data do acordo social correspondente,

dada a evidente transcendencia para terceiros que, pola súa propia natureza, ten a declaración de concurso».

O apartado cuarto do artigo 10 LC aclara que se trata dun foro imperativo.

A *ratio* do foro é clara: trátase de facilitar o obxecto do proceso, radicándoo no lugar onde o concursado exerceu a súa actividade e impedindo que o concurso se tramite de costas aos acredores e que un cambio de domicilio do debedor poida entorpecer as reclamacións destes.

A Instrución 1/2013, do 23 de xullo, sobre a intervención do fiscal no proceso concursal, aínda que non aborda cuestións relativas á competencia territorial, sinala que «deberán igualmente coñecer as seccións do civil das cuestións de competencia que se poidan suscitar».

Interpretan este foro especial os AATS do 18 de xaneiro de 2017 (rec. 1019/2016), do 21 de maio de 2013 (rec. 56/2013) e do 25 de maio de 2010 (rec. 200/2010).

O centro dos intereses principais do debedor determinante da competencia pode non coincidir co estatutario da sociedade debedora, sendo aquel preferente. Neste sentido se pronuncia o ATS do 6 de abril de 2010 (rec. 404/2009), que declara que «no presente caso será xulgado competente o do lugar onde o debedor solicitante e persoa xurídica teña o centro dos seus intereses principais; e da documentación presente nas actuacións despréndese que o centro principal de administración dos seus intereses non coincide co estatutario senón que, ao menos na actualidade, radica en Ávila, onde a parte solicitante do concurso aparece que realizaba de modo habitual e recoñecible por terceiros a administración dos ditos intereses, debendo considerarse terceiros os contratantes e agora acredores, nunca os administradores da sociedade solicitante do concurso, polo que o xulgado competente será o de primeira instancia núm. 1 da citada localidade. O que por outro lado favorecerá a constitución como parte dos acredores e favorecerá a actuación da Administración concursal, ao encontrarse a práctica totalidade dos bens da solicitante na cidade de Ávila». No mesmo senso, o ATS do 16 de febreiro de 2021, rec. 282/2020, que declara que «a presunción de que o centro de intereses principais dunha persoa xurídica é o seu domicilio social debe entenderse *iuris tantum*, polo que cabe

proba en contrario».

Conforme o ATS do 21 de maio de 2013 (rec. 56/2013), «o presente conflito de competencia territorial debe resolverse en favor do Xulgado do Mercantil núm. 11 de Zaragoza [...] partindo da documental achegada, resulta que o centro dos seus intereses principais se atopa en Zaragoza, xa que é nesta localidade onde se encontraban os locais abertos ao público, aquí prestaban o seu traballo os empregados da sociedade, ademais de que o maior número de acredores se encontran na mesma, mentres que en Logroño só se encontra o domicilio do administrador único e se celebraron xuntas de accionistas».

O que determina a atribución de competencia non é o desenvolvemento da actividade fixada como obxecto social, senón cal é o centro administrativo da entidade (ATS do 16 de febreiro de 2021, rec. 282/2020).

O inciso segundo do artigo 10.1 LC dispón que «se o debedor ten ademais en España o seu domicilio e o lugar deste non coincide co centro dos seus intereses principais, será tamén competente, á elección do acredor solicitante, o xuíz do mercantil en cuxo territorio radique aquel». Cumpríndose ambas as premisas, o foro, mantendo o seu carácter imperativo, faculta ao acredor para elixir entre dúas opcións.

O ATS do 25 maio 2010 (rec. 1213/2009) declara que a norma sobre o domicilio do debedor como foro electivo non é aplicable analoxicamente ao concurso voluntario: «o espírito e finalidade da norma competencial é o de lles facilitar a acredores, en xeral a terceiros, o coñecemento da existencia dun procedemento xudicial de concurso do debedor, de maneira que a dita facilidade será garantida se o concurso se tramita no partido xudicial correspondente ao lugar en que radique o centro dos intereses principais do debedor [...], xa que noutro caso, e admitindo a aplicación analóxica da norma competencial ao suposto do concurso voluntario, de maneira que este poida optar polo lugar do seu domicilio cando este sexa diferente ao do centro dos seus intereses principais, suporía que o procedemento concursal se tramitase en lugar que podería ser non coñecido por acredores, na medida en que no dito lugar non se centraron as operacións mercantís, comerciais ou doutra orde entre o debedor e terceiros, cando o que se pretende a través do conxunto da lexislación concursal é facilitar o coñecemento

e acceso de acredores ao procedemento xudicial, para os efectos de garantir a efectividade dos seus créditos fronte á masa concursal».

De conformidade co ATS do 21 de xullo de 2020 (rec. 108/2020), «a competencia territorial para a declaración de concurso establécea o artigo 10.1 da Lei concursal. Este precepto, entre outros particulares, establece que a competencia para declarar e tramitar o concurso lle corresponde ao xuíz do mercantil en cuxo territorio teña o debedor o centro dos seus intereses principais, e por centro dos intereses principais entenderase o lugar onde o debedor exerce de modo habitual e recoñecible por terceiros a administración de tales intereses. En caso de debedor persoa xurídica, presúmese que o centro dos seus intereses principais se atopa no lugar do domicilio social [...]. No presente conflito, dado que se trata dun concurso voluntario, non cabe aplicar o domicilio do debedor como foro electivo ao do centro de intereses, nin o feito de alcanzarse un acordo extraxudicial de pago no actual domicilio do solicitante do concurso pode condicionar a competencia».

Cómpre ter presente que o artigo 8.1 da LC lle atribúe ao xuíz do concurso a competencia exclusiva e excluínle para coñecer das «accións civís con transcendencia patrimonial que se dirixan contra o patrimonio do concursado, con excepción das que se exerciten nos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores»; que o artigo 8.3 da LC prevé a competencia exclusiva e excluínle do xuíz do concurso para «toda execución fronte aos bens e dereitos de contido patrimonial do concursado»; e que conforme o artigo 50.1 da LC, «os xuíces da orde civil e da orde social ante os que se interpoña demanda da que deba coñecer o xuíz do concurso de conformidade co previsto nesta lei absteranse de coñecer, previndo as partes que usen do seu dereito ante o xuíz do concurso. De se admitiren a trámite as demandas, ordenarase o arquivo de todo o actuado, carecendo de validez as actuacións que se practicasen».

Consoante estas disposicións, o ATS do 16 de xullo de 2019 (rec. 157/2019), ao resultar acreditado que o concurso foi declarado en data anterior á admisión a trámite do xuízo cambiario, declara que «o xulgado non debeu admitir a trámite a demanda, xa que carecía de competencia obxectiva, senón que polo contrario, de conformidade co disposto no artigo 50.1 da LC, debeu de absterse de coñecer, acordando o arquivamento do actuado e advertir á parte autora de que debía presentar a demanda ante o xulgado do

mercantil que coñecía do concurso. Ao non o facer así, as actuacións levadas a cabo son nulas e, polo tanto, non podía declararse incompetente territorialmente quen carecía de competencia obxectiva *ab initio*». É por iso que o TS, ante o conflito de competencia territorial, declara competente o xulgado que admitiu a trámite o xuízo cambiario, «sen prexuízo de que este actúe de conformidade co disposto no artigo 50.1 da LC».

Pola contra, os xuízos declarativos en que o debedor sexa parte e se encontren en tramitación no momento da declaración de concurso, continuarán ata a firmeza da sentenza por aplicación do artigo 51.1 da LC (AATS do 22 de novembro de 2011, rec. 196/2011; e do 12 de febreiro de 2009, rec. 212/2008).

Esta regra ten, pola súa vez, unha excepción, establecida no parágrafo segundo do artigo 51.1 LC: «acumularanse de oficio ao concurso, sempre que se encontren en primeira instancia e non finalizase o acto de xuízo ou a vista, todos os xuízos por reclamación de danos e perdas á persoa xurídica concursada contra os seus administradores ou liquidadores, de feito ou de dereito, e contra os auditores».

Cando «a demanda dirixida contra o patrimonio do concursado é posterior á aprobación do convenio, non opera a atribución de competencia exclusiva e excluínse prevista no artigo 8 da Lei 22/2003 a favor do xuíz do concurso. Todo isto sen prexuízo de que o crédito que se poida recoñecer nunha hipotética sentenza acolledora, de ser anterior á declaración de concurso, quedará afectado por este, e en concreto pola extensión dos efectos do convenio prevista no artigo 143.1» (ATS do 14 de maio de 2012, rec. 178/2011).

En relación coa comunicación notarial de apertura das negociacións remitida ao xulgado, non cabe suscitar conflitos de competencia. O artigo 242 bis da LC dispón que «o notario, unha vez constatada a suficiencia da documentación achegada e a procedencia da negociación do acordo extraxudicial de pagamentos deberá, de oficio, comunicar a apertura das negociacións ao xulgado competente para a declaración do concurso». O TS considera que se trata dunha mera comunicación notarial que non predetermina en absoluto a competencia para a tramitación dun eventual concurso posterior e que non esixe por parte do xulgado a tramitación de proceso ningún. «As regras de competencia territorial do concurso, previstas no artigo 10 da LC con carácter

imperativo, aplicaranse se, e só se, o concurso é declarado con posterioridade, polo que ao xulgado receptor da comunicación notarial non lle corresponde facer unha análise prospectiva da futura competencia en caso de concurso, bastando o mero rexistro e o cumprimento do disposto –de estar no caso– polo artigo 5 bis da LC» (ATS do 29 de marzo de 2017, rec. 9/2017).

O ATS do 18 de xaneiro de 2017 (rec. 1019/2016) declara que «cabe integrar os artigos 242.1 e 232.3 da LC, en relación co artigo 10.1 da LC, e entender que a competencia territorial para coñecer do concurso consecutivo dun debedor persoa natural non comerciante que se solicite “pola imposibilidade de alcanzar un acordo extraxudicial de pagos ou polo seu incumprimento”, corresponde ao xulgado do domicilio do debedor, bardante que se acredite que non coincide co centro dos seus intereses principais, en cuxo caso a competencia corresponderá ao xuíz de onde se atope situado este centro dos intereses principais do debedor».

«Cando concorran unha pluralidade de debedores terá preferencia o domicilio do debedor con maior pasivo» (ATS do 14 de xaneiro de 2014, rec. 199/2013).

O Real decreto lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, entrou en vigor o pasado 1 de setembro de 2020.

A materia analizada non sofre modificacións de entidade, salvo na numeración dos artigos. A competencia obxectiva para os xuíces do mercantil asígnase no artigo 44.1, coa excepción da competencia para os xuíces de primeira instancia para declarar e tramitar o concurso de acredores dunha persoa natural que non sexa empresario, prevista no artigo 44.2.

A competencia territorial pasa a regularse no artigo 45, manténdose o foro do xuíz en cuxo territorio teña o debedor o centro dos seus intereses principais, a presunción de que o debedor persoa xurídica ten o centro dos seus intereses no lugar do domicilio social, a ineficacia do cambio de domicilio nos seis meses anteriores e mais a posibilidade de demandar ante o xuíz do domicilio do debedor se tanto este coma o centro dos seus intereses principais radica en territorio español.

O exame de oficio da competencia territorial pasa a regularse no artigo 50.

O artigo 52.2 considera a xurisdición do xuíz do concurso exclusiva e excluínte para as execucións relativas a créditos concursais ou contra a masa sobre os bens e dereitos do concursado integrados ou que se integren na masa activa, calquera que sexa o tribunal ou a autoridade administrativa que a ordenara, sen máis excepcións ca as previstas nesta lei.

O artigo 142 regula a prohibición de inicio de execucións e premas.

Conforme o artigo 136.1.1ª, desde a declaración de concurso, e ata a data de eficacia do convenio ou, se non se aprobou o convenio ou o aprobado se incumpriu, ata a conclusión do procedemento, [...] os xuíces da orde civil e da orde social non admitirán a trámite as demandas que se presenten nas que se exerciten accións que sexan competencia do xuíz do concurso, previndo as partes de que usen do seu dereito ante este último.

O artigo 137 regula a continuación de xuízos declarativos en tramitación, e o 138 a acumulación dos xuízos declarativos en tramitación nos que se exercitaran accións de responsabilidade contra os administradores e asimilados.

O artigo 583 regula a comunicación da apertura de negociacións.

4.1.6 Procesos de filiación

Os procesos de filiación (artigo 748.2º da LAC) carecen de previsión legal específica en canto á competencia territorial. Ao tratarse de asuntos que se deben decidir polo xuízo verbal, que é o proceso a que remite o artigo 753.1 da LAC, debe concluírse que non será válida a submisión expresa nin tampouco a tácita, segundo resulta do disposto no artigo 54.1 da LAC. Á falla de foro especial, haberá que aplicar o foro xeral relativo ao domicilio ou residencia do demandado (artigo 50 da LAC).

Por tanto, nestes procesos a demanda réxese imperativamente polo foro do domicilio do demandado (AATS do 8 de xuño de 2019, rec. 128/2019; do 15 de xaneiro de 2019, rec.

220/2018; do 27 de maio de 2014, rec. 53/2014; ou do 24 de setembro de 2013, rec. 148/2013).

4.1.7 Xuízo de alimentos

A conclusión da Consulta 3/2005, do 2 de decembro, sobre a intervención do Ministerio Fiscal no xuízo de alimentos do artigo 250.1.8º da Lei de axuízamento civil cando se insta a favor de menores de idade, foi a de que «o Ministerio Fiscal debe intervenir nos procedementos de reclamación de alimentos que sigan os trámites do xuízo verbal do artigo 250.1.8º da LAC, sempre que a pretensión se exercite a favor de menores de idade ou incapaces, en atención ao interese público afectado cuxa salvagarda ten encomendada».

O artigo 250.1.8º da LAC dispón: «decidiranse en xuízo verbal, calquera que sexa a súa contía, as demandas seguintes: [...] as que soliciten alimentos debidos por disposición legal ou por outro título».

Nestes procedementos, á falla dun foro especial, aplicarase o foro do domicilio do demandado con carácter imperativo (*vide*, neste sentido, ATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 247/2019).

O ATS do 5 de febreiro de 2019 (rec. 253/2018) resolve un conflito xurdido en virtude dunha demanda de xuízo verbal de reclamación de alimentos formulada polo pai demandante a favor do fillo común dos litigantes, maior de idade, fronte á nai. O TS considera que se trata dunha reclamación autónoma de alimentos fronte a un proxenitor a favor dun fillo maior de idade, nacido dunha unión de feito, e a acción de petición de alimentos a favor de fillos maiores non está comprendida nos «procesos matrimoniais» que regula o libro IV da LAC, que, por decisión expresa do lexislador, en relación coas parellas non casadas só contempla as cuestións que afecten aos fillos menores (artigos 748.4º, 769.3 e 770.6ª da LAC). Non estamos ante unha medida complementaria á tramitación dun procedemento dirixido a poñer fin a unha relación de parella sobre garda e custodia doutros fillos menores que, por razóns de economía procesual, xustifique a tramitación conxunta da dita petición. Nin nun posterior procedemento de modificación de medidas en relación con ese fillo. Por conseguinte, a reclamación de

alimentos, de acordo co artigo 250.1.8º da LAC, decidírase polo xuízo verbal, calquera que sexa a súa contía. E conforme o disposto no artigo 54.1 da LAC, resulta aplicable o foro xeral relativo ao domicilio ou residencia do demandado (artigo 50 da LAC).

En canto ás demandas interpostas polo avogado do Estado en aplicación do Regulamento (CE) núm. 4/2009 do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativo á competencia, á lei aplicable, ao recoñecemento e execución das resolucións e á cooperación en materia de obrigas de alimentos, o foro aplicable será o do domicilio do demandado (*vide* ATS do 10 de xuño de 2015, rec. 79/2015), sen prexuízo de que sexa tamén simultaneamente aplicable o foro do Estado (o domicilio do demandado determinaría a capital de provincia na que debe presentarse a demanda).

4.1.8 Disposicións xerais sobre xurisdición voluntaria

Abórdase a competencia territorial nestes expedientes na Circular 9/2015, do 22 de decembro, sobre a intervención do Ministerio Fiscal na nova Lei da xurisdición voluntaria, cuxo contido debe darse agora por reproducido (epígrafe 2.6). Sen prexuízo disto, farase referencia a algúns destes expedientes noutras epígrafes da presente circular, pola conexión que gardan con materias que recomendan un tratamento específico unificado.

Cómpre salientar que estes expedientes se rexen sempre por foros imperativos e que en caso de que o xulgado non se considere competente, debe remitilo ao que considere que o sexa (artigo 16.3 da LXV), agás que se trate dun acto de conciliación, expediente que se rexe polo disposto no artigo 140 da LXV, de acordo co cal se tras a realización das correspondentes indagacións sobre o domicilio ou residencia, estas son infrutuosas ou o requirido de conciliación é localizado noutro partido xudicial, procede dar por terminado o expediente e reservar ao solicitante da conciliación o dereito a promover de novo o expediente ante o xulgado competente (*vide* ATS do 30 de novembro de 2016, rec. 1036/2016).

É de interese facer referencia ao expediente de consignación xudicial, sometido a un foro especial contido no artigo 98.2 da LXV, que dispón que «será competente o xulgado de primeira instancia correspondente ao lugar onde se deba cumprir a obriga e,

se se pode cumprir en distintos lugares, calquera deles á elección do solicitante. No seu defecto, será competente o que corresponda ao domicilio do debedor». O ATS do 24 de xaneiro de 2018 (rec. 202/2017) declara que «ante tal falta de determinación do concreto lugar en que debe ser cumprida a obriga, o procedente é acudir ao foro subsidiario que prevé o artigo 98.2 da LXV (domicilio do debedor), que, ademais, coincide coa regra xeral sobre o lugar do pago contida no artigo 1171 do CC». O ATS do 29 de setembro de 2020 (rec. 136/2020), en relación cunha consignación por parte dunha aseguradora en concepto de indemnización por accidente, declara que «o lugar onde acontece o sinistro carece de relevancia para os efectos de determinar a competencia territorial neste expediente de xurisdición voluntaria. Ante tal falta de determinación do concreto lugar en que debe ser cumprida a obriga, o procedente é acudir ao foro subsidiario que prevé o artigo 98.2 da LXV (domicilio do debedor), que, ademais, coincide coa regra xeral sobre o lugar do pago contida no artigo 1171 do CC». Tamén en relación cun expediente de consignación xudicial, o ATS do 15 de decembro de 2020 (rec. 240/2020) declara que «no presente caso as partes acordaron que o cumprimento da obriga se faría na conta aberta polo arrendador nunha sucursal de Bancaja sita en Elx, polo que concorre o foro principal indicado nas normas citadas. Estas non fan referencia ao lugar onde se encontra sito o predio arrendado».

4.2 Procesos en que o/a fiscal non ten a calidade de parte ou de interveniente

4.2.1 Xuízo verbal

Como xa se expuxo, no xuízo verbal non é válida a submisión expresa nin tampouco a tácita, segundo resulta do disposto no artigo 54.1 da LAC. A competencia territorial determínase –calquera que sexa a pretensión exercitada no xuízo verbal– sempre de forma imperativa consonte os foros legalmente establecidos para cada caso: en primeiro lugar, o foro especial que corresponda conforme as previsións do artigo 52 da LAC; e, na súa falla, os foros xerais relativos ao domicilio ou residencia do demandado (artigo 50 da LAC para as persoas físicas e artigo 51 para as persoas xurídicas e entes sen personalidade) –*ad exemplum*, os AATS do 16 de xullo de 2019 (rec. 151/2019) ou do 25 de xuño de 2019 (rec. 123/2019)–.

4.2.2 Proceso cambiario

Conforme o artigo 820 da LAC, «será competente para o xuízo cambiario o xulgado de primeira instancia do domicilio do demandado».

O artigo 820 da LAC establece para o xuízo cambiario unha regra de competencia territorial de carácter imperativo, na que se determina que será competente para o seu coñecemento o xuíz de primeira instancia do domicilio do demandado, foro imperativo que debe ser apreciado de oficio e que exclúe, por conseguinte, a submisión expresa e tácita (AATS do 10 de novembro de 2020, rec. 144/2020; do 10 de setembro de 2019, rec. 171/2019; do 9 de xullo de 2019, rec. 114/2019; e do 9 de outubro de 2018, rec. 113/2018).

Cando se trata dun xuízo cambiario contra varios demandados con domicilios distintos, é aplicable o artigo 820 da LAC, que establece que será competente o domicilio de calquera deles, e mais o artigo 53 da LAC, que atribúe esta elección ao demandante; por conseguinte, a demanda poderase presentar ante calquera deles, á escolla do demandante (ATS do 29 de outubro de 2013, rec. 161/2013).

O domicilio transcendente para efectos de determinar a competencia é o que tiña o demandado ao tempo de se presentar a demanda (*vide* AATS do 22 de novembro de 2011, rec. 180/2011; e do 28 de setembro de 2010, rec. 386/2010).

O foro determínase polo domicilio social do demandado. Carece de transcendencia, para os presentes efectos, que o requirimento de pago se faga a persoa que ten domicilio en lugar distinto e que as accións da sociedade anónima sexan de titularidade de persoa con outro domicilio (ATS do 12 de novembro de 2004, rec. 74/2004).

Domicilio das sociedades mercantís é o que conste no Rexistro Mercantil (AATS do 18 de maio de 2016, rec. 153/2016; e do 17 de xaneiro de 2014, rec. 205/2013). E tan só se é imposible coñecer o domicilio social se poderá ter en conta o domicilio fiscal para fixar a competencia (ATS do 25 de maio de 2010, rec. 171/2010). Isto aplícase tanto para o xuízo cambiario coma para o proceso monitorio contra as sociedades mercantís, sen prexuízo de que se teña en conta o domicilio fiscal coñecido para o emprazamento e citación da entidade demandada (ATS do 1 de outubro de 2019, rec. 129/2019).

En relación co expediente por extravío de nota promisorio, «de conformidade cos artigos 84 a 87 da Lei 19/1985, cambiaria e do cheque, e en concreto co artigo 85, que por remisión do artigo 96 da mesma lei é aplicable á nota promisorio, e sendo que o citado artigo 85, no seu parágrafo primeiro, na redacción dada polo artigo sétimo da Lei 13/2009 [...], establece que será tribunal competente o da localidade fixada na letra para o seu pagamento» (ATS do 14 de maio de 2013, rec. 10/2013).

4.2.3 Procedemento para adoptar dilixencias preliminares

De conformidade co artigo 257 da LAC, «será competente para resolver sobre as peticións e solicitudes a que se refire o artigo anterior o xuíz de primeira instancia ou do mercantil, cando proceda, do domicilio da persoa que, se é o caso, teña que declarar, exhibir ou intervir doutro modo nas actuacións que se acorden para preparar o xuízo. // Nos casos dos números 6º, 7º, 8º e 9º do número 1 do artigo anterior, será competente o tribunal ante o cal se deba presentar a demanda determinada. Se, nestes casos, se solicitan novas dilixencias a raíz do resultado das ata entón practicadas, poderán instarse do mesmo tribunal ou ben do que, a raíz dos feitos coñecidos na anterior dilixencia, resultaría competente para coñecer da mesma pretensión ou de novas pretensións que poidan eventualmente acumularse».

O apartado segundo do artigo 257 da LAC establece unha regra de procedemento competencial singular: «non se admitirá declinatoria nas dilixencias preliminares, pero o xuíz ao que se soliciten revisará de oficio a súa competencia, e se entende que non lle corresponde coñecer da solicitude absterase de coñecer, indicándolle ao solicitante o xulgado de primeira instancia ao que debe acudir. Se este se inhibe na súa competencia, decidirá o conflito negativo o tribunal inmediato superior común, segundo o previsto no artigo 60 da presente lei».

A interpretación deste foro imperativo ten xerado unha rica casuística que pode consultarse nos AATS do 26 de marzo de 2019 (rec. 15/2019), 16 de outubro de 2018 (rec. 155/2018), 2 de xuño de 2009 (rec. 109/2009), 10 de decembro de 2013 (rec. 184/2013), 29 de marzo de 2016 (rec. 243/2015) e 25 de maio de 2010 (rec. 129/2010).

Para os efectos de ilustrar como funciona este foro na súa regra xeral e nas súas excepcións, é de salientar o ATS do 26 de marzo de 2019 (rec. 15/2019), que declara que «no presente caso atopámonos ante a solicitude de dilixencias preliminares consistentes na exhibición de documentación, suposto, para efectos de competencia territorial, regulado no artigo 257.1 da LAC, que estima órgano competente territorialmente o xuíz de primeira instancia do domicilio da persoa que se for o caso teña que declarar, exhibir ou intervir doutro modo nas dilixencias que se acordaren para preparar o xuízo; desde este punto de vista sería competente o xulgado de Madrid, pois na dita localidade ten o seu domicilio a entidade de quen se solicita a exhibición de documentación. No entanto, esta regra ten varios supostos excepcionais, recolleitos no citado precepto legal, para os que se atribúe a competencia ao xulgado do lugar onde haxa que presentar a demanda, entre os cales figuran as peticións de dilixencias e indagacións que, para a protección de determinados dereitos, prevexan as correspondentes leis especiais (número 9º do apartado 1 do artigo 256 da LAC). E no presente caso contéplase este último suposto, pois a relación que vincula as partes é a propia dun contrato de axencia, polo que desde a perspectiva da competencia territorial será competente o xulgado ante o que haxa que presentar a demanda, para cuxa determinación haberá que acudir á Lei 12/1992, do 27 de maio, reguladora do contrato de axencia, e cuxas disposicións conteñen unha importante norma de carácter procesual (disposición adicional) na que se establece que: a competencia para o coñecemento das accións derivadas do contrato de axencia corresponderá ao xuíz do domicilio do axente, sendo nulo calquera pacto en contrario».

Nun suposto en que o demandante solicite a exhibición de documentación derivada de contrato de seguro, na súa calidade de consumidor, considérase que tal suposto se encadra dentro do ordinal 9º do apartado 1 do artigo 256 da LAC, sendo por tanto competente o tribunal ante o que haxa que presentar a demanda determinada. E sendo a acción a exercer polo futuro demandante unha acción individual de consumidor derivada dun contrato de seguro, resulta de aplicación o disposto no artigo 52.2 da LAC e mais no artigo 90.2 do texto refundido da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios, que determina a competencia do tribunal do domicilio do asegurado, comprador ou prestameiro ou do domicilio de quen aceptara a oferta, respectivamente, ou do tribunal que corresponda conforme as normas dos artigos 50 e 51, á escolla do demandante (ATS do 11 de setembro de 2018, rec. 124/2018).

De especial interese é o ATS do 1 de marzo de 2017 (rec. 16/2017): «pretendendo no presente caso a solicitante a exhibición de documentación co fin de interpor unha demanda en exercicio de acción derivada un contrato de prestación de servizos de telefonía móbil, na súa calidade de consumidor, tal suposto encádrase dentro do ordinal 9º do apartado 1 do artigo 256 da LAC, sendo por tanto competente o tribunal ante o que haxa que presentar a demanda determinada. E sendo a acción a exercitar polo futuro demandante unha acción individual de consumidor derivada dun contrato de prestación de servizos de telefonía móbil, resulta de aplicación o disposto no artigo 52.2 da LAC e no artigo 90.2 do texto refundido da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios, os cales se refiren, para estes efectos, á preferencia do domicilio do consumidor ou usuario».

En supostos de solicitude de práctica de dilixencia preliminar de exhibición de documentos para preparación de demanda contra entidade bancaria cando a sucursal desapareceu, é de salientar o ATS do Pleno do 29 de marzo de 2016 (rec. 243/2015): «tendo en conta que a localidade en que a relación xurídica ten que producir efectos é Huelva, lugar onde Bankia ten a sucursal máis próxima ao domicilio do demandante e na que se encontra a documentación a exhibir tras o peche da oficina de Lepe, non cabe senón concluír que a competencia corresponde aos xulgados da dita localidade».

Cando se pretende a exhibición ou entrega do documento en relación cunha persoa xurídica non é imperativo presentar a solicitude no partido xudicial do domicilio do demandado, xa que tamén se pode presentar no partido onde ten establecemento aberto ao público cando as relacións do demandante coa entidade se levaron a cabo na dita sucursal. Para o TS, «calquera outra solución vulneraría irremediabilmente o dereito á tutela xudicial efectiva da demandante, que para poder lograr a mera exhibición dun documento se vería obrigada, tras presentar a súa solicitude en Alacant, por ser a única sucursal aberta da demandada próxima ao seu domicilio, a ter que dirixirse a un xulgado de Madrid, que é domicilio social da demandada, situación que os tribunais deben evitar» (*vide* AATS do 26 de febreiro de 2019, rec. 12/2019; do 22 de febreiro de 2017, rec. 3/2017; e do 13 de xaneiro de 2016, rec. 174/2015).

En xeral, cando a demanda de dilixencias preliminares se dirixe contra unha persoa

xurídica, o artigo 51 da LAC permite que poida ser demandada «no lugar onde a relación xurídica teña que producir efectos, sempre que no dito lugar teña establecemento aberto ao público» (AATS do 29 de setembro de 2020, rec. 115/2020; do 19 de febreiro de 2019, rec. 268/2018; e do 20 de abril de 2016, rec. 33/2016).

Nun suposto en que o demandado tiña o seu domicilio no estranxeiro, o ATS do 20 de setembro de 2004 (rec. 38/2004) resolve o seguinte: «sendo estranxeiro o suposto responsable dos feitos, prevalece –fronte á normativa sancionada nos artigos 50 e ss. da LAC– a proxección preferente do Regulamento da CEE 44/2001 do Consello do 22/12/2000, cuxo artigo 5.3 prescribe que ante eventuais reclamacións contra cidadáns doutro país, poderán ser demandadas ante o xulgado nacional onde se produciron os feitos, prevalencia, pois, do foro *locus comissi factis*, que se sobrepón ao do domicilio do autor, o que, por outro lado, se cohonesta co fundamento sociolóxico de que, pola condición de estranxeiro do destinatario da acción, a súa tutela se dispensará en mellor modo ante a xurisdición do lugar dos feitos ca ante a do domicilio do autor, por completo desvinculada ou allea a esa estranxeiría territorial do afectado».

Nos casos en que as dilixencias preliminares se soliciten contra máis dunha persoa, o solicitante poderá elixir o xulgado do domicilio de calquera delas (AATS do 19 de febreiro de 2019, rec. 268/2018; e do 18 de maio de 2016, rec. 189/2016).

4.2.4 Proceso monitorio

En relación coa competencia territorial no proceso monitorio, esta é fixada de xeito imperativo polo artigo 813 da LAC. O dito precepto establece que «será exclusivamente competente para o proceso monitorio o xulgado de primeira instancia do domicilio ou residencia do debedor ou, de non seren coñecidos, o do lugar en que o debedor poida ser atopado para efectos do requirimento de pagamento polo tribunal, agás que se trate da reclamación de débeda a que se refire o punto 2 do número 2 do artigo 812, caso en que será tamén competente o xulgado do lugar onde estea o predio, por elección do solicitante. // En todo caso, non serán de aplicación as normas sobre submisión expresa ou tácita contidas na sección II do capítulo II do título II do libro I. // Se, despois da realización das correspondentes indagacións polo secretario xudicial sobre o domicilio ou residencia, estas foren infrutuosas ou o debedor for localizado noutro partido

xudicial, o xuíz ditará auto que dará por terminado o proceso, facendo constar tal circunstancia e reservando para o acredor o dereito a instar de novo o proceso ante o xulgado competente».

O fundamento deste foro imperativo é o de reforzar o dereito á tutela xudicial efectiva e de defensa do debedor, facilitándolle o acceso ao órgano xurisdiccional, tendo en conta a natureza e fins deste proceso especial, tendente a lograr unha tutela rápida de certos dereitos de crédito.

Da aplicación do precedente criterio legal colíxese que o lexislador estableceu un réxime especial de regras para a apreciación de oficio da incompetencia territorial no proceso monitorio, diferenciado do xeral comprendido no libro I da LAC, por virtude do cal, en supostos de incompetencia territorial, o xuíz pronunciará un auto dando por terminado o proceso e reservándolle ao acredor o dereito a instar de novo o proceso ante o xulgado competente, sen necesidade de activar o trámite do artigo 58 da LAC nin de resolver a inhibición en favor do xulgado competente. Certo é que a redacción do último parágrafo do artigo 813 da LAC só contempla tal previsión para supostos de incompetencia territorial sobrevida e non inicial, pero non existen razóns que xustifiquen un diferente tratamento cando da mera lectura da petición inicial xa se constata, sen necesidade de ningunha pescuda, que o debedor está localizado noutro partido xudicial (AATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 26/2020; e do 9 de decembro de 2015, rec.171/2015).

Cando o xulgado ante o que se presenta a solicitude admite a pretensión e se declara competente territorialmente –por aplicación do disposto no artigo 813 da LAC–, non está fixando indebidamente a súa competencia, aínda cando se determinara erroneamente o lugar onde se encontra o debedor, senón que tal declaración de competencia territorial é correcta en atención aos datos contidos na petición, que resultan esenciais para a apertura do procedemento. En tal caso de falta de localización do debedor no domicilio sinalado, cabe incluso admitir que se intente unha primeira indagación de domicilio, de modo que se aparece outro distinto ao fornecido, pero dentro do propio partido xudicial, se intente o requirimento; pero se tampouco este resulta efectivo ou o domicilio pescudado pertence a distinto partido xudicial, non haberá que pór en marcha o mecanismo previsto no artigo 58 da LAC para negar agora

unha competencia territorial que xa se declarou correctamente consonte a lei, senón que o procedente será o arquivamento das actuacións, con devolución ao acredor da documentación achegada, para que, se interesa ao seu dereito, poida inicialo de novo no lugar que considere oportuno ou acudir directamente ao proceso declarativo; solución aplicable con carácter xeral ao proceso monitorio, salvo o caso distinto das débedas derivadas do réxime de propiedade horizontal, que, conforme o disposto no artigo 815.2 da LAC, ten un réxime especial en canto á localización do debedor (AATS do Pleno do 5 de xaneiro de 2010, rec. 178/2009; ou do 19 de novembro de 2019, rec. 270/2019).

No caso de que haxa varios demandados poderá promoverse o monitorio ante o xulgado do domicilio de calquera deles, á escolla do demandante (AATS do 26 de xaneiro de 2010, rec. 371/2009; e do 8 de setembro de 2009, rec. 210/2009).

Ante un suposto en que o demandado é unha persoa sen domicilio nin residencia estable, dado que polo seu traballo itinerante varía constantemente de paradiro, o TS conclúe que procede declarar territorialmente competente para coñecer do xuízo monitorio o xulgado en cuxa localidade ten o seu domicilio a empresa en que traballa o demandado e pode ser perfectamente practicada a dilixencia procesual esixida no proceso de que se trata (ATS do 1 de abril de 2005, rec. 17/2005).

No ATS do 12 de setembro de 2005 (rec. 78/2005) suscítase se debe prevalecer o domicilio do debedor fixado no contrato que dá lugar á petición de proceso monitorio e no que se practicou con eficacia o requirimento, ou o que resulta da súa estadía nun centro penitenciario en situación de prisión preventiva iniciada con anterioridade á presentación daquela pero coñecida neste proceso con posterioridade. O TS considera que «a residencia no dito establecemento ten un carácter accidental que non pode prevalecer, para efectos de determinar a habitualidade, fronte ás características do que aparece como seu domicilio no contrato de financiamento e no que tivo lugar a práctica do requirimento».

Un suposto especial de monitorio é o que se segue por débedas de comunidade de propietarios; neste caso prevese como foro electivo o lugar onde radique o predio. Neste sentido, «ademais do xuíz do domicilio ou residencia do debedor ou do lugar onde este poida ser achado, será tamén competente o do lugar onde se atope o predio, á elección

do solicitante. En consecuencia, presentada polo autor a súa petición en Madrid, hai que entender que en calquera caso optou polo lugar do predio, no exercicio da facultade de elección outorgada pola norma» (AATS do 27 de marzo de 2012, rec. 11/2012; e do 23 de febreiro de 2010, rec. 438/2009).

Se a suma reclamada non excede os límites do xuízo verbal, en caso de oposición a competencia territorial corresponderalle ao xulgado que coñeceu do monitorio (*vide* AATS do 12 de febreiro de 2019, rec. 248/2018; e do 29 de xuño de 2016, rec. 749/2016). Esta regra é tamén de aplicación cando o procedemento se segue en reclamación de débedas de comunidade de propietarios: se o monitorio se suscitou ante os xulgados do domicilio do debedor, o proceso verbal ulterior debe seguir vinculado competencialmente a tal xulgado, sen que se poida inhibir este en favor do xulgado do lugar onde se atope o predio (ATS do 16 de decembro de 2015, rec. 158/2015).

Se a suma reclamada excede os límites do xuízo verbal, en caso de oposición deixará de se aplicar a vinculación competencial co xulgado que tramitou o monitorio inicial (ATS do 1 de xuño de 2016, rec. 453/2016), pasando a rexerse este segundo proceso polas súas propias regras (*vide* ATS do 3 de novembro de 2016, rec. 979/2016).

A determinación da competencia territorial que, de maneira imperativa, se efectúa no artigo 813 da LAC a favor do xulgado do domicilio do demandado, sen distinguir a posición xurídica ou condición que de que goce cada unha das partes na relación base da reclamación, fai inaplicable ao caso as previsións contidas no artigo 52.2 da LAC – foro do consumidor– (ATS do 11 de febreiro de 2016, rec. 182/2015).

Cando un xulgado se inhibe indebidamente por non ter o debedor o seu domicilio no partido xudicial, a solución ao conflito de competencia consiste en declarar a competencia do xulgado de primeira instancia que non debeu inhibirse, sen prexuízo de que adopte a resolución procedente –arquivamento, reservando ao acredor o dereito a instar de novo o proceso ante o xulgado competente– (ATS do 16 de xullo de 2019, rec. 136/2019).

4.2.5 Procedemento para a liquidación do réxime económico matrimonial

Conforme o artigo 807 da LAC, «será competente para coñecer do procedemento de liquidación o xulgado de primeira instancia que estea a coñecer ou coñecera do proceso de nulidade, separación ou divorcio, ou aquel ante o que se sigan ou se seguiran as actuacións sobre disolución do réxime económico matrimonial por algunha das causas previstas na lexislación civil».

O ATS do 17 de abril de 2012 (rec. 47/2012) interpreta a norma: hai que atender ao criterio establecido no artigo 769.1 da LAC, que establece diversos foros sucesivos para fixar a competencia territorial nos procesos matrimoniais, determinando no parágrafo primeiro que «no caso de residiren os cónxuxes en distintos partidos xudiciais, será tribunal competente, á elección do demandante, o do último domicilio do matrimonio ou o de residencia do demandado». «Ao seleccionar a parte demandante o último domicilio dos consortes, que acredita que foi en Valladolid, deben estimarse aplicables os foros de competencia do artigo 769.1 da LAC, polo que debe concluírse que a competencia corresponde ao xulgado de Valladolid» (ATS do 17 de abril de 2012, rec. 47/2012). No mesmo sentido, o ATS do 8 de xaneiro de 2013 (rec. 228/2012).

4.2.6 Procedementos de execución

4.2.6.1 Disposicións xerais

O artigo 545 da LAC, no seu apartado primeiro, establece un foro imperativo: «se o título executivo consiste en resolucións xudiciais, resolucións ditadas por secretarios xudiciais ás que esta lei recoñeza carácter de título executivo ou transaccións e acordos xudicialmente homologados ou aprobados, será competente para ditar o auto que conteña a orde xeral de execución e despacho da mesma o tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia ou no que se homologou ou aprobou a transacción ou acordo».

Nos seguintes apartados, o artigo 545 da LAC desagrega unha serie de especialidades na determinación do foro de execución.

Existe consenso en encontrar o fundamento da improrrogabilidade deste foro na

conveniencia de facilitar unha distribución equitativa de asuntos entre os distintos órganos xurisdicionais.

A doutrina xeral contense no Acordo do 16 de decembro de 2008, conforme ao cal a competencia territorial en procesos de execución vén determinada por normas imperativas. En consecuencia, é examinable de oficio (artigo 546 da LAC) e tamén á instancia de parte mediante declinatoria (artigo 547 da LAC).

En relación con esta materia, os conflitos de competencia resólvense de acordo co preceptuado no artigo 546.2ª da LAC, que establece un límite temporal ríxido: unha vez despachada execución, o tribunal non poderá, de oficio, revisar a súa competencia territorial.

Este límite temporal é destacado polo TS (AATS do 10 de decembro de 2019, rec. 232/2019; do 9 de xullo de 2013, rec. 26/2012; e do 4 de decembro de 2012, rec. 205/2012). Nesta liña, o ATS do 26 de novembro de 2013 (rec. 24/2013) declara que «o auto polo que se declaraba territorialmente incompetente foi pronunciado despois de despachar execución, e neste caso –unha vez despachada execución– a falta de competencia territorial soamente podería ser apreciada cando o executado propuxera en tempo e forma a declinatoria».

A revisión da competencia nestes casos ten unas normas procedementais especiais: consoante o artigo 546.1 da LAC, «antes de despachar execución, o tribunal examinará de oficio a súa competencia territorial, e se conforme o título executivo e demais documentos que se xunten á demanda entende que non é territorialmente competente, pronunciará un auto absténdose de despachar execución e indicándolle ao demandante o tribunal ante o que debe presentar a demanda. Esta resolución será recorrible conforme o disposto no artigo 552». O artigo 552.2 da LAC establece que «o auto que denegue o despacho da execución será directamente apelable, substanciándose a apelación só co acredor. Tamén poderá o acredor, á súa elección, intentar recurso de reposición previo ao de apelación».

Isto determina que nestes casos o xulgado ao que lle é repartida a demanda de execución non pode pronunciar auto de inhibición. Se non se considera territorialmente

competente, debe pronunciar un auto absténdose de despachar execución e indicándolle ao demandante o tribunal ante o que debe presentar a demanda de execución. Se non o fai así e se inhibe, «provocou un conflito improcedente e modificou o réxime de recursos establecido no artigo 546.1 da LAC, do que se privou ao executante», polo que nestes casos procede devolver as actuacións ao xulgado que se inhibe (*vide* ATS do 19 de marzo de 2019, rec. 254/2018).

4.2.6.2 Execución de títulos non xudiciais

Para as demandas de execución de título non xudicial rexe un foro imperativo, segundo se deduce do disposto no artigo 546 da LAC, se ben tal foro é de carácter electivo para o demandante na execución, de modo que pode optar por solicitala ao xulgado de primeira instancia do domicilio do demandado, ao do lugar de cumprimento da obriga, segundo o título, ou ao de calquera outro en que se encontren bens do executado que poidan ser embargados, como establece o artigo 545, apartado 3º, da LAC, ao que a este respecto engade o mesmo apartado 3º que de haber varios executados será competente o tribunal que, conforme o parágrafo anterior, o sexa respecto de calquera executado, á elección do executante.

O ATS do 21 de xaneiro de 2020 (rec. 289/2019) analiza un suposto no que a acción exercitada non é de execución hipotecaria, senón de execución ordinaria en virtude de título non xudicial de recoñecemento de débeda e constitución de hipoteca, enumerado no artigo 517.2.4º da LAC. O TS considera que tratándose da execución de título non xudicial, rexe un foro imperativo, segundo se deduce do disposto no artigo 546 da LAC.

Non se pode cuestionar a competencia do xulgado elixido polo executante de entre as opcións legais: «a parte executante interpuxo a demanda executiva ante os xulgados de Madrid, ao abeiro do disposto no artigo 545.3º da LAC, e informou de que elixía o dito foro en atención a que a demandada ten bens embargables na dita cidade; en consecuencia, ao ser unha elección legal a realizada, corresponde a competencia territorial para o coñecemento do asunto ao Xulgado de Primeira Instancia de Madrid» (AATS do 9 de outubro de 2018, rec. 144/2018; e do 1 de xuño de 2016, rec. 654/2016).

Os xulgados si poden controlar se o domicilio que o demandante identifica como do

demandado está minimamente acreditado: o ATS do 18 de novembro de 2014 (rec. 137/2014) basea a súa resolución en que «non se achega ningunha proba que xustifique onde se encontra en realidade o domicilio da sociedade executada; o indicado na demanda non corresponde co indicado na póliza».

Tamén nestes casos é aplicable o artigo 546.2 da LAC, polo que unha vez despachada execución, o tribunal non poderá de oficio revisar a súa competencia territorial (ATS do 2 de abril de 2013, rec. 28/2013; e do 10 de xaneiro de 2012, rec. 207/2011).

O ATS do 17 de novembro de 2020 (rec. 176/2020) declara para estes efectos que «a competencia para coñecer da execución de título non xudicial réxese polo foro imperativo que establece o artigo 545.3 da LAC, con carácter electivo para o demandante de execución, que poderá optar por solicitala ante o xulgado de primeira instancia do domicilio do demandado, o do lugar de cumprimento da obriga, segundo o título, ou o de calquera lugar en que se encontren bens do executado que poidan ser embargados [...]. O exame da competencia territorial, conforme o título executivo e demais documentos que se xunten á demanda, debe ser realizado de oficio polo tribunal antes de despachar execución, determinando o artigo 546.2 da LAC que unha vez despachada execución o tribunal non poderá de oficio revisar a súa competencia territorial».

O TS cualifica, para efectos de competencia, como acción executiva baseada en títulos non xudiciais nin arbitrais unha demanda que se apoia e fundamenta na póliza de contrato mercantil intervida notarialmente, cuxo carácter de título executivo se encontra recoñecido no artigo 517.2.5º da LAC, «sen que o feito de que á dita demanda se axunte laudo arbitral que determina, tras a correspondente liquidación, o importe da referida póliza que é obxecto de reclamación, poida estimarse razón suficiente para excluíla do seu ámbito de aplicación». De aí que «resulta aplicable o artigo 545.3 da LAC, sendo no presente caso o lugar de cumprimento da obriga, segundo consta na póliza de contrato mercantil cuxa execución se solicita, Barcelona, circunstancia esta en virtude da cal a parte executante, facendo uso da elección que lle autoriza o referido artigo 545.3, presentou a súa demanda ante o xulgado de Barcelona» (ATS do 6 de marzo de 2012, rec. 240/2011).

4.2.6.3 Execución de autos de contía máxima

A Xunta Xeral de Maxistrados da Sala Primeira do Tribunal Supremo do 11 de marzo de 2004 acordou que «o xuíz territorialmente competente para a execución do auto de contía máxima, previsto nos artigos 10 e 15 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, debe ser o do lugar en que se causaron os danos, en atención ao establecido no artigo 52.1.9º da LAC 1/2000, do 7 de xaneiro, por constituír o dito auto de contía máxima un título xudicial, recolleito no artigo 517.2.8º da LAC 2000, o que exclúe a aplicación do artigo 545.3 da LAC 2000, e a súa remisión aos artigos 50 e 51 do dito corpo legal».

Este criterio foi seguido, entre outros, polos AATS do 11 de xuño de 2013 (rec. 42/2013), 17 de setembro de 2004 (rec. 39/2004) e 2 de marzo de 2006 (rec. 4/2006).

4.2.6.4 Execución de título xudicial estranxeiro

A competencia corresponde, atendido o trámite procesual en que se encontran as actuacións, ao xulgado de primeira instancia que proferiu a resolución xudicial de recoñecemento de executividade dun título estranxeiro, como trámite previo á orde de xeral de execución, pendente de notificación e recorrible ante a audiencia provincial (ATS do 12 de febreiro de 2013, rec. 189/2012).

4.2.6.5 Execución de laudo arbitral

Segundo o Acordo do 16 de decembro de 2008, o foro competente é o do lugar en que se adoptou o laudo arbitral, por aplicación do disposto no artigo 545.2 da LAC, en relación co artigo 8.4 da Lei 60/2003, de arbitraje.

Este criterio foi seguido, entre outros, no ATS do 24 de xullo de 2008 (rec. 54/2008): «a cuestión de competencia negativa suscitada debe ser resolta en favor do Xulgado de 1ª Instancia núm. 47 de Madrid, que é o lugar en que se emitiu o laudo, de conformidade cos artigos 545.2 da LAC e 8.4 da Lei de arbitraje 60/2003, e sen que sexan de aplicación as normas citadas no auto do dito xulgado porque as mesmas non rexen para o proceso de execución, cuxa regulación exclúe a prevista para o proceso de declaración

salvo cando hai lagoa naquel ou exista norma de remisión».

4.2.6.6 Execución de bens peñorados ou hipotecados

O artigo 684 da LAC establece para estes supostos un foro imperativo que depende de se o ben é un inmovible, un buque ou un moble ou se trata dun ben peñorado.

A execución hipotecaria xa estaba sometida a foro imperativo no artigo 131 da Lei hipotecaria, na súa redacción dada pola Lei 10/1992, do 30 abril. A LAC derogou esta regulación.

O artigo 684.1.1º da LAC, para bens hipotecados inmoables, fixa a competencia no «xulgado de primeira instancia do lugar en que radique o predio, e se este radica en máis dun partido xudicial, o mesmo ca se foren varios e radicaren en diferentes partidos, o xulgado de primeira instancia de calquera deles, á elección do demandante, sen que sexan aplicables neste caso as normas sobre submisión expresa ou tácita contidas na presente lei».

Interpretan este foro os AATS do 21 de febreiro de 2018 (rec. 220/2017), 27 de abril de 2010 (rec. 88/2010) e 13 de xullo de 2007 (rec. 94/2007). Nesta última resolución suscítase «cuestión de competencia territorial entre o Xulgado de 1ª Instancia núm. 3 de Torrijos e o núm. 3 de Valdemoro. Trátase de proceso de execución hipotecaria [...]. No presente proceso, en que había predios que radicaban no partido xudicial de Valdemoro e no de Torrijos, o acredor hipotecario elixiu o partido xudicial de Valdemoro, e que despois se lograse unha satisfacción extraprocesual entre executante e executado respecto do predio rexistral inscrito no Rexistro da Propiedade de Valdemoro, outorgándose para o efecto escritura de cancelación da hipoteca que pesaba sobre o dito predio, pero subsistindo a execución respecto do predio rexistrado no Rexistro da Propiedade de Torrijos, non altera a competencia do proceso xa iniciado, pois o artigo 411 da Lei de axuizamento civil 1/2000 di que as alteracións que, unha vez iniciado o proceso, se produzan en canto ao domicilio das partes, á situación da cousa litixiosa e ao obxecto do xuízo non modificarán a xurisdición e a competencia, que se determinarán segundo o que se acredite no momento inicial da litispendencia».

No ATS do 11 de decembro de 2018 (rec. 213/2018) analízase un suposto de continuación da execución hipotecaria para reclamar o crédito non satisfeito: «estamos ante a continuación do proceso de execución hipotecaria no que quedarían cantidades pendentes para satisfacer o crédito reclamado, que deberá tramitarse consoante as normas ordinarias da execución pecuniaria, polo que a competencia corresponderá ao xulgado que coñeceu da execución hipotecaria».

A LAC unifica nun só procedemento a execución das hipotecas inmobiliaria, mobiliaria, naval e de bens peñorados. Non obstante, só exclúe a submisión expresa para a hipoteca inmobiliaria, aínda que como disposición común (artigo 684.2 da LAC) dispón que «o tribunal examinará de oficio a súa propia competencia territorial».

4.2.7 Procedemento para o exercicio do dereito de rectificación

O artigo 4 da Lei orgánica 2/1984, do 26 de marzo, reguladora do dereito de rectificación, dispón que poderá o prexudicado exercitar a acción de rectificación dentro dos sete días hábiles seguintes ante o xuíz de primeira instancia do seu domicilio ou ante o do lugar onde radique o enderezo do medio de comunicación.

As pretensións sobre dereito de rectificación tramítanse como procedemento específico por razón da materia (xuízo verbal coas especialidades previstas no artigo 6 da LO 2/1984). Non se tramitan como procedemento de protección de dereitos fundamentais (*vide* ATS do 15 de marzo de 2017, rec. 2595/2016; e do 23 de xuño de 2009, rec. 1629/2007).

O Ministerio Fiscal non intervéñ nestes procedementos. Neste mesmo sentido se pronunciou a Circular da Fiscalía Xeral do Estado 1/2001, do 5 de abril, sobre a incidencia da nova da LAC na intervención do fiscal nos procesos civís, así como a Circular 1/2020, do 3 de xaneiro, sobre os recursos de casación e extraordinario por infracción procesual na orde xurisdiccional civil, que expresamente declara, en relación co dereito de rectificación, que a súa «tutela se solicitará, sen a intervención do fiscal, a través do xuízo verbal conforme os artigos 250.1.9º da LAC e 6 da LO 2/1984».

A imperatividade do foro deriva tanto do feito de que o procedemento a seguir é a vía

do xuízo verbal coma da previsión contida no parágrafo segundo do artigo 5 da lei, que dispón que «o xuíz, de oficio e sen audiencia do demandado, pronunciará un auto non admitindo a trámite a demanda se se considera incompetente». Malia que non se prevé expresamente a audiencia do fiscal, por aplicación da cláusula de supletoriedade do artigo 4 da LAC haberá que entender que se lle debe dar traslado con carácter previo para a emisión do correspondente ditame.

5. Normas especiais

5.1 Demandas fronte a resolucións da DXRN (actual Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública)

5.1.1 En materia de Rexistro Civil

A Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil (LRC), introduce un novo número 17º no apartado 1 do artigo 52 da LAC, polo que se dispón que nos procesos contra as resolucións e actos que adopte a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia de Rexistro Civil, bardante das solicitudes de nacionalidade por residencia, será competente o xulgado de primeira instancia da capital de provincia do domicilio do recorrente.

Consoante o apartado primeiro do artigo 87 da LRC, as resolucións e actos da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderán ser impugnados ante o xulgado de primeira instancia da capital de provincia do domicilio do recorrente, de conformidade co previsto no artigo 781 bis da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

De acordo coa disposición final décima da LRC, a súa entrada en vigor terá lugar o 30 de xuño de 2020. Debe neste punto terse presente que a disposición derradeira segunda do Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ao COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, volveu adiar a entrada en vigor da LRC ata o 30 de abril de 2021.

O ATS do 10 de setembro de 2019 (rec. 145/2019) resolve unha cuestión de competencia respecto dunha demanda de xuízo ordinario fronte á resolución da

Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que denega a inscrición de nacemento fóra de prazo e a declaración de nacionalidade española de orixe con valor de simple presunción do promotor. A demanda diríxese contra a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. O TS, tras constatar que o artigo 87 da LRC, o artigo 781 bis da LAC e mais o parágrafo 17º do apartado 1 do artigo 52 da LAC non entraran en vigor, declara que «no presente caso, a demanda é de xuízo ordinario, e en atención á acción exercitada non estamos ante un suposto en que a competencia territorial veña fixada pola lei en virtude de regras imperativas. É por iso que o xulgado de Madrid se inhibiu indebidamente, xa que, á falla de foro imperativo, só podería apreciar a súa falta de competencia territorial en virtude de declinatoria proposta en tempo e forma por parte lexítima, o cal non acaeceu. En consecuencia, e de acordo co informe do Ministerio Fiscal, a competencia territorial para coñecer da demanda correspóndelle ao Xulgado de Primeira Instancia núm. 64 de Madrid, ao que se someteu tacitamente o demandante coa presentación da demanda».

O ATS do 13 de outubro de 2020 (rec. 137/2020) analiza un conflito negativo de competencia territorial entre un xulgado de Bilbao e outro de San Bartolomé de Tirajana respecto dunha demanda de xuízo verbal fronte á resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que denega a inscrición de nacemento fóra de prazo e a declaración de nacionalidade española de orixe con valor de simple presunción do promotor. A demanda diríxese contra a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. De novo se constata que o artigo 87 da LRC, o artigo 781 bis da LAC e mais o parágrafo 17º do apartado 1 do artigo 52 da LAC non entraran en vigor, e declara que «segundo o artigo 59 da LAC, fóra dos casos en que a competencia territorial veña fixada pola lei en virtude de regras imperativas, a falta de competencia territorial soamente poderá ser apreciada cando o demandado ou quen poida ser parte lexítima no xuízo propoña en tempo e forma a declinatoria [...]. No xuízo verbal non é válida nin a submisión expresa nin a tácita, segundo resulta do disposto no artigo 54.1 da LAC [...]. En calquera caso, parece que ambos os xulgados en conflito se mostran conformes con que o xulgado competente sexa o do domicilio do demandante, e neste caso do certificado de empadroamento resulta acreditado que se deu de alta no municipio de Durango o 8 de abril de 2019, e se ben é certo que no poder notarial e no permiso de residencia figura expedido en Santa Lucía de Tirajana, ambos son de data anterior. É por iso que se considera competente o Xulgado de Primeira Instancia núm. 4 de Bilbao,

xa que non está acreditado que no momento da demanda tivera o seu domicilio en Santa Lucía de Tirajana».

5.1.2 En materia do Rexistro da Propiedade

Debe partirse do artigo 328 da LH, que no seu parágrafo primeiro dispón que as «cualificacións negativas do rexistrador e, de ser o caso, as resolucións expresas e presuntas da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia do recurso contra a cualificación dos rexistradores serán recorribles ante os órganos da orde xurisdiccional civil, sendo de aplicación as normas do xuízo verbal».

No parágrafo segundo establece que «a demanda deberase interpoñer dentro do prazo de dous meses, contados desde a notificación da cualificación ou, de ser o caso, da resolución ditada pola dirección xeral, ou, tratándose de recursos desacollidos por silencio administrativo, no prazo de cinco meses e un día desde a data de interposición do recurso, ante os xulgados da capital da provincia a que pertenza o lugar en que estea situado o inmovible e, de ser o caso, os de Ceuta ou Melilla».

O ATS do 21 de setembro de 2016 (rec. 929/2016) resolve un conflito negativo de competencia territorial respecto dunha demanda de xuízo verbal que ten por obxecto a acción de impugnación da resolución adoptada pola Dirección Xeral de Rexistros e do Notariado en materia do recurso contra a cualificación dos rexistradores da propiedade. O TS conclúe que a competencia territorial para coñecer da demanda corresponde aos xulgados de Madrid, ao ser a capital da provincia a que pertence o lugar en que está situado o inmovible.

5.2 Demandas dirixidas contra o Estado

É tradicional no noso ordenamento o recoñecemento dun foro privilexiado ao Estado. Xa o artigo 57 da Lei adicional á LOPX do 14 de outubro de 1882 declarou para estes supostos a competencia dos xulgados onde existise audiencia.

O artigo 15 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, establece que para o coñecemento e resolución dos procesos civís

en que sexan parte o Estado, os organismos públicos ou os órganos constitucionais, serán en todo caso competentes os xulgados e tribunais que teñan a súa sede nas capitais de provincia, en Ceuta ou en Melilla. Esta norma aplicarase con preferencia a calquera outra norma sobre competencia territorial que poida concorrer no procedemento.

O disposto neste artigo non será de aplicación aos xuízos universais nin aos interditos de obra ruínosa (*vide*, ao respecto, ATS do 25 de xaneiro de 2006, rec. 141/2005).

Pese ás críticas que este privilexio do Estado ten suscitado na doutrina, o ATC núm. 324/1993, do 26 de outubro, desacolheu unha cuestión de inconstitucionalidade formulada contra o artigo 71 da anterior LAC, que establecía unha norma similar. O TC considerou que «non é unha medida exenta de razoabilidade» que os órganos públicos «litiguen onde previsiblemente teñan a residencia os seus servizos xurídicos, na capital [...] polo interese público na súa mellor operatividade e eficacia, que así se preserva».

Este privilexio procesual é tamén aplicable ás comunidades autónomas. Algunhas leis autonómicas incorpóranas expresamente (*vide* artigo 47 da Lei 9/2007, do 22 de outubro, da Administración da Junta de Andalucía). En todo caso, a disposición adicional cuarta, apartado terceiro, da Lei 52/1997 dispón que «en canto ao disposto no artigo 15, cando sexan parte no procedemento as comunidades autónomas e entidades de dereito público dependentes das mesmas, serán tamén competentes os xulgados e tribunais que teñan a súa sede na capital da comunidade autónoma no caso de que a mesma non sexa capital de provincia».

Este foro é aplicable ao Consorcio de Compensación de Seguros, que é unha entidade de dereito público, sen que sexa óbice a circunstancia de que o Consorcio deba axustar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado (*vide* AATS do 2 de outubro de 2016, rec. 1043/2016; e do 29 de xaneiro de 2013, rec. 250/2012).

5.3 Competencia para coñecer das solicitudes de medidas cautelares en xeral

Regula a materia o artigo 723 da LAC, que no seu apartado primeiro dispón que será tribunal competente para coñecer das solicitudes sobre medidas cautelares o que estea a

coñecer do asunto en primeira instancia, ou, se o proceso non se iniciou, o que sexa competente para coñecer da demanda principal.

O apartado segundo deste precepto establece unha regra para coñecer das solicitudes relativas a medidas cautelares que se formulen durante a substanciación da segunda instancia ou dun recurso extraordinario por infracción procesual ou de casación: será competente o tribunal que coñeza da segunda instancia ou dos ditos recursos.

O artigo 725 da LAC establece especialidades en relación coa posible apreciación de oficio da competencia.

A imperatividade ou non deste foro cando non se iniciara o proceso principal dependerá de se este se encontra ou non suxeito a un foro desa natureza (*accessorium sequitur principale*). Así, o ATS do 28 de xaneiro de 2015 (rec. 159/2014) declara que «interposta solicitude de medidas cautelares, e sendo competente para coñecer de tales solicitudes o tribunal que vaia coñecer da demanda principal ao non estar iniciado aínda o proceso, resulta que a futura demanda de xuízo ordinario pretenderá que se declare a existencia e vixencia do contrato de franquía subscrito entre as partes e a indebida e inxustificada resolución anticipada decidida unilateralmente pola demandada. De aí que a acción exercitada non sexa susceptible de ser incluída en ningún dos foros imperativos do artigo 52 da LAC, e polo tanto tampouco nos especificamente contemplados no número 2 do dito precepto. En consecuencia, á falta de normas imperativas, rexe o foro xeral das persoas xurídicas do artigo 51 da LAC, e posto que este non constitúe foro imperativo ningún que excepcione o carácter dispositivo das normas de competencia territorial previsto no artigo 54 da LAC, cómpre atender ao disposto no artigo 56.1º da LAC, en relación co citado artigo 54.1º da LAC, segundo os cales as regras de competencia territorial de carácter dispoñible (todas salvo as que establecen foros imperativos) só se aplicarán á falla de submisión expresa ou tácita das partes aos tribunais dunha determinada circunscrición. Neste caso debe considerarse que houbo submisión tácita da parte demandante, que presentou a solicitude de medidas cautelares no foro do domicilio dunha das entidades demandadas, de tal modo que, por aplicación do artigo 59 da LAC, á falla de regras imperativas, a falta de competencia territorial só se podía apreciar en virtude de declinatoria proposta en tempo e forma por parte da demandada».

6. Foros especiais por razón da acción exercitada

6.1 Foro das accións reais sobre bens inmobles

A LAC asume o *forum rei sitae*. Será tribunal competente o do lugar en que estea sita a cousa litixiosa. Cando a acción real se exercite sobre varias cousas inmobles ou sobre unha soa que estea situada en diferentes circunscricións, será tribunal competente o de calquera destas, á escolla do demandante (artigo 52.1.1º da LAC).

O foro só opera en relación coas accións reais, excluindo as persoais e as mixtas.

O seu fundamento radica na maior facilidade para a práctica da proba e na facilitación do ulterior proceso de execución.

Para os efectos de delimitar as accións reais do resto de accións é de especial interese a STS núm. 540/2016, do 14 de setembro, que declara que «o característico da acción real é que lle proporciona ao titular dun dereito de tal clase a facultade de se dirixir xudicialmente, e de maneira directa, ao ben ou cousa que é obxecto do seu dereito. A acción real facilita a reipersecutoriedade ao lle conferir ao seu titular o poder de activar a maquinaria xudicial para restituílo no seu dereito. A acción persoal responde a unha relación xurídica entre persoas de modo que unicamente se pode dirixir a acción contra o obrigado ou, se for o caso, contra quen traia causa del».

Ten natureza real a acción pola que quen é titular dun dereito real de propiedade pretende a súa tutela mediante a declaración de extinción e cancelación da inscrición dun dereito doutro (hipoteca) da mesma natureza real, ao non seren as ditas extinción e cancelación produto da vontade unilateral do acredor, malia ver este satisfeito na realidade civil o seu dereito de crédito garantido. É por iso que se debe aplicar a regra primeira do artigo 52.1 da LAC (ATS do 27 de setembro de 2011, rec. 47/2011).

Tamén se aplica este foro á acción de división de ben inmovible (ATS do 11 de xaneiro de 2011, rec. 578/2010).

Aplícase este foro a unha acción de cancelación de anotación preventiva de embargo: a anotación de embargo é unha medida cautelar protectora do crédito que a orixinou, e por tanto non converte en real ou hipotecaria a acción que anteriormente non tiña ese carácter. Pero se isto é así, éo en relación co acredor que obtivo a anotación no seu favor. Fronte aos terceiros, está dotada da publicidade rexistral, polo que non a poden ignorar e, xa que logo, quedan sometidos ao exercicio do seu dereito polo anotante (artigo 71 da LH), ademais da preferencia que adquire para ser pagado co prezo do inmovible embargado sobre os demais acredores do debedor que o sexan con posterioridade á anotación (artigo 1923.4º do CC). En suma, a anotación rexistral de embargo produce uns efectos *erga omnes* similares á hipoteca. Por todo o dito, é razoable incluír dentro do termo «accións reais» a exercitada nesta demanda (ATS do 17 de outubro de 2005, rec. 98/2005).

A acción de nulidade de escritura de constitución dunha hipoteca inmobiliaria unilateral respecto dun inmovible ten natureza persoal, sendo por tanto de aplicación os artigos 50 e 51 da LAC, preceptos que non teñen natureza imperativa, polo que o xulgado non podía apreciar de oficio a súa propia competencia, senón en virtude de declinatoria interposta en tempo e forma (AATS do 3 de decembro de 2019, rec. 287/2019; do 5 de outubro de 2010, rec. 206/2010; e do 13 de abril de 2016, rec. 203/2015).

A acción *ex* artigo 1454 do CC é de natureza persoal: «non se pode entender que a acción que exercitou a autora na súa demanda sexa de carácter real, por canto a mesma tende, exclusivamente, a esixir o cumprimento polo demandado de obrigas nadas dun contrato, e por tanto de indubidable natureza persoal, pois á Sra. G L non se lle transmitiu o dominio nin dereito real ningún sobre o piso a que se refire o “documento de arras” de 2002, xa que, dado o alcance deste, nin se lle fixo entrega do dito inmovible nin se outorgou escritura pública de venda, limitándose as partes a reservaren mutuamente para si as facultades que establece o artigo 1454 do Código civil, a cuxa efectividade precisamente tende a pretensión deducida pola demandante» (ATS do 18 de xullo de 2003, rec. 11/2003).

Non se aplica este foro á acción de cumprimento de contrato de compravenda exercitada no xuízo ordinario. A demanda fundaméntase nos artigos 1098, 1445, 1278, 1279 e 1280 do CC. A acción de cumprimento de contrato de compravenda é persoal e non real

(ATS do 2 de xullo de 2019, rec. 148/2019).

Nalgún pronunciamento o TS ten aplicado este foro por analoxía: «se ben é certo que a acción exercitada na demanda non é en rigor unha acción real nin mediante a mesma se pide a nulidade do procedemento xudicial de execución hipotecaria, non o é menos que a súa causa de pedir se identifica por unha íntima conexión co dito procedemento, ao entenderse pagadas, por razón da obriga garantida con hipoteca, máis cantidades ca as computadas para o efecto, de sorte que a solución máis razoable legalmente é aplicar a regra do ordinal 3º, en relación co 1º, do artigo 52.1 da LAC» (ATS do 27 de abril de 2005, rec. 105/2004).

6.2 Foro das demandas sobre presentación e aprobación das contas de administradores de bens alleos

Será tribunal competente o do lugar onde deban presentarse as ditas contas, e de non estar determinado, o do domicilio do mandante, apoderante ou dono dos bens, ou o do lugar onde se desempeñe a administración, á escolla do autor (artigo 52.1.2º da LAC).

Trátase dun foro dispositivo. O ATS do 30 de abril de 2013 (rec. 36/2013) declara, aplicando este foro, que «non constando determinado o lugar onde deben presentarse as contas, e constituíndo o domicilio da autora a localidade de Cambrils, partido xudicial de Reus, como resulta do poder para preitos achegado ás actuacións [...], así como do xustificante de empadramento na amentada localidade [...], foro polo que expresamente optou a parte autora na súa demanda, debe concluírse que a competencia corresponde ao Xulgado de Primeira Instancia núm. 5 de Reus».

6.3 Foro das demandas sobre obrigas de garantía ou complemento doutras anteriores

Será tribunal competente o que o sexa para coñecer, ou estea a coñecer, da obriga principal sobre que recaeren (artigo 52.1.3º da LAC).

Este foro, en tanto subordinado ao da obriga principal, aínda que en principio é dispositivo, pode devir en imperativo se a obriga principal está sometida a un foro que

teña tal carácter.

6.4 Foro para cuestións hereditarias

6.4.1 Disposición xeral

Será competente o tribunal do lugar en que o finado tivo o seu último domicilio, e se o tivo en país estranxeiro, o do lugar do seu último domicilio en España, ou onde estea a maior parte dos seus bens, á escolla do demandante (artigo 52.1.4º da LAC).

A alternativa «onde estea a maior parte dos seus bens» é aplicable aos supostos en que o finado tivera a súa última residencia tanto en España coma en país estranxeiro. A regra imperativa do citado artigo 52.1.4º da LAC é compatible cunha marxe de elección da parte demandante entre as dúas posibilidades que a lei contempla (AATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 304/2019; do 26 de marzo de 2019, rec. 31/2019; e do 16 de novembro de 2010, rec. 514/2010).

Trátase igualmente dun foro imperativo (ATS do 17 de setembro de 2013, rec. 122/2013).

En casos en que a documentación incorporada ás actuacións suscita dúbidas sobre o domicilio, séguese o criterio de que só se pode ter por tal o efectivo ou real do finado no momento do seu falecemento (AATS do 13 de xuño de 2018, rec. 110/2018; do 20 de decembro de 2017, rec. 185/2017; do 14 de setembro de 2016, rec. 923/2016; e do 20 de maio de 2015, rec. 54/2015).

Á hora de determinar o último domicilio é interesante o ATS do 5 de novembro de 2019 (rec. 231/2019): a competencia declárase a favor do xulgado no que encontra o último domicilio da causante, pois consta empadroadada en Madrid, e «se ben é certo que no certificado de defunción consta como último domicilio o de Hondarribia, iso obedece a que na dita localidade pasaba as súas vacacións e o falecemento acaeceu na época de verán, de tal xeito que a residencia en Hondarribia considérase accidental e que o seu verdadeiro domicilio se encontra en Madrid, onde residía todo o ano, bardante dos períodos vacacionais. A isto hai que engadir que os demandantes optaron, dentro da

marxe que permite o artigo 52.1.4º da LAC, polo último domicilio da falecida e que ambas as partes, demandantes e demandados, teñen domicilio en Madrid».

Interpretando este precepto, o ATS do 14 de xaneiro de 2014 (rec. 194/2013) declara que «a competencia para coñecer do presente procedemento debe declararse a favor do Xulgado de Primeira Instancia núm. 36 de Madrid, lugar no que encontra o último domicilio do causante don T., e en canto á causante doña G., aínda que no certificado de defunción consta como último domicilio o de Cerezo de Arriba, a presunción de exactitude dos asentos do Rexistro Civil admite proba en contrario, e neste caso, na copia da escritura pública de testamento, consta o seu domicilio en Madrid, e na propia certificación de falecemento consta que aconteceu no Hospital de Guadarrama (Madrid). A isto hai que engadir que os demandantes optaron, dentro da marxe que permite o artigo 52.1.4º da LAC, polo último domicilio dos finados, e que os propios autores, todos eles, teñen domicilio en Madrid, como tamén os demandados». No mesmo sentido poden consultarse os AATS do 7 de xuño de 2011 (rec. 44/2011) e do 8 de xuño de 2010 (rec. 254/2010).

No ATS do 14 de setembro de 2016 (rec. 923/2016) interprétase igualmente o concepto do último domicilio: os causantes «faleceron en El Prat de Llobregat, onde estiveron vivindo os últimos meses da súa vida, procedentes de Otero de Naragantes, León, onde residiron ata uns meses antes de morrer, onde teñen a maior parte dos seus bens hereditarios e onde foron soterrados. Do certificado de empadramento de D. M. resulta o cambio de residencia o 13 de abril de 2005, falecendo o 25 de xuño de 2005, isto é, dous meses despois, e no de Dª C., finada o 10 de agosto de 2003, nin sequera consta cambio de residencia ou baixa por traslado; no certificado de defunción de D. M. consta como domicilio o de Otero de Naragantes, León, e no de Dª C., El Prat de Llobregat, se ben no seu certificado de empadramento, como se expuxo, ningún cambio ou modificación se produciu. [...] estímase que o último domicilio dos finados foi na provincia de León, sendo por tanto competente para coñecer do presente procedemento os xulgados de Ponferrada. E isto ao estimar acreditado que o traslado operado a El Prat de Llobregat foi puntual, e co ánimo de constituir alí a súa residencia habitual».

Na mesma liña pode citarse o ATS do 20 de maio de 2015 (rec. 54/2015): «da documentación presente nos autos efectivamente resulta acreditado que o causante tiña

o seu domicilio en [...] xa que este é o que figura no seu testamento [...] cuxa nulidade se promove, o cal foi outorgado [...] poucos días antes de finar [...], sendo tamén ese mesmo domicilio o que figura na documentación médica [...] do centro médico [...] sito en Madrid, no que foi tratado e no que permaneceu ingresado, e tamén o domicilio que figura na escritura de aceptación de herdanza do seu fillo Pedro Jesús, o cal compartía co finado. Ademais, as posibles dúbidas sobre o domicilio fiscal en Durango foron resoltas pola propia administración tributaria, ao rectificar o dito domicilio en favor do real sito en Madrid».

Para os efectos de acreditar o último domicilio é especialmente relevante a mención do certificado de defunción expedido polo Rexistro Civil, aínda que admite proba en contrario (ATS do 13 de xuño de 2018, rec. 110/2018). O ATS do 2 de setembro de 2014 (rec. 87/2014) declara ao respecto que «no certificado de defunción expedido polo Rexistro Civil de Requena consta como o seu último domicilio o sito na dita localidade valenciana [...] e se ben é certo que a presunción de exactitude dos asentos do Rexistro Civil admite proba en contrario, consultado o padrón de habitantes do municipio de Vilassar de Dalt constátase que no mesmo non figura inscrita a defunta desde o ano 1940, polo que non se desvirtuou a presunción rexistral de que no momento de falecer [...] se encontraba domiciliada en Requena».

Tamén se aplica o foro aos litixios sobre os froitos da herdanza: «a competencia para coñecer do presente procedemento debe declararse a favor do Xulgado de Primeira Instancia número Un de Montoro, por se exercitar acción na que se suscita cuestión hereditaria, e, como tal, suxeita ao foro imperativo contido no artigo 52.1.4º [...]. Na demanda preténdese que se declare que os froitos dos bens hereditarios, mentres permaneza indivisa a herdanza, pertencen aos herdeiros por terceiras e iguais partes, e que se condene ao demandado a reintegrar á conta común a cantidade de doce mil noventa e catro euros con noventa e catro céntimos, máis os xuros legais. A reclamación de reintegro de cantidade ten o seu fundamento nunha comunidade de bens hereditarios e na declaración de pertenza dos seus froitos, suscitándose o conflito con motivo do haber hereditario e da condición de coherdeiros» (ATS do 17 de setembro de 2013, rec. 122/2013).

Este foro debe entenderse aplicable á acción declarativa de indignidade para suceder, á

impugnación do desherdamento e ás accións sucesorias por preterición.

Tamén haberá que considerar aplicable este foro ás materias que a anterior LAC de 1881 desagregaba nos apartados 5 e 6 do artigo 63: xuízos de testamentaría ou ab intestato e xuízos de testamentaría que teñan por obxecto a distribución dos bens entre os pobres, parentes ou outras persoas chamadas polo testador, sen sinalalas polos seus nomes.

6.4.2 Nomeamento de administrador de herdanza xacente

No ATS do 8 de xullo de 2014 (rec. 91/2014) analízase a competencia para coñecer dunha demanda de xurisdición voluntaria para o nomeamento de administrador xudicial a favor dunha herdanza xacente, o cal trae causa, pola súa vez, dun xuízo ordinario precedente cuxa finalidade é a elevación a escritura pública dun contrato de compravenda no seu día formalizado co falecido e cuxo obxecto é unha vivenda situada en Madrid, xuízo ordinario do que coñecen os xulgados de Madrid. O TS declara que o artigo 52.1.4º da LAC establece que «nos xuízos sobre cuestións hereditarias será competente o tribunal do lugar en que o finado tivo o seu último domicilio, e se o tivo nun país estranxeiro, o do lugar do seu último domicilio en España, ou onde estea a maior parte dos seus bens, á escolla do demandante. No presente caso, elixida pola parte autora a localidade de Madrid para interpor a demanda de xurisdición voluntaria, lugar onde se encontra o ben respecto do cal trae causa o presente expediente de xurisdición voluntaria, corresponde aos xulgados de Madrid a competencia para o seu coñecemento».

6.4.3 División de herdanza

Aplicase o foro do artigo 52.1.4º da LAC á acción en solicitude de división xudicial da herdanza (ATS do 13 de xuño de 2018, rec. 110/2018), e, xa que logo, a competencia correspóndelle ao xulgado do lugar en que o finado tivo o seu último domicilio (AATS do 14 de xaneiro de 2014, rec. 194/2013; do 7 de maio de 2013, rec. 38/2013; e do 13 de marzo de 2012, rec. 21/2012).

Tamén se aplica o foro especial á demanda de xuízo ordinario de nulidade ou,

alternativamente, de rescisión das operacións particionais da herdanza da causante (ATS do 26 de marzo de 2019, rec. 31/2019).

O ATS do 14 de setembro de 2016 (rec. 923/2016) resolve sobre un conflito de competencia territorial en relación cunha demanda de liquidación de sociedade de gananciais e de división xudicial de herdanza aplicando o foro do artigo 52.1.4 da LAC, é dicir, o relativo ás cuestións hereditarias. Malia que non razoa sobre este punto, debe entenderse que o citado auto parte de que a acción de división da herdanza é a principal e que a de liquidación da sociedade de gananciais sería accesorio ou instrumental a esta.

Expresamente o recente ATS do 26 de xaneiro de 2021 (rec. 206/2020), nun suposto de demanda de liquidación de sociedade de gananciais e de división xudicial de herdanza, considera que «das dúas accións acumuladas, a principal versa sobre cuestións hereditarias», e aplica conseguintemente o foro das cuestións hereditarias do artigo 52.1.4º da LAC.

6.4.4 Acción para outorgamento e sinatura de escritura pública de caderno particional

Esta acción tamén está suxeita ao foro imperativo contido no artigo 52.1.4º (AATS do 13 de marzo de 2012, rec.21/2012; do 8 de xuño de 2010, rec. 254/2010; e do 5 de xullo de 2011, rec. 81/2011).

6.4.5 Sucesión en títulos nobiliarios

Os dereitos honoríficos non pertencen ao patrimonio hereditario dunha persoa (STS do Pleno núm. 251/2008, do 3 de abril).

Descartado que se trate dun procedemento de materia hereditaria, resulta que o artigo 52 da LAC non contén ningún foro especial para os preitos sobre dereitos honoríficos da persoa, o que leva á aplicación das normas xerais sobre atribución de competencia, e conforme ás mesmas, só sería posible apreciar a falta de competencia territorial en virtude de declinatoria proposta en tempo e forma polo demandado ou por parte lexítima (ATS do 11 de xuño de 2019, rec. 74/2019).

6.4.6 Autorización para aceptar e renunciar a herdanza

O criterio que viña aplicando o TS era considerar como norma aplicable o artigo 62 da LXV, atribuíndo a competencia ao xulgado do domicilio, ou, na súa falla, da residencia, do menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente (AATS do 25 de xuño de 2019, rec. 78/2019; do 4 de xullo de 2018, rec.102/2018). Tamén para renunciar á herdanza se consideraba aplicable o artigo 62 da LXV (AATS do 25 de xuño de 2019, rec. 78/2019; do 11 de xuño de 2019, rec. 130/2019; ou do 4 de xullo de 2018, rec. 102/2018).

No entanto, recentemente modificouse este criterio, e así, no ATS do 14 de xaneiro de 2020 (rec. 293/2019) declárase que «estamos ante unha solicitude de autorización xudicial para renunciar aos dereitos hereditarios que lle poderían corresponder a un menor, polo que será competente o xulgado de primeira instancia do último domicilio, ou, na súa falla, da última residencia, do causante».

No mesmo senso se declarou que «se a petición ten por obxecto solicitar a autorización xudicial necesaria para repudiar a herdanza ou legado a favor dun menor ou dunha persoa con capacidade modificada xudicialmente, ou cando unicamente ten por obxecto a autorización para aceptar sen beneficio de inventario, será competente o xulgado de primeira instancia do último domicilio, ou, na súa falla, da última residencia, do causante, e se o tivo en país estranxeiro, o do lugar do seu último domicilio en España ou onde estea a maior parte dos seus bens, á escolla do solicitante» (AATS do Pleno do 10 de decembro de 2019, rec. 187/2019; e do 10 de decembro de 2019, rec. 203/2019).

6.4.7 Autorización para a partición da herdanza

Estes supostos, coma os de autorización para aceptar ou repudiar, veñen fixados con carácter imperativo polo precepto correspondente en cada caso, sen que caiba modificala por submisión expresa ou tácita (segundo se desprende dos artigos 2.2 e 16 LXV).

A norma aplicable será a do artigo 62 da LXV, e non o artigo 94, por canto aquel dispón

que para a obtención de autorización ou aprobación xudicial para realizar actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos bens ou dereitos de menores ou persoas con capacidade modificada xudicialmente, a competencia corresponde ao xulgado do domicilio, ou, na súa falla, da residencia, do menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente. Por todo o cal a competencia corresponde ao xulgado do domicilio/residencia da persoa tutelada. Tal criterio competencial resulta, ademais, conforme co principio de protección do tutelado, xa que o exercicio da tutela ha de ser máis efectivo baixo o control do xulgado de residencia do tutelado. O que, ademais, posibilita o acceso efectivo daquel á xustiza, de conformidade co artigo 13 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (AATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 350/2019; do 4 xullo de 2018, rec 102/2018; do 17 de maio de 2017, rec. 67/2017; e do 30 de novembro de 2016, rec. 1057/2016).

É frecuente que nos expedientes promovidos polos titores se acumulen varias peticións, o que complica o tratamento da competencia territorial. Se a petición ten por obxecto a aprobación xudicial dunha partición de herdanza, na que se formaliza e comprende, ademais da partición e a aceptación das adxudicacións particionais, a aceptación da herdanza (incluída tamén a aceptación pura e simple), será competente para o coñecemento destes expedientes o xulgado de primeira instancia do domicilio, ou, na súa falla, da residencia, do menor ou persoa con capacidade modificada xudicialmente (artigo 62 LXV). Este criterio considérase máis acorde, por razóns de inmediación e eficacia, ao ser necesaria, como regra xeral, a audiencia do tutelado para a aprobación da partición da herdanza, e facilitarse así o acceso efectivo daquel á xustiza, de conformidade co artigo 13 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade (AATS do Pleno do 10 de decembro de 2019, rec. 187/2019; e do 10 de decembro de 2019, rec. 203/2019).

6.5 Foro para accións derivadas de arrendamentos de inmobles e de desafiuzamento

6.5.1 Doutrina xeral

A LAC asume o *forum rei sitiae*. Será competente o tribunal do lugar en que estea sito o predio (artigo 52.1.7º da LAC). É un dos foros especiais de carácter imperativo (AATS

do 9 de xullo de 2013, rec. 107/2013; e do 3 de decembro de 2013, rec. 180/2013).

O foro inspírase na conveniencia de acercar o obxecto do proceso ao órgano xurisdiccional, facilitando a práctica da proba e axilizando os trámites da eventual execución.

Cando o foco da discusión se centra en determinar se a acción exercitada deriva dun contrato de arrendamento (o que esixiría a aplicación do foro imperativo do artigo 52.1.7º da LAC) ou se, pola contra, estamos ante unha acción de condena pecuniaria desligada do contrato (o que determinaría a aplicación do foro xeral contemplado nos artigos 50 e 51 da LAC), as posibles dúbidas acerca da propia acción exercitada, se é independente ou non do contrato de arrendamento, deben resolverse a favor da aplicación da norma imperativa, e inda máis ante a posibilidade de ter que interpretar ou estudar o contrato de arrendamento para poder decidir acerca da procedencia da reclamación (AATS do 19 de xaneiro de 2021, rec. 232/2020; do 5 de novembro de 2019, rec. 239/2019; do 16 de xullo de 2019, rec. 151/2019; do 9 de abril de 2019, rec. 59/2019; e do 30 de maio de 2018, rec. 17/2018).

Este foro aplícase tamén a arrendamentos de locais (ATS do 8 de outubro de 2019, rec. 168/2019) e debe entenderse igualmente aplicable aos arrendamentos rústicos, e de feito así se establecía expresamente no artigo 123 da Lei 83/1980, do 31 de decembro, de arrendamentos rústicos (LAR) ata a súa derogación pola disposición derogatoria única da Lei 1/2000, do 7 xaneiro.

Se o predio se estende a diferentes partidos xudiciais, caben dúas solucións: utilizando unha esexese histórica pode seguirse o criterio que establecía o apartado segundo do artigo 123 da LAR: «se por razón do lugar foren competentes distintos xulgados, a competencia atribuirase ao que corresponda ao lugar en que se encontra a parte principal do predio, considerando como tal o de situación da casa labor do arrendatario ou parceiro, e na súa falla, a parte de maior cabida».

A outra solución, que se entende preferible e que deberán seguir as/os Sras./Sres. fiscais entremetres non cristalice criterio xurisprudencial oposto, é aplicar analoxicamente as regras establecidas para as accións reais sobre inmobles no artigo 52.1 da LAC e para a

execución de hipotecas inmobiliarias no artigo 684.1.1º da LAC: cando a acción se exercite sobre varias cosas inmoables ou sobre unha soa que estea situada en diferentes circunscricións, será tribunal competente o de calquera destas, á escolla do demandante. Esta solución ten a vantaxe da simplicidade, evitando complexos problemas probatorios.

6.5.2 Reclamacións de renda

Aplícase este foro ás reclamacións de cantidade derivadas do contrato de arrendamento (AATS do 19 de xaneiro de 2021, rec. 232/2020; do 4 de febreiro de 2020, rec. 312/2019; e do 22 de abril de 2014, rec. 28/2014).

Aplícase á acción de reclamación de cantidades derivadas do contrato de arrendamento urbano, e non soamente ao aboamento de rendas senón tamén a cantidades asimiladas impagadas (ATS do 10 de setembro de 2013, rec. 95/2013).

Aplícase a unha demanda de xuízo ordinario na que se exercita unha acción de reclamación de cantidade por impagamento de rendas dun contrato de arrendamento de cuberta de edificio de uso industrial dunha instalación fotovoltaica (ATS do 14 de decembro de 2016, rec. 1060/2016).

6.5.3 Reclamacións de fornecementos

Aplícase este foro especial en relación cunha demanda de xuízo verbal na que se exercita unha acción de reclamación do fornecemento de agua, derivado dun contrato de arrendamento que reclama a que foi arrendadora fronte á anterior arrendataria (AATS do 25 de xuño de 2019, rec. 123/2019; e do 30 de maio de 2018, rec. 17/2018). Isto tamén é aplicable á acción de reclamación de fornecementos de gas, luz e teléfono (ATS do 12 de marzo de 2019, rec. 20/2019).

6.5.4 Devolucións de fianza

Exercitada acción de devolución de fianza derivada dun contrato de arrendamento de

vivenda, é de aplicación o foro imperativo do artigo 52.1.7ª da LAC (AATS do 5 de novembro de 2019, rec. 239/2019; do 9 de maio de 2018, rec. 22/2018; do 2 de xullo de 2013, rec. 88/2013; ou do 19 de febreiro de 2013, rec. 264/2012).

Aplicando esta doutrina, enténdese que opera este foro en relación cunha acción de reclamación do importe da fianza entregada e retida polo arrendador con base na desistencia do arrendatario, derivada dun contrato de arrendamento de vivenda (ATS do 9 de abril de 2019, rec. 59/2019).

Non se aplica este foro, e si o dos consumidores, nun suposto de demanda para a devolución da fianza prestada nun alugamento vacacional (ATS do 7 de maio de 2019, rec. 1/2019).

6.5.5 Reclamacións por danos causados polo arrendatario

Aplicase este foro imperativo a unha acción de reclamación de cantidade polos derramos causados na vivenda arrendada (AATS do 16 de xullo de 2019, rec. 151/2019; e do 10 de setembro de 2013, rec. 95/2013).

6.6 Foro das accións relativas a propiedade horizontal

Será competente o tribunal do lugar en que radique o predio (artigo 52.1.8º da LAC). Trátase dun foro imperativo (AATS do 14 de xaneiro de 2020, rec. 315/2019; e do 7 de xaneiro de 2014, rec. 191/2013).

Xa a Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, na súa redacción dada pola Lei 8/1999, do 6 de abril, estableceu este foro imperativo no seu artigo 21.3.

Este foro é de aplicación ás reclamacións de cotas comunitarias impagadas (AATS do 1 de febreiro de 2017, rec. 1112/2016; e do 5 de outubro de 2016, rec. 1011/2016).

Aplicase á acción de reclamación de cantidade, ao abeiro do artigo 10.1 da LPH, por incumprimento da comunidade de propietarios das obrigas de conservación e mantemento do inmovible, con reclamación dos danos causados por atasco en

canalización comunitaria no inmueble do autor, ao abrigo do artigo 1902 do CC (ATS do 8 de novembro de 2017, rec. 105/2017).

Ante unha demanda de xuízo verbal en reclamación de cantidade e condena de facer, con fundamento nos artigos 1902 e 1903 do Código civil e 9 da Lei de propiedade horizontal, por filtracións de agua, aplícase este foro en canto que a acción exercitada se fundamenta non só no artigo 1902 do CC, senón tamén no artigo 9, apartados b), c), d) e g), da Lei de propiedade horizontal, o que integra o suposto previsto polo artigo 52.1.8º da LAC, foro imperativo que expresamente atribúe a competencia territorial para o coñecemento dos xuízos en materia de propiedade horizontal ao tribunal do lugar en que radique o predio (ATS do 30 de maio de 2018, rec. 57/2018).

O foro debe entenderse igualmente aplicable aos procesos en relación coa adopción de acordos da comunidade.

6.7 Foro das accións de indemnización dos danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor

6.7.1 Réxime xeral

A LAC asume o foro denominado *locus comissi factis*, partindo de que o obxecto do debate versará sobre a comisión dun ilícito civil. O artigo 52.1.9º da LAC establece, como norma imperativa, que o foro territorial nos xuízos en que se pida indemnización dos danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor é o do órgano xurisdiccional do lugar en que se causaron os danos, sen que sexan aplicables as normas sobre submisión expresa ou tácita. Será apreciada de oficio polo órgano xurisdiccional, conforme dispón o artigo 58 da LAC (ATS do 17 de setembro de 2013, rec. 146/2013).

A razón de ser deste foro radica en que de aplicar o foro xeral do domicilio a supostos de accidentes de tráfico con pluralidade de prexudicados, con posible actuación de entidades aseguradoras e pluralidade de responsables civís, daríase lugar á situación inaceptable de que poderían ser competentes de modo excluínte entre eles varios xulgados (ATS do 4 de novembro de 2014, rec. 121/2014). Ademais, esta solución competencial facilitará a práctica da proba.

A xurisprudencia interpreta con flexibilidade o concepto «feito da circulación», e así a STS núm. 556/2015, do 19 de outubro, inclúe «a parada ou estacionamento relacionados cos períodos de descanso do condutor», en relación cun suposto de danos causados polo vehículo que se encontraba estacionado e orixina o incendio. Tamén é un «feito da circulación», e se lle aplica este foro especial, cando o accidente é ocasionado por un animal (*vide* ATS do 22 de setembro de 2009, rec. 206/2009). Neste sentido, o ATS do 18 de setembro de 2012 (rec. 158/2012) declara que «causándose o dano mentres o vehículo danado circulaba por unha vía, na que irrompeu o animal causante dos danos, resulta aplicable a regra imperativa do artigo 52.1.9º [...] que atribúe a competencia ao tribunal onde ocorreron os feitos (isto aínda que o citado dano fose causado non por outro vehículo, senón por algo externo)».

6.7.2 Reclamación por danos a vehículo arrendado

Non ten cabida no previsto no artigo 52.1.9º da LAC, posto que non se está a exercitar unha acción de responsabilidade civil extracontractual por danos e perdas derivados de accidente de circulación, senón que se promove demanda por parte da entidade arrendadora propietaria do vehículo en reclamación dos danos causados ao mesmo pola entidade arrendataria a través de quen o conducía, tratándose polo tanto dunha acción de natureza contractual que dimana do contrato de arrendamento que ligaba ambas as mercantís [...] independentemente de que os danos se ocasionaran conducindo un vehículo, non se trata en puridade dun suposto de danos en accidente por faltar o elemento da alteridade, xa que os danos foron ocasionados no propio vehículo arrendado, ao parecer por un despiste do seu condutor. [...] estamos ante unha reclamación de cantidade ligada a un incumprimento contractual, que por iso mesmo non presenta especialidade ningunha, nin resulta incardinable na regra 9ª do artigo 52.1 da LAC, o que determina que resulten de aplicación as regras xerais de competencia territorial contidas nos artigos 50 e 51 do mesmo texto legal (AATS do 1 de febreiro de 2017, rec. 1111/2016; e do 4 de novembro de 2014, rec. 121/2014).

6.7.3 Acción directa de prexudicado contra a aseguradora do causante do accidente

É competente o xulgado do lugar onde se produciu o accidente de tráfico (ATS do 28 de xuño de 2017, rec. 100/2017).

«A acción directa [...] non se trata dunha acción do asegurado contra o asegurador, senón do prexudicado contra o seguro, que se suscita polos condutos de responsabilidade extracontractual; en consecuencia, non se aplican a esta acción as normas da Lei do contrato de seguro [...] a acción directa do artigo 76 da Lei de contrato de seguros non queda sometida á regra de competencia do artigo 24 da mesma lei, senón á regra do artigo 52.1.9º da Lei de axuízamento civil, e polo tanto o xuíz competente é o do lugar onde se produciu o dano» (ATS do 30 de outubro de 2003, rec. 30/2003)

6.7.4 Acción de repetición entre aseguradoras

A acción subrogatoria entre compañías do artigo 43 da LCS (acción de repetición dunha aseguradora polas cantidades aboadas como consecuencia de accidente tráfico sufrido polo seu asegurado) sométese á regra xeral do artigo 51.1 da LAC. A acción do artigo 43 da LCS é a de repetición polas cantidades aboadas, e non a acción de responsabilidade polos danos e perdas derivados do sinistro, o que exclúe a aplicación da regra 9ª do artigo 52.1 da LAC e determina, ao non presentar especialidade ningunha, que resulte de aplicación a regra xeral de competencia territorial contida no artigo 51 do mesmo texto legal, que atribúe o coñecemento do litixio ao órgano xudicial no que teña o seu domicilio a persoa xurídica demandada (AATS do 17 de novembro de 2020, rec. 102/2020; do 3 de marzo de 2020, rec. 20/2020; do 4 de xullo de 2018, rec. 103/2018; do 14 de marzo de 2018, rec. 20/2018; e do 19 de abril de 2017, rec. 20/2017).

Isto non se ve alterado polo feito de que a demanda se dirixa tanto contra o propietario do vehículo coma fronte á súa aseguradora, pois a acción exercitada é a mesma respecto de ambas, a de subrogación do artigo 43 da LCS, que non se limita á reclamación entre aseguradoras (AATS do 3 de marzo de 2020, rec. 20/2020; do 4 de abril de 2018, rec. 44/2018; do 13 de xuño de 2018, rec. 75/2018; e do 7 de febreiro de 2018, rec. 221/2017).

Este criterio non só rexe para as accións de repetición fundadas no artigo 43 da LCS,

senón tamén para as fundadas no artigo 11 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor –en diante, LRCSCVM– (AATS do 22 de abril de 2014, rec. 16/2014; e do 24 de outubro de 2016, rec. 1043/2016) e mais no artigo 10 LRCSCVM (ATS do 15 de outubro de 2019, rec. 169/2019).

Similar ao tratamento dado á acción de subrogación é o que se dá aos supostos en que o prexudicado polo accidente cede a súa acción a unha entidade para os efectos de que exercite as accións legais procedentes a fin de reclamar a indemnización correspondente (ATS do 29 de outubro de 2019, rec. 190/2019).

6.7.5 Acción de repetición contra o asegurado

Na cuestión de competencia territorial suscitada nun xuízo ordinario no que unha compañía de seguros exercitou a acción de repetición do artigo 7.a) da LRCSCVM para reclamar o importe das indemnizacións pagadas aos prexudicados por un accidente de tráfico no que o demandado, responsable do mesmo, estaba asegurado na compañía demandante, o TS entendeu que resultaba aplicable a regra imperativa establecida artigo 52.2 da LAC (foro dos seguros), e que a competencia para o coñecemento do asunto correspondía ao domicilio do asegurado demandado (ATS do 14 de xaneiro de 2014, rec. 169/2013), pois a acción que se exercita no procedemento non é a acción de responsabilidade polos danos e perdas derivados de accidente de circulación, senón a acción de repetición das indemnizacións pagadas aos prexudicados por accidente de tráfico no que o responsable do mesmo estaba asegurado na compañía demandante (ATS do 6 de marzo de 2012, rec. 254/2011).

Con idéntico resultado, pero con distinto fundamento, ante unha reclamación de cantidade en virtude da acción de repetición prevista no artigo 10 da LRCSCVM, ao se acreditar que o condutor do vehículo asegurado conducía baixo a influencia de bebidas alcohólicas, polo que os danos ocasionados e aboados pola aseguradora non estarían cubertos pola póliza, o TS considera que a acción exercitada (artigo 10 LRCSCVM) non presenta especialidade ningunha, nin por tanto ten encaixe no foro territorial especial imperativo do artigo 52.1.9º da LAC, ao constituír doutrina reiterada que este foro, referente «ao tribunal do lugar en que se causaron os danos», está unicamente previsto para dirimir as accións de responsabilidade civil contra o responsable do

sinistro en reclamación dos danos e perdas causados polo mesmo, pero non é aplicable para as accións de repetición. En consecuencia, á falla de foro especial, son aplicables as regras xerais de competencia territorial contidas nos artigos 50 e 51 do mesmo texto legal, que con respecto ás persoas físicas sinalan que deben ser demandadas no lugar onde teñan o seu domicilio (AATS do 14 de marzo de 2018, rec. 31/2018; e do 22 de novembro de 2017, rec. 179/2017).

6.7.6 Acción directa do asegurado contra a súa compañía

Non se aplica a regra 9ª do artigo 52.1 da LAC, senón o foro do domicilio do asegurado.

Nestes casos a acción exercitada non é unha acción de responsabilidade polos danos e perdas derivados de accidente de circulación contra o responsable dos ditos danos, senón unha acción do asegurado contra a súa compañía aseguradora en virtude da póliza de seguro existente entre ambos, sen que resulte polo tanto aplicable o artigo 52.1.9º da LAC, senón o disposto no artigo 24 da Lei 50/1980, de contrato de seguro, o cal establece como foro imperativo o domicilio do asegurado (AATS do 10 de maio de 2017, rec. 47/2017; do 20 de novembro de 2012, rec. 201/2012; e do 29 de maio de 2012, rec. 89/2012).

Este criterio é aplicable aínda que a acción do asegurado contra a súa aseguradora derive dos danos causados no accidente de tráfico (ATS do 19 de febreiro de 2019, rec. 222/2018).

Este criterio aplícase tamén cando o asegurado reclama contra a súa aseguradora cantidades por honorarios do letrado designado libremente en virtude de acción directa derivada de contrato de seguro con cobertura de defensa xurídica. Esta doutrina ten o seu fundamento no disposto nos artigos 52.2 da LAC e 24 da LCS (AATS do 26 de xaneiro de 2021, rec. 244/2020; do 21 de febreiro de 2018, rec. 14/2018; ou do 23 de setembro de 2014, rec. 100/2014).

No entanto, se o asegurado cede o seu crédito por razón da cobertura xurídica ao despacho que o asistiu, á acción destes contra a aseguradora non lle resulta aplicable o foro especial do artigo 52.2 da LAC (ATS do 23 de febreiro de 2021, rec. 309/2020).

6.7.7 Acción de aseguradora e asegurado contra o propietario do outro vehículo causante do accidente e a súa aseguradora

É aplicable o foro especial e é competente, por tanto, o xulgado do lugar onde se produciu o accidente de tráfico (ATS do 4 de abril de 2018, rec. 5/2018).

6.7.8 Accións de repetición de asegurador contra concesionario de autoestrada

Suscítase se é aplicable o foro do artigo 52.1.9º da LAC á demanda da aseguradora contra a sociedade concesionaria da autoestrada en reclamación da indemnización satisfeita ao seu asegurado de resultas dun sinistro ocorrido no vehículo polo atropelo de tres cans que invadiran a calzada. O TS considera que a acción exercitada (artigo 43 da LCS) non presenta especialidade ningunha nin ten encaixe no foro territorial especial imperativo do artigo 52.1.9º da LAC, ao constituír doutrina reiterada que este foro, referente «ao tribunal do lugar en que se causaron os danos», está unicamente previsto para dirimir as accións de responsabilidade civil contra o responsable do sinistro en reclamación dos danos e perdas causados polo mesmo, pero non é aplicable para as accións de repetición fundadas no artigo 43 LCS. En consecuencia, á falla de foro especial, son aplicables as regras xerais de competencia territorial contidas nos artigos 50 e 51 do mesmo texto legal –que nos xuízos verbais, por non ser posible a submisión, teñen a consideración de foro imperativo– (ATS do 23 de maio de 2018, rec. 63/2018; do 14 de febreiro de 2018, rec. 203/2017; e do 14 de marzo de 2018, rec. 20/2018).

6.7.9 Acción de repetición do Consorcio de Compensación de Seguros

Esta acción non presenta especialidade ningunha nin, por tanto, ten encaixe no foro territorial especial imperativo do artigo 52.1.9º da LAC, ao constituír doutrina reiterada que o foro do lugar en que se causaron os danos está unicamente previsto para dirimir as accións de responsabilidade civil contra o responsable do sinistro en reclamación dos danos e perdas causados polo mesmo, pero non é aplicable para as accións de repetición, tanto que se trate das fundadas no artigo 43 da LCS coma das fundadas no artigo 11 da LRCSCVM ou no actual artigo 10 da LRCSCVM, anterior artigo 7 a) do texto precedente, que é o que acontece neste caso. En consecuencia, á falla de foro

especial, son aplicables as regras xerais de competencia territorial contidas nos artigos 50 e 51 da LAC (AATS do 16 de xullo de 2019, rec. 108/2019; do 26 de outubro de 2016, rec. 1043/2016; e do 29 de xaneiro de 2013, rec. 250/2012).

Tamén en relación cunha demanda de reclamación polo Consorcio de Compensación de Seguros en concepto de repetición polas cantidades aboadas ao prexudicado, en virtude do disposto no artigo 11.3 da LRCSCVM, tras ser atropelado por un vehículo cuxo propietario e condutor carecía de aseguramento, a acción exercitada non presenta especialidade ningunha, nin por tanto ten encaixe no foro territorial especial imperativo do artigo 52.1.9º da LAC, polo que se declara competente ao xulgado do domicilio do demandado (ATS do 2 de xullo de 2019, rec. 142/2019).

Debe lembrarse, como se expuso *supra*, que cando acciona o Consorcio «debe operar tamén a regra do artigo 15 da Lei 52/1997 de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas» (ATS do 22 de abril de 2014, rec. 16/2014).

6.7.10 Acción do prestador de asistencia sanitaria contra o seguro do causante do accidente

As reclamacións que traen causa no servizo de asistencia sanitaria prestado aos lesionados nun accidente de tráfico e nas que os prexudicados lle cederon á entidade que prestou a asistencia o dereito a reclamar o seu importe á compañía de seguros do causante do sinistro constitúen unha acción directa, en aplicación dos artigos 1902 do CC e 76 da LCS, fronte á aseguradora do vehículo causante do dano, polo que, de acordo coa regra do artigo 52.1 9º da LAC, a competencia correspondería ao xulgado do lugar onde se produciu o sinistro (AATS do 10 de setembro de 2019, rec. 149/2019; do 19 de febreiro de 2019, rec. 5/2019; do 14 de decembro de 2018, rec. 214/2018; e do 14 de decembro de 2018, rec. 214/2018).

6.7.11 Acción directa dos prexudicados fronte á aseguradora en sinistro de circulación producido noutro país da UE

O TS tivo ocasión de se pronunciar en dúas ocasións sobre conflitos negativos de competencia territorial respecto de demandas en que os prexudicados exercitan unha

acción directa fronte a unha aseguradora pola responsabilidade civil derivada dun accidente de circulación que se produciu en Portugal.

En principio, sería de aplicación como foro territorial imperativo o fixado no artigo 51.1.9º da LAC, que atribúe a competencia ao órgano xurisdiccional do lugar en que se causaron os danos. Agora ben, este foro resulta inaplicable ao caso, posto que o sinistro –e, daquela, os danos– tivo lugar fóra do territorio nacional.

Nun dos casos –tratábase de demanda de xuízo ordinario–, ao non ter encaixe a acción en ningunha das materias ás que se reserva un foro territorial imperativo nos números 1º e mais 4º a 15º do apartado 1, e nos apartados 2 e 3, do artigo 52 da LAC, o TS considerou que só era posible apreciar a falta de competencia territorial para coñecer do xuízo ordinario en virtude de declinatoria proposta en tempo e forma polo demandado ou por parte lexítima (ATS do 28 de maio de 2019, rec. 63/2019). No outro caso, como queira que se trataba dun xuízo verbal, o TS considerou que a demanda debía ser coñecida polo xulgado do domicilio do demandado (ATS do 3 de decembro de 2019, rec. 271/2019).

6.7.12 Acción subrogatoria contra o causante do accidente e a súa aseguradora

Nestes casos achámonos ante unha acumulación de accións fronte a varios demandados, e debe entenderse que a acción que exercita a aseguradora fronte á outra aseguradora ten o seu fundamento na acción que se dirixe fronte ao causante do accidente, polo que debe fixarse a competencia con base no domicilio do causante do accidente (*vide* ATS do 12 de marzo de 2019, rec. 272/2018).

6.8 Foro das accións de impugnación de acordos sociais

A Lei de sociedades anónimas (no texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro) introduciu para estes procesos un foro imperativo no seu artigo 118, de acordo co cal «será xuíz competente para coñecer do asunto, con exclusión de calquera outro, o xuíz de primeira instancia do lugar do domicilio social. O xuíz examinará de oficio a súa propia competencia».

A LAC derogou este precepto, pero mantivo un foro similar no artigo 52.1.10º: en materia de impugnación de acordos sociais será tribunal competente o do lugar do domicilio social.

É un foro imperativo e considérase acreditado o domicilio pola correspondente certificación rexistral (ATS do 22 de abril de 2014, rec. 25/2014).

Neste mesmo sentido, o ATS do 17 de xuño de 2014 (rec. 74/2014) declara que «interposta demanda de xuízo ordinario en exercicio de acción de impugnación de acordos sociais, a competencia territorial en tales casos vén determinada polo disposto no artigo 52.1.10º da LAC, precepto que establece como foro de natureza imperativa o domicilio social do demandado, constando acreditado pola certificación do Rexistro Mercantil [...] que a demandada ten o seu domicilio social nesa localidade, onde por outra parte presentou a demanda a parte autora, que é socio da demandada, sendo así que aínda que o centro de efectiva administración e dirección puidese estar situado noutro partido xudicial diferente –o que non se acreditou–, o certo é que a acción exercitada foino ante o órgano xudicial competente territorialmente segundo o foro imperativo previsto no artigo 52.1.10º da Lei de axuizamento civil».

Consoante o ATS do 18 de decembro de 2001 (rec. 1084/2001), «desde as perspectivas das interpretacións literal e lóxica é evidente que o domicilio a que se refire o artigo 52.1.10º da Lei de axuizamento civil, no que concirne ás sociedades de responsabilidade limitada, é tanto o que figure publicado no Rexistro Mercantil (que non é outro ca o que resulta fixado nos estatutos da sociedade conforme o artigo 13.d da Lei de sociedades de responsabilidade limitada) coma o efectivo ou real á elección do terceiro rexistral, ou exclusivamente o primeiro cando a condición de terceiro non concorra en quen exercita a acción [...]. A norma primaria contida no artigo 7 da Lei de sociedades de responsabilidade limitada obriga aos constitúentes dunha sociedade desta clase a lograr unha efectiva coincidencia entre o domicilio publicado e o da efectiva administración e xestión da sociedade, pero a sanción que prevé para o caso do seu incumprimento non é outra ca a de facultar aos terceiros (evidentemente rexistrais) a optaren no exercicio dos seus dereitos entre ambos os domicilios [...]. A norma secundaria (ou sancionadora) recolleita no artigo 7.2 da dita lei non ten como destinatario inmediato ou directo a autoridade xudicial, nin lle impón o domicilio real ao terceiro rexistral [...]. No suposto

que nos ocupa (exercicio da acción de impugnación dos acordos sociais dunha sociedade de responsabilidade limitada familiar na que os seus tres socios son irmáns e participan cada un deles dun terzo do capital) podería discutirse se a demandante é ou non terceiro rexistral, pero o que é incuestionable é que, calquera que sexa a súa condición, xa porque exercitou a opción que lle atribúe o artigo 7, xa por cumprimento formal do publicado no rexistro, a acción exercitada foino ante o órgano xudicial competente territorialmente segundo o foro imperativo previsto no artigo 52.1.10º da Lei de axuízamento civil».

6.9 Foro das demandas sobre infraccións da propiedade intelectual

A LAC acolle o *forum delicti commissi* outorgándolle un foro alternativo ao demandante. Será competente o tribunal do lugar en que a infracción se cometera ou existan indicios da súa comisión, ou en que se encontren exemplares ilícitos, á escolla do demandante (artigo 52.1.11º da LAC).

A Lei de propiedade intelectual, na súa redacción dada polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 abril de 1996, introduciu no seu artigo 137 un foro imperativo de similar teor, que foi derogado tras a publicación da LAC.

O TS cualifícao de «foro especial de aplicación imperativa» (ATS do 11 de novembro de 2004, rec. 65/2004).

As facultades de elección do demandante son salientadas polo TS. Así, no ATS do 25 de setembro de 2002 (rec. 17/2002) declárase que «a competencia para coñecer do presente asunto sobre infracción da propiedade intelectual corresponde, conforme o artigo 52.1-11º da LAC, ao Xulgado de Primeira Instancia núm. 20 de Barcelona, xa que ao alegarse na demanda que na cidade de Barcelona había exemplares presuntamente ilícitos, presentarse a demanda na dita cidade, insistir o demandante na competencia dos xulgados de Barcelona ao ser oído sobre o particular e, finalmente, manifestar que só para o caso de se considerar o devandito xulgado incompetente optaba polo foro de Valencia, aínda que non sen reiterar que a obra presuntamente ilícita se distribuíra en toda España e por iso podían encontrarse exemplares en Barcelona, é claro que o demandante elixiu o foro de Barcelona dentro das facultades

que o dito precepto lle reconece».

6.10 Foro en materia de competencia desleal

Será competente o tribunal do lugar en que o demandado teña o seu establecemento, e á falla deste, o seu domicilio ou lugar de residencia, e cando non o teña en territorio español, o tribunal do lugar onde se realizara o acto de competencia desleal ou onde se produzan os seus efectos, á escolla do demandante (artigo 52.1.12º da LAC).

O artigo 23 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, na súa redacción original, xa introduciu un foro de similar factura, que xerou debate en canto á súa imperatividade por non conter unha especificación clara ao respecto. Coa nova configuración deste foro na LAC, é clara a súa natureza improrrogable.

En relación co foro aplicable a accións de condena pecuniaria en concepto de indemnización de danos e perdas por actuacións contrarias ao dereito da competencia, e especificamente en canto ao denominado «cártel dos camións», existe xa unha doutrina consolidada (*vide* AATS do 22 de outubro de 2019, rec. 212/2019; do 18 de xuño de 2019, rec. 56/2019; do 7 de maio de 2019, rec. 16/2019; do 26 de febreiro de 2019, rec. 262/2018; do 9 de xullo de 2019, rec. 100/2019; do 25 de xuño de 2019, rec. 94/2019; do 7 de maio de 2019, rec. 24/2019; do 2 de abril de 2019, rec. 11/2019; e do 9 de abril de 2019, rec. 250/2018).

Nestas resolucións o TS declara que o foro máis próximo á regulación das accións de dereito privado da competencia é o de competencia desleal, previsto no artigo 52.1.12º da LAC. Este foro atribúelle a competencia ao tribunal do lugar onde o demandado ten o seu establecemento, e á falla deste, ao do domicilio ou lugar de residencia. Como último foro subsidiario, cando o demandado careza de domicilio ou lugar de residencia en España prevese un foro electivo para o demandante: o lugar onde se realizou o acto ou onde se produzan os seus efectos. O lugar de realización do acto danoso, que é o acordo cartelizado, pode inducir a confusión, pero non ocorre o mesmo co lugar de produción de efectos, que é onde o demandante ve repercutido o sobreprezo, e que se pode identificar sen problemas adicionais co lugar de adquisición do vehículo.

Para o TS, nestes casos «o concesionario non pode ser considerado establecemento aberto ao público ou representante autorizado para actuar en nome da entidade, para os efectos do artigo 51.1 da LAC, porque nos contratos de concesión ou distribución interveñen dous empresarios independentes [...]. Desta forma, a fórmula habitual de adquisición destes vehículos en concesionarios ou establecementos multimarca fai completamente inoperante o foro alternativo do lugar de celebración do contrato, sen prexuízo de que onde se encontra o concesionario poida ser o lugar onde se produciran os efectos da conduta infractora».

O TS considera que nestes supostos de accións derivadas do denominado «cártel dos camións», cando se demanda a unha entidade con domicilio fóra de España debe aplicarse o foro do artigo 52.1.12º da LAC, acudindo ao «lugar de produción de efectos, que é onde o demandante ve repercutido o sobreprezo, e que se pode identificar sen problemas adicionais co lugar de adquisición do vehículo».

De se adquiriren varios camións, atenderase ao lugar en que se adquiriu a maioría dos camións.

Non obstante, o ATS do 15 de setembro de 2020 (rec. 104/2020) considera competente como lugar de produción do dano o partido xudicial en que o demandante ten o seu domicilio e no que tivo lugar unha das adquisicións, con preferencia ao partido xudicial onde se produciron a maioría das adquisicións. O Ministerio Fiscal sostivo que dous dos tres vehículos foron adquiridos en Valencia, polo que se debía considerar que a competencia territorial corresponde aos xulgados de Valencia. No mesmo sentido, o ATS do 12 de xaneiro de 2021 (rec. 166/2020).

Cando se demanda unha entidade con domicilio en España, a competencia fíxase polo lugar dese domicilio. Neste senso pódense citar os AATS do 7 de maio de 2019 (rec. 24/2019), do 25 de xuño de 2019 (rec. 94/2019), do 9 de xullo de 2019 (rec. 100/201), do 18 de xuño de 2019 (rec. 56/2019) e do 7 de maio de 2019 (rec. 16/2019). Non será aplicable, pois, consonte a doutrina do TS, o foro correspondente ao «lugar de produción de efectos» cando a entidade demandada ou unha das entidades demandadas teña domicilio en España (*vide*, neste sentido, AATS do 10 de marzo de 2020, rec. 318/2019; e do 3 de marzo de 2020, rec. 344/2019).

O ATS do 19 de marzo de 2019 (rec. 23/2019) estuda os efectos da desistencia dun dos demandados e a ampliación da demanda respecto doutros: «o demandante actuou correctamente ao formular a reclamación inicial no domicilio dun dos demandados, Renault España SA, sito en Valladolid. Logo desistiu da reclamación fronte á dita mercantil, mantendo a demanda contra Renault Trucks SAS, con domicilio en Francia, e ampliando a demanda fronte a Volvo Group España SA, con domicilio en Madrid, mais tal ampliación produciuse con posterioridade á admisión da demanda, xerando por tanto os efectos da *perpetuatio legitimationis* contemplada no artigo 412 da LAC. En consecuencia, atendido o establecido no auto de data do 26 de febreiro de 2019, conflito núm. 262/2018, a competencia territorial virá determinada polo lugar de produción de efectos, o cal se identifica co de lugar de compra do vehículo, dado que no mesmo ten lugar a repercusión do sobreprezo. No presente caso non consta con claridade o lugar de compra, sen que sexa admisible que Valladolid se inhiba a Palma de Mallorca, identificando o lugar en que se materializou o prexuízo que dá orixe ao litixio co domicilio do demandante, que non é o foro aplicable. En consecuencia, non estando probado o lugar de compra, procede resolver o presente conflito de competencia territorial en favor do Xulgado do Mercantil de Valladolid, sen prexuízo de que o dito órgano xudicial realice as actuacións necesarias para comprobar a súa propia competencia, incluíndo, se for o caso, o requirirlle ao autor a acreditación do lugar de adquisición».

6.11 Foro en materia de patentes e marcas

Será competente o tribunal que sinala a lexislación especial sobre a dita materia (artigo 52.1.13º da LAC). O artigo 54 da LAC outórgalle a este foro un carácter imperativo, excluindo a posibilidade de submisión expresa ou tácita.

A complexidade da materia levou o lexislador de 2000 a renunciar ao seu afán codificador, remitindo a regulación do foro á lexislación especial. Neste punto debe terse presente o artigo 118 da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, e no seu desenvolvemento, o Acordo do CXPX do 18 de outubro de 2018 polo que se atribúe en exclusiva o coñecemento dos asuntos civís que poidan xurdir ao amparo da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes; da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas; e da

Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, a diversos xulgados do mercantil (BOE do 14 de novembro de 2018).

Nesta materia, e en particular na de obtención de protección de obtencións vexetais, pode consultarse o ATS do 22 de xaneiro de 2019 (rec. 196/2018).

A razón de ser da indispoñibilidade deste foro radica na complexidade da materia, que se considerou que require unha hiperespecialización alén da que se predica dos xulgados do mercantil.

6.12 Foro das accións sobre cláusulas de condicións xerais da contratación

Nos procesos en que se exerciten accións para que se declare a non incorporación ao contrato ou a nulidade das cláusulas de condicións xerais da contratación, será competente o tribunal do domicilio do demandante (artigo 52.1.14º, inciso primeiro, da LAC).

A LAC derroga e substitúe os foros contidos no artigo 15 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación.

Este foro inspírase na protección do consumidor, como parte máis débil na relación contractual, fundamento que debe inspirar a súa esexese.

É un foro imperativo (ATS do 21 de febreiro de 2018, rec. 224/2017).

O ATS do 22 de xaneiro de 2019 (rec. 232/2018) declara en relación cunha demanda de xuízo ordinario na que se exercita a acción individual de nulidade de condicións xerais de contratación fronte a unha entidade bancaria que «en aplicación da regra 14ª do artigo 52.1 da LAC, e de conformidade co Acordo do 25 de maio de 2017, da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, que atribúe a determinados xulgados, con competencia territorial indicada para cada un dos casos, para que de maneira exclusiva e non excluín-te coñezan da materia relativa ás condicións xerais incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestameiro sexa unha persoa física, procede declarar a competencia territorial do Xulgado de Primeira

Instancia núm. 2 bis de Santander, xa que na demanda o demandante indicou que o seu domicilio se encontraba na localidade de Castro Urdiales».

Aplicase a unha acción individual de nulidade de condicións xerais de contratación (cláusula de vencemento anticipado) fronte a unha entidade bancaria (ATS do 21 de febreiro de 2018, rec. 224/2017).

En relación cun xuízo verbal sobre reclamación de cantidade consistente na devolución de gastos hipotecarios, o TS declara que tanto se se considera aplicable o foro competencial do artigo 52.1.14ª da LAC coma se se considera que nos encontramos ante unha acción exercitada por consumidores, son de aplicación os foros competenciais que establece o artigo 52.3 da LAC, que prevé que o demandante consumidor pode demandar ante o xulgado do seu domicilio (ATS do 17 de xullo de 2018, rec. 125/2018).

Aplicando este foro, o ATS do 27 de maio de 2015 (rec. 14/2015) declara que sendo única demandante unha asociación de consumidores con domicilio na provincia de Barcelona, cidade onde se presentou a demanda, exercitada a acción de nulidade de cláusulas de condicións xerais de contratación, non cabe senón declarar a competencia do Xulgado do Mercantil núm. 4 de Barcelona, pero á mesma conclusión se chega se entendemos que a acción é de cesación, porque a parte demandada é unha entidade de crédito con establecemento aberto en Barcelona, conforme o citado artigo 52.14º da LAC.

O ATS do 29 de outubro de 2008 (rec. 125/2008) declara que «o artigo 52.1.14º da Lei de axuizamento civil contén unha norma sobre atribución de competencia territorial, que é de carácter imperativo». Esta resolución conclúe que non é aplicable este foro, pois «non cabe entender que se trate de demanda formulada con tal finalidade, pois non consta que a cláusula cuxa nulidade se pretende constituía unha estipulación integrada nas chamadas condicións xerais da contratación».

Para o ATS do 1 de abril de 2004 (rec. 8/2004) «non é aplicable a regra especial do núm. 14º do artigo 52.1, xa que na demanda non se exercita acción para a declaración da non incorporación ao contrato ou nulidade das condicións xerais da contratación [...]

senón unha acción de nulidade de todo o contrato por dolo, erro e falta de información precontractual».

Nun suposto en que se exercita a declaración de nulidade de determinadas condicións xerais por consideralas abusivas tratándose de accións individuais exercitadas por uns consumidores, considérase aplicable a regra competencial do artigo 52.3 –foro do consumidor– (ATS do 25 de outubro de 2017, rec. 106/2017).

Consoante o artigo 52.1.14º, inciso segundo, da LAC sobre esa mesma materia, cando se exerciten as accións declarativa, de cesación ou de retractación será competente o tribunal do lugar onde o demandado teña o seu establecemento, e á falla deste, o do seu domicilio; e se o demandado carece de domicilio no territorio español, o do lugar en que realizou a adhesión.

6.13 Foro das terzarías de dominio ou de mellor dereito

Cando se interpoñan en relación cun procedemento administrativo de prema, será competente o tribunal do domicilio do órgano que acordou o embargo, sen prexuízo das especialidades previstas para as administracións públicas en materia de competencia territorial (artigo 52.1.15º da LAC).

O foro fúndase na peculiaridade derivada da intervención dun órgano público no embargo e debe cohonestarse coas previsións do artigo 15 da Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas (*vide supra* epígrafe 5.2).

Interpreta esta disposición o ATS do 27 de abril de 2004 (rec. 13/2004), que declara que «no presente caso exercitouse acción de terzaría de dominio respecto a un procedemento de prema instado polo Concello de Sanlúcar de Barrameda [...]. En consecuencia, non se trata de acción real sobre ben inmovible, cuxo foro competencial prevé o artigo 52.1.1, senón de acción para levantamento dun embargo, cuxo foro é o indicado na norma transcrita (artigo 52.1.15º)».

6.14 Foro das accións derivadas do contrato de axencia

A disposición adicional da Lei 12/1992, do 27 de maio, sobre contrato de axencia (en diante, LCA), determina que «a competencia para o coñecemento das accións derivadas do contrato de axencia corresponderá ao xuíz do domicilio do axente, sendo nulo calquera pacto en contrario»; e o artigo 3.1 da LCA establece que «á falla de lei que lles sexa expresamente aplicable, as distintas modalidades do contrato de axencia, calquera que sexa a súa denominación, rexeranse polo disposto na presente lei, cuxos preceptos teñen carácter imperativo a non ser que neles se dispoña expresamente outra cousa».

Aplicase este foro como imperativo (ATS do 14 de febreiro de 2018, rec. 215/2017).

Opera este foro respecto a unha reclamación de cantidade por razón do contrato de axencia (ATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 319/2019) e mais respecto a unha reclamación de indemnización por clientela derivada de contrato de axencia (ATS do 13 de setembro de 2017, rec. 109/2017).

Tamén se aplicará este foro da LCA en relación coa solicitude de dilixencias preliminares formulada ao abrigo do artigo 256.1.2º da LAC, na que se solicita que a demandada forneza unha serie de documentos debido á extinción do contrato de axencia que vinculaba as partes, en relación coa remisión que o número 9º do apartado 1 do artigo 256 da LAC realiza ás leis especiais (AATS do 26 de marzo de 2019, rec. 15/2019; do 10 de decembro de 2019, rec. 299/2019; e do 17 de xuño de 2015, rec. 88/2015).

6.15 Foro das accións en materia de seguros

Será competente o tribunal do domicilio do asegurado ou o que corresponda consonte as normas dos artigos 50 e 51, á escolla do demandante (artigo 52.2 da LAC).

O artigo 24 da Lei 50/1980, de 8 de outubro, de contrato de seguro, non derogado expresamente pola LAC, dispón que «será xuíz competente para o coñecemento das accións derivadas do contrato de seguro o do domicilio do asegurado, sendo nulo calquera pacto en contrario».

O fundamento do foro radica na protección do asegurado como parte máis débil da relación contractual.

Nas accións do asegurado contra a aseguradora rexe o foro do domicilio deste por aplicación do disposto no artigo 24 da LCS e «por aplicación do artigo 52.2 da LAC, referido aos litixios en materia de seguros, que establece o mesmo foro» (ATS do 9 de outubro de 2018, rec. 182/2018).

O foro aplícase nos supostos en que a demanda a formula o propio asegurado contra a súa compañía de seguros ou esta reclama contra el, é dicir, litixios onde o conflito se basea na relación directa e inmediata entre asegurado e asegurador (*vide* ATS do 18 de xuño de 2019, rec. 140/2019).

É por iso que non se aplica, por exemplo, á acción directa do artigo 76 da LAC dun prexudicado contra unha compañía de seguros para lle esixir o cumprimento da obriga de indemnizar polo dano causado pola súa asegurada por mala praxe médica (ATS do 1 de febreiro de 2017, rec. 1099/2016).

Aplícase este foro especial en relación cunha demanda de xuízo ordinario na que se exercita unha pretensión de condena pecuniaria con fundamento na subscrición dunha póliza de seguro de vida colectivo (ATS do 3 de marzo de 2020, rec. 324/2019).

Nunha demanda de xuízo ordinario que ten por obxecto unha acción de reclamación de cantidade do tomador e asegurado contra a súa compañía de seguros con base na póliza de seguros subscrita entre as partes, o TS considera que nos atopamos ante o exercicio dunha acción derivada do contrato de seguro, polo que resulta aplicable o foro imperativo previsto no indicado artigo 52.2 da LAC, e procede declarar a competencia territorial do xulgado correspondente ao foro do domicilio do demandante asegurado, ao ser o foro elixido pola dita parte ao presentar a demanda (ATS do 25 de febreiro de 2020, rec. 329/2019).

Cando a través dun xuízo verbal se exercita a acción de repetición entre compañías aseguradoras, quedará suxeita ao foro xeral das persoas xurídicas, o cal rexe con carácter imperativo no ámbito do xuízo verbal. O demandante podía optar por presentar

a demanda no xulgado do lugar do domicilio social da demandada ou no xulgado do lugar en que se produciu o sinistro e naceu, en consecuencia, a relación xurídica entre as partes, sempre que a entidade demandada tivera establecemento aberto ao público (AATS do 17 de marzo de 2020, rec. 321/2019; e do 28 de xaneiro de 2020, rec. 346/2019).

Son frecuentes as accións de aseguradoras contra compañías eléctricas por subrogación das cantidades aboadas ao asegurado por danos causados por fallos no fornecemento eléctrico: a solución é a de considerar aplicable o foro xeral do domicilio das persoas xurídicas (AATS do 6 de outubro de 2020, rec. 140/2020; ou do 14 de xaneiro de 2020, rec. 280/2019). Nestes casos o demandante pode optar por demandar no partido xudicial en que se producen o fallo no fornecemento e mais os danos, se a compañía eléctrica ten alí sucursal (ATS do 27 de outubro de 2020, rec. 183/2020). Neste sentido, o ATS do 18 de decembro de 2019 (rec. 286/2019) declara que «á vista da acción exercitada –acción de repetición, *ex* artigo 43 da LCS, dirixida fronte á entidade presuntamente responsable duns danos previamente aboados ao asegurado–, o xulgado competente será o de Primeira Instancia núm. 13 de Madrid, ao tratarse do foro escolleito polo autor e estar previsto no artigo 51 da LAC, dado que a relación xurídica a que se refire o litixio xurdiu nesta localidade e que o demandado, segundo se indica na demanda, ten establecemento aberto ao público».

Cando quen exercita a acción é o beneficiario designado na póliza, e non o asegurado, non é aplicable o foro especial, debendo atenderse ao disposto nos artigos 51, 55 e 56 da LAC (ATS do 25 de marzo de 2004, rec. 12/2004).

Ante unha demanda de xuízo ordinario en reclamación de cantidade polos danos causados na execución dunha obra dirixida contra o enxeñeiro responsable, a empresa construtora e as súas respectivas compañías aseguradoras, non procede aplicar este foro especial, pois a acción directa que concede o artigo 76 da LCS ao prexudicado fronte ao asegurador en materia de responsabilidade civil non deriva do contrato de seguro (ATS do 17 de xuño de 2003, rec. 2/2003).

Aplicase a unha acción de reclamación de cantidade dun asegurado contra a súa aseguradora ao non se facer esta cargo da reparación dun sinistro acaecido no vehículo

do demandante e asegurado pola compañía (ATS do 12 de marzo de 2019, rec. 36/2019).

O asegurado pode optar por presentar a demanda no xulgado correspondente ao partido onde a aseguradora ten establecemento aberto ao público e no que naceu a relación xurídica. Considérase como tal o lugar en que se xestionou tanto a alta coma a baixa da póliza de seguro (ATS do 7 de maio de 2019, rec. 84/2019).

6.16 Foro das accións en materia de vendas a prazos de bens mobles corporais e contratos destinados ao seu financiamento

Será competente o tribunal do domicilio do comprador ou prestameiro ou o que corresponda conforme as normas dos artigos 50 e 51 da LAC, á escolla do demandante (artigo 52.2 da LAC).

Este foro, que substitúe os establecidos pola Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, trata novamente de dar protección á parte máis débil desta relación contractual.

Aplica este foro imperativo a un contrato de financiamento de venda a prazo de ben moble o ATS do 24 de setembro de 2013 (rec. 108/2013).

Interposta demanda de xuízo ordinario en exercicio de acción de reclamación de principal e xuros derivados dun contrato de préstamo de financiamento a comprador de bens mobles, a competencia territorial vén determinada polo disposto no artigo 52.2 da LAC, precepto que establece como foro de natureza imperativa o domicilio do prestameiro (AATS do 11 de febreiro de 2020, rec. 343/2019; do 14 de setembro de 2010, rec. 304/2010; e do 15 de xuño de 2010, rec. 160/210).

6.17 Foro das accións en materia de contratos de prestación de servizos ou relativos a bens mobles cuxa celebración fora precedida de oferta pública

Será competente o tribunal do domicilio de quen aceptou a oferta ou o que corresponda conforme as normas dos artigos 50 e 51 da LAC, á escolla do demandante (artigo 52.2

da LAC). É un foro imperativo.

Tras a reforma operada no artigo 52.2 da LAC pola Lei 42/2015, do 5 de outubro, o foro competencial xa non é único e referido exclusivamente ao domicilio do comprador ou subscritor de accións, senón tamén, á súa escolla, ao domicilio da entidade demandada, dada a remisión que na nova redacción deste artigo se fai aos artigos 50 e 51 da LAC, reguladores dos foros xerais de competencia territorial.

A finalidade do foro contido no artigo 52.2 da LAC –e este criterio teleolóxico debe utilizarse para resolver dúbidas hermenéuticas– é a de impedir privilexios procesuais para as empresas dedicadas á contratación en masa ou por vías ou medios que as sitúan nunha posición inicialmente máis vantaxosa ca a do aceptante das súas ofertas.

Ademais, a realidade social mostra unha práctica xeneralizada de servizos por vía telefónica ou telemática en que o consumidor adoita estar perfectamente localizado, mentres que a exacta localización da compañía coa que contrata, ou dos empregados que o fan no seu nome, resulta extremadamente difícil. Neste contexto, seguir outro criterio podería minguar o dereito á tutela xudicial efectiva do consumidor demandante (ATS do 21 de maio de 2013, rec. 63/2013).

O artigo 52.2 da LAC non distingue entre particulares ou non. Non indica expresamente cal é o ámbito subxectivo de aplicación, isto é, consumidor ou empresario, nin exclúe os aceptantes non consumidores (AATS do 9 de xullo de 2019, rec. 71/2019; e do 24 de setembro de 2019, rec. 182/2019).

Este foro é aplicable tamén aos contratos de compravenda entre particulares precedidos de oferta pública a través de Internet. Neste sentido, o ATS do Pleno do 17 de setembro de 2018 (rec. 48/2018) declara que a compra da máquina de fotos foi precedida de oferta pública feita en Internet e que a acción exercitada está suxeita ao foro territorial imperativo do artigo 52.2 da Lei de axuízamento civil, que atribúe a competencia territorial aos xulgados correspondentes do domicilio de quen aceptou a oferta. Igualmente, o ATS do 3 de decembro de 2019 (rec. 55/2019), nun suposto derivado da compra dun reloxo a través de Ebay, considera que na medida en que foi precedida de oferta pública feita en Internet, está suxeita ao foro territorial imperativo do artigo 52.2

da LAC, que atribúe a competencia territorial aos xulgados correspondentes do domicilio de quen aceptou a oferta. Na mesma liña, o ATS do 24 de novembro de 2020 (rec. 109/2020) nunha venda entre particulares a través do portal Wallapop.

O ATS do 24 de setembro de 2019 (rec. 182/2019) aplica este foro nunha acción de resolución de contrato de compravenda formalizado por Internet entre particulares polo que se vendía un visor que presentaba defectos e ao que lle faltaba algunha peza, polo que o comprador reclamaba a devolución do prezo pagado. A compra do produto foi precedida de oferta pública feita en Internet (en concreto, a través de Facebook) e a acción exercitada está suxeita ao foro territorial imperativo do artigo 52.2 da LAC, que atribúe a competencia territorial aos xulgados correspondentes do domicilio de quen aceptou a oferta.

O ATS do 24 de setembro de 2019 (rec. 144/2019) analiza un conflito negativo de competencia territorial respecto dunha demanda de xuízo verbal que ten por obxecto unha acción de indemnización de danos e perdas como consecuencia do incumprimento dun contrato de prestación de servizos –viaxe combinada– concertado cunha empresa a través de Internet. Como a viaxe combinada se concertou precedendo oferta recibida a través de Internet, é de aplicación a regra de competencia prevista no artigo 52.2 da LAC: localidade onde teñen o seu domicilio os demandantes e pola que optaron ao presentaren a demanda. O TS declara que á mesma conclusión se chegaría por aplicación do denominado foro do consumidor previsto no artigo 52.3 da LAC.

En relación cun xuízo ordinario no que se exercita unha acción relativa á subscrición de accións dun banco, resulta de aplicación o foro competencial imperativo previsto no artigo 52.2 da LAC referido aos contratos relativos a bens mobles cuxa formalización fora precedida dunha oferta pública. É por iso que, por aplicación do abano de foros competenciais previsto no actual artigo 52.2 da LAC, en relación co artigo 10 da LSC, os subscritores poden demandar a dita entidade, ben ante os tribunais do seu domicilio, ben ante os tribunais do lugar onde se realizou a subscrición pública de accións se a adquisición se produciu nun partido diferente ao do seu domicilio, ben no domicilio da entidade bancaria (ATS do 16 de xullo de 2019, rec. 112/2019).

6.18 Foro residual das accións individuais de consumidores ou usuarios

6.18.1 Ideas xerais

Será competente, á escolla do consumidor ou usuario, o tribunal do seu domicilio ou o tribunal correspondente conforme os artigos 50 e 51 da LAC (artigo 52.3).

Débese tamén ter presente o artigo 54.2 da LAC, que dispón que «non será válida a submisión expresa contida en contratos de adhesión ou que conteñan condicións xerais impostas por unha das partes, ou que se subscribiran con consumidores ou usuarios».

A pauta interpretativa xeral que ten mantido o TS é a de que nos supostos de accións promovidas por consumidores ou usuarios debe prevalecer o foro imperativo do xulgado do domicilio do consumidor, por considerar que esta interpretación é a máis favorecedora para o mesmo, conforme a Directiva 93/13/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993 (*vide* ATS do 22 de xaneiro de 2019, rec. 221/2018).

A Circular 2/2018, sobre novas directrices en materia de protección xurídica dos dereitos dos consumidores e usuarios, dedica a súa epígrafe 3.1 ao estudo do foro especial do consumidor, a cuxo contido é preciso agora remitirse.

Non obstante, cómpre incorporar as pautas máis recentes. Así, aplícase o foro do consumidor do artigo 52.3 á nulidade de contratos de consumidores (ATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 199/2019); á reclamación pola venda dun móbil defectuoso (ATS do 3 de marzo de 2020, rec. 21/2020); á reclamación do prestameiro (persoa física) contra o prestamista –entidade mercantil– (ATS do 10 de decembro de 2019, rec. 257/2019); á reclamación do comprador dun vehículo de segunda man a unha empresa (ATS do 25 de xuño de 2019, rec. 106/2019); á acción de condena pecuniaria en reclamación da fianza depositada con motivo dun contrato de arrendamento dun vehículo (ATS do 2 de abril de 2019, rec. 242/2018); a unha demanda de xuízo verbal sobre unha acción de condena pecuniaria con base nun contrato dun tratamento odontolóxico, exercitada por un consumidor (ATS do 3 de decembro de 2019, rec. 195/2019). Aplícase igualmente a unha demanda de xuízo ordinario en que se exercita unha acción de nulidade e subsidiaria resolución dun contrato de aproveitamento por quendas de bens inmoables entre un particular e unha empresa (AATS do 28 de xaneiro

de 2020, rec. 294/2019; e do 5 de febreiro de 2019, rec. 216/2018). Aplicouse a unha acción de reclamación de cantidade por existencia de vicios ocultos tras a reparación dun automóbil (ATS do 3 de decembro de 2019, rec. 103/2019) e mais a unha demanda de xuízo ordinario en exercicio de acción de reclamación de cantidade con orixe nun contrato de compravenda dunha embarcación (ATS do 7 de maio de 2019, rec. 64/2019).

Tamén se aplica o foro dos consumidores a reclamacións sobre un contrato de prestación de servizos de telefonía móbil, aínda cando poida ser dubidoso o factor da oferta pública precedente ao contrato (ATS do 17 de setembro de 2013, rec. 124/2013) e mais a unha acción reclamación de cantidade con ocasión do incumprimento dun contrato de prestación de servizos de ensinanza (ATS do 8 de outubro de 2019, rec. 111/2019).

Do mesmo xeito, aplícase a un xuízo verbal que ten por obxecto a reclamación como consecuencia do incumprimento pola demandada das condicións pactadas na viaxe contratada con ela vía Internet (ATS do 17 de decembro de 2019, rec. 279/2019), a unha demanda de xuízo verbal por mor das deficiencias dunha reportaxe fotográfica (ATS do 7 de maio de 2019, rec. 21/2019) e mais a unha demanda de xuízo verbal contra a axencia de viaxes e a compañía aseguradora ao se cancelar a viaxe contratada por causa de forza maior (ATS do 11 de xuño de 2019, rec. 126/2019).

Nesta última resolución ponse de manifesto a esexese que o TS realiza deste foro, necesariamente orientada á protección do consumidor: a demanda preséntase en Madrid, xulgado que carecía de competencia, pois o demandante tiña domicilio en Fuenlabrada. Madrid inhibiuse a Palma, por ter alí o seu domicilio o demandado. O TS considera que Madrid «se inhibiu indebidamente a favor dos xulgados de Palma, xa que [...] nunca foi vontade do consumidor optar polo domicilio do demandado a teor do previsto no artigo 52.3, en relación co artigo 51.1, ambos da LAC, senón optar polo domicilio máis próximo ao seu domicilio. En consecuencia, o procedente é devolver as actuacións ao xulgado de Madrid para que, se for o caso, se inhiba correctamente a favor dos xulgados de Fuenlabrada».

Aplícase o foro do domicilio da asociación de consumidores que acciona en favor dun

dos seus asociados (ATS do 8 de novembro de 2017, rec. 117/2017).

O ATS do 15 de setembro de 2020 (rec. 126/2020) aplica o foro do domicilio do consumidor a un suposto no que se substancia unha demanda de xuízo verbal contra unha empresa de apostas en reclamación de 1400 euros, cantidade que deriva do impagamento dunha aposta da que é responsable a demandada, a cal presta un servizo ao consumidor que xoga no acerto de resultados de fútbol, realizado todo por vía electrónica.

No entanto, non se aplica o foro dos consumidores a unha demanda de xuízo ordinario na que se exercita unha acción de reclamación de cantidade por responsabilidade civil en reclamación polas lesións causadas na demandante tras unha caída nun supermercado da demandada (ATS do 28 de maio de 2019, rec. 101/2019).

Un suposto singular é o que se produce ao se promover unha acción de condena pecuniaria derivada do pagamento efectuado por erro a unha compañía telefónica demandada, cando esta se nega a devolver. Pretendíase pagar a unha compañía, e faise o pago, por erro, a outra. O ATS do 12 de marzo de 2019 (rec. 269/2018) opta por non aplicar o foro do consumidor: para o TS, nesta resolución «non nos encontramos ante unha reclamación dun consumidor ou usuario, xa que a propia demandante afirma non ser cliente de [...] nin lle deber cantidade ningunha, senón simplemente que realizou un ingreso ao seu favor de forma errónea, como podería telo feito a favor dun particular; en consecuencia, rexe o foro establecido no artigo 51 da LAC para as persoas xurídicas». O ATS do 12 de febreiro de 2019 (rec. 261/2018) opta pola solución contraria: aplica o foro do consumidor e considera competente o xulgado do domicilio do demandante. En tanto non se consolide outra solución, as/os Sras./Sres. fiscais seguirán esta última interpretación: realízase o pagamento en atención a un contrato de fornecemento de servizos de telefonía, contrato que sen dúbida integra unha relación de consumo; realízase o dito pagamento non a outro particular –en cuxo caso sería claro que non se poderían aplicar os foros especiais previstos para os consumidores–, senón a outra compañía prestadora de servizos de telefonía. A reclamación é cuantitativamente mínima e a sede da demandada sitúase nun punto xeográfico moi distante do domicilio da demandante. Isto supón que de se aplicar imperativamente a norma xeral de demandar no domicilio do demandado, practicamente se imposibilitaría unha

reclamación que en esencia é dirixida por un particular contra unha compañía prestadora de servizos de telefonía por uns pagos relacionados cun contrato de consumo; non preexiste unha relación contractual entre demandante e demandado, pero tras o pagamento efectuado por erro xorde un cuasicontrato de cobro do indebido que, consoante o artigo 1895 do CC, xera a obriga de restitución e que, en canto vincula a quen pretendía satisfacer unha débeda procedente dun contrato de prestación de servizos de telefonía e mais a unha empresa prestadora de tales servizos, se debe rexer, en canto á competencia, analoxicamente polas regras tuitivas do artigo 52.3 da LAC.

En definitiva, se non se aplican as normas tuitivas do consumidor, neste caso vulneraríase irremediabilmente o dereito á tutela xudicial efectiva do demandante, polo que, mesmo non se tratando en puridade dunha relación de consumo, concorre esa *eadem ratio decidendi* que xustificaría a aplicación analóxica do artigo 52.3 da LAC.

6.18.2 Cesións de crédito de consumidores a empresas mercantís

En relación coas cesións dun crédito dun consumidor a unha compañía mercantil, o TS declarou que «neste caso non concorre o presuposto esencial para a aplicación do artigo 52.2 da LAC, posto que a entidade demandante, en canto compañía mercantil con ánimo de lucro, carece da calidade legal de consumidora, conforme o artigo 3 do TRLGCU. Sen que a condición de consumidor sexa transmisíble, coma se fose un anexo do dereito de crédito, pois ése consumidor se se reúnen os requisitos legais para o efecto e non se é se non se cumpren. E unha sociedade mercantil que opera no seu ámbito de negocio, con independencia de como adquirira o seu título de crédito, non pode ser consumidora» (AATS do 5 de febreiro de 2019, rec. 264/2018; e do 10 de xullo de 2018, rec. 130/2018).

6.18.3 Transporte aéreo

É aplicable o foro dos consumidores ás demandas derivadas da defectuosa prestación do contrato de transporte aéreo. O consumidor pode optar por demandar ante os tribunais do seu domicilio, ante os tribunais do domicilio do demandado ou ante os tribunais do lugar tanto de saída coma de chegada do avión, se nestes ten o demandado oficina ou dependencia estable e accesible aos clientes.

Tanto o lugar de saída coma o de chegada do avión deben ser considerados lugares de prestación principal dos servizos que son obxecto dun contrato de transporte aéreo (ATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 274/2019).

Nesta mesma liña, o ATS do 25 de setembro de 2018 (rec. 105/2018) declara que «nas demandas en que se solicita compensación baseada no incumprimento do contrato de transporte aéreo e no Regulamento CE 261/2004, do 11 de febreiro, recoñéceselle ao demandante a posibilidade de elixir entre o foro do lugar de partida ou do lugar de chegada do avión, pois tales foros electivos deben ser considerados lugares de prestación principal dos servizos que son obxecto dun contrato de transporte aéreo». No mesmo sentido, os AATS do 19 de marzo de 2019 (rec. 43/2019); do 11 de decembro de 2018 (rec. 208/2018); do 12 de xullo de 2017 (rec. 104/2017); e do 8 de novembro de 2017 (rec. 162/2017).

En canto ao problema de se as dependencias dunha compañía aérea nun aeroporto se poden considerar establecemento aberto ao público para os efectos do artigo 51.1 da LAC, o TS declara que «aínda que a LAC non define que é o que entende por establecemento aberto ao público, debemos considerar como tal o lugar onde se manifesta externamente o exercicio dunha empresa ou actividade mercantil (artigos 3 e 85 do CCom) [...] unha oficina ou dependencia estable e accesible aos clientes, onde se poidan desenvolver as relacións básicas do contrato de transporte aéreo (compravenda de pasaxes, anulación ou cambio das mesmas, formulación de reclamacións), constitúe establecemento aberto ao público, para os indicados efectos do artigo 51.1 da LAC» (AATS do 22 de outubro de 2019, rec. 127/2019; e do 25 de setembro de 2018, rec. 105/2018).

Débese ter presente que non se aplica o foro dos consumidores se o usuario do transporte cede as súas accións a entidades que se dedican a este tipo de reclamacións.

Neste sentido pode citarse o ATS do 4 de marzo de 2015 (rec. 2/2015), no que se declara que «non concorren os presupostos necesarios para a aplicación do foro especial determinado no artigo 52.2 da LAC, que despraza o foro común do domicilio do demandado para as persoas xurídicas do artigo 51 da LAC, por canto a demanda é

promovida por unha entidade mercantil e non por un consumidor individual, aínda que aquela ocupe a posición procesual que lle correspondería á prexudicada, e sen que conste ou resulte acreditada a adquisición telemática do billete».

Na mesma liña, o ATS do 30 de maio de 2018 (rec. 47/2018) declara que «a entidade demandante, en canto compañía mercantil con ánimo de lucro, carece da calidade legal de consumidora, conforme o artigo 3 do TRLGCU. Sen que a condición de consumidor sexa transmisíble, coma se fose un anexo do dereito de crédito, pois ése consumidor se reúnen os requisitos legais para o efecto e non se é se non se cumpren. E unha sociedade mercantil que opera no seu ámbito de negocio, con independencia de como adquirira o seu título de crédito, non pode ser consumidora».

6.18.4 Demandas de clientes contra establecementos hoteleiros

O TS aplica o foro do consumidor á acción do cliente derivada do contrato de hospedaxe (ATS do 15 de outubro de 2019, rec. 198/2019).

Aplícase igualmente a unha acción de responsabilidade contractual polos prexuízos derivados dunha intoxicación alimentaria nun establecemento hoteleiro, onde se encontraba aloxado o demandante e a súa familia (ATS do 24 de setembro de 2019, rec. 150/2019).

Aplícase tamén a unha demanda de xuízo verbal en exercicio de acción de responsabilidade extracontractual polos prexuízos derivados dunha caída ocorrida na piscina dun establecemento hoteleiro, aínda que a acción se funde nos artigos 1902 e 1903 (ATS do 15 de outubro de 2019, rec. 198/2019).

6.19 Xura de contas

O artigo 34.1 da LAC establece que cando «un procurador teña que esixir do seu apoderante moroso as cantidades que este lle deba polos dereitos e gastos que suplese para o asunto, poderá presentar ante o secretario xudicial do lugar en que este radique conta detallada e xustificada, manifestando que lle son debidas e non satisfeitas as cantidades que dela resulten e reclame. Igual dereito ca os procuradores terán os seus

herdeiros respecto aos créditos desta natureza que aqueles lles deixen. Non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador».

O coñecemento da xura de conta de procurador correspóndelle, por imperativo do artigo 34.1 da LAC, que é en realidade unha norma de competencia funcional, ao órgano xudicial que coñecera do asunto principal no que se orixinaron os dereitos do procurador reclamante (AATS do 11 de outubro de 2017, rec. 147/2017; e do 29 de novembro de 2017, rec. 171/2017).

A mesma solución competencial haberá que lles dar aos honorarios do avogado (artigo 35 da LAC).

A xura de conta é un procedemento especial, pero non por razóns de interese público – como o son os procesos especiais do libro IV da LAC–, senón porque vai dirixido exclusivamente a facer efectivos de forma inmediata os créditos derivados da actuación profesional desenvolta, de xeito que aínda sendo posible unha fase sumaria de alegacións, o que se pretende é conseguir de forma rápida o pagamento ou o despacho de execución, segundo deriva do artigo 34 da LAC, sen prexulgar a decisión definitiva da controversia que se poida suscitar entre o procurador e o seu apoderante sobre a relación contractual existente entre ambos. Na solicitude que abre o procedemento de xura de conta, en puridade non se exercita unha acción declarativa ou de condena, nin unha acción cautelar, nin executiva –aínda que despois o procedemento poida concluír cunha resolución que fixe a cantidade debida e cun despacho de execución–, senón unha petición de pago dos gastos de representación do cliente devindicados nun proceso precedente, que –ao se someter ao filtro do órgano xudicial– produce unha consecuencia que non tería o requirimento de pago efectuado de forma privada polo procurador, como é a obtención dun título de execución. Consecuencia desta configuración da xura de conta, semellante no substancial a un xuízo monitorio pero seguido en relación cun proceso precedente, é que a LAC outorga a competencia ao órgano xudicial no que – segundo establece o artigo 34 da LAC– radique o proceso no que se desenvolveu a actuación do procurador que dá lugar á xura de conta, pois é este órgano xudicial o que está en mellor disposición de resolver as incidencias que se poden suscitar sobre a conta reclamada, en especial as que se susciten na fase de oposición, segundo contempla o artigo 34.2.II da LAC (ATS do 14 de marzo de 2018, rec. 13/2018).

A competencia territorial non corresponde ao xulgado ou tribunal do domicilio do apoderante (ATS do 7 de marzo de 2005, rec. 13/2005).

En caso de que o apoderante fose declarado en concurso, a competencia para o procedemento de xura de conta seguirá a ser do órgano xudicial no que radique o proceso no que se desenvolveu a actuación do procurador que dá lugar á xura da conta, pois é este órgano xudicial o que está en mellor disposición de resolver as incidencias que se poden suscitar sobre a conta reclamada, en especial as que se susciten na fase de oposición, segundo contempla o artigo 34.2.II. Cuestión distinta é que, fixada a cantidade que debe pagarse, o proceso de execución que segue a continuación se vexa afectado pola situación de concurso do apoderante, dado que o artigo 8.3 da Lei concursal lle confire ao xuíz do concurso xurisdición exclusiva e excluínte para toda execución fronte a bens e dereitos de contido patrimonial do concursado, calquera que sexa o órgano que o ordenara (ATS do 1 de xullo de 2014, rec. 43/2014).

6.20 Xustiza gratuíta

O artigo 20.1 da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, dispón que «os que sexan titulares dun dereito ou dun interese lexítimo poderán impugnar as resolucións que, de modo definitivo, recoñezan, revoguen ou deneguen o dereito á asistencia xurídica gratuíta [...] deberase realizar por escrito [...] ante o secretario da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta. Este remitirá o escrito de impugnación, xunto co expediente correspondente á resolución impugnada e unha certificación desta, ao xulgado ou tribunal competente ou ao xuíz decano para a súa repartición, se o procedemento non se iniciou». Debe entenderse que se trata dun foro imperativo.

Cando non se chegara a iniciar aínda o procedemento, debe determinarse en primeiro lugar a quen lle correspondería coñecer do mesmo, atendendo á natureza da acción que se pretende exercer (*vide*, neste sentido, ATS do 13 de novembro de 2018, rec. 198/2018).

Cando se iniciou o procedemento, a competencia correspóndelle ao xulgado ante o que se siga. Neste sentido, o ATS do 1 de decembro de 2020 (rec. 190/2020) declara que

«na medida en que no presente caso se pretendía obter o beneficio de xustiza gratuíta para as dilixencias previas núm. [...] a competencia correspóndelle ao Xulgado de Violencia sobre a Muller núm. 1 de Algeciras, que coñeceu dese procedemento».

6.21 Exequátur

Consoante o artigo 52.1 da Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil, «a competencia para coñecer das solicitudes de exequátur corresponde aos xulgados de primeira instancia do domicilio da parte fronte á cal se solicita o recoñecemento ou a execución, ou da persoa a quen se refiren os efectos da resolución xudicial estranxeira. Subsidiariamente, a competencia territorial determinarase polo lugar de execución ou polo lugar en que a resolución deba producir os seus efectos, sendo competente, en último caso, o xulgado de primeira instancia ante o cal se interpoña a demanda de exequátur».

O apartado 4 dispón que «o órgano xurisdiccional español controlará de oficio a competencia obxectiva para coñecer destes procesos».

A norma contempla un foro principal e dous foros subsidiarios (AATS do 25 de xuño de 2019, rec. 51/2019; e do 17 de xullo de 2018, rec. 121/2018).

En relación cunha sentenza de divorcio, o TS declara que «esta Sala, baixo a vixencia do expresado artigo 955 da LAC 1881, xa se pronunciara sobre a competencia para o recoñecemento das sentenzas de divorcio estranxeiras [...] no sentido de manter a competencia do xulgado do domicilio da demandante como persoa á que se refiren os efectos de solicitude de recoñecemento da sentenza do seu divorcio [...]. O foro de competencia territorial do artigo 955 da LAC é electivo para o autor, que pode polo tanto formular a solicitude de recoñecemento da sentenza de divorcio ante o xulgado do domicilio do outro cónxuxe, fronte ao que solicita o recoñecemento, ou do domicilio da persoa á que se refiren os efectos da dita solicitude. Pretendéndose o recoñecemento dunha sentenza pronunciada por un tribunal arxentino na que se acordaba o divorcio da autora, os efectos desta resolución xudicial han recaer sobre calquera das dúas partes unidas con anterioridade por un vínculo matrimonial, polo que ao se interpoñer a

demanda ante os xulgados do domicilio da autora, en uso do foro electivo permitido polo artigo citado, debe coñecer da solicitude de recoñecemento o xulgado ante o que correctamente se formulou a demanda de exequátur [...]. Criterio que non se debe ver alterado pola nova regulación contida no artigo 52.1 da Lei 29/2015, de 30 de xullo, que en termos similares fixa como foro principal electivo o domicilio da persoa a quen se refiren os efectos da resolución xudicial estranxeira, de forma que tratándose dunha sentenza de divorcio que produce efectos en calquera das dúas partes unidas con anterioridade por un vínculo matrimonial, resulta competente o xulgado correspondente ao domicilio en España da demandante para coñecer da solicitude de recoñecemento da sentenza que declara o seu divorcio». «[...] a doutrina desta sala mantén que a sentenza de divorcio produce efectos para ambos excónxuxes, polo que é posible a presentación da demanda de exequátur no lugar onde o solicitante teña o seu domicilio ou residencia en España ao tempo de interposición da demanda». «Non resulta necesario entrar nos foros subsidiarios que recolle o citado artigo 52.1 da Lei 29/2015, que en último caso fixa ademais a competencia do xulgado de primeira instancia ante o cal se interpoña a demanda de exequátur» (AATS do 17 de xullo de 2018, rec. 121/2018; e do 1 de marzo de 2017, rec. 12/2017).

Xa que logo, nestes casos a solicitude de exequátur de sentenza de divorcio pódese presentar tanto no lugar de domicilio do propio demandante coma no do demandado (*vide* ATS do 25 de maio de 2016, rec. 408/2016).

Nun suposto en que nin demandante nin demandado teñen domicilio en España e se pretende o recoñecemento dunha sentenza de divorcio, óptase por considerar competentes os xulgados de Madrid, por constituír en definitiva a pretensión lograr a súa inscrición no Rexistro Civil Central (AATS do 21 de xaneiro de 2020, rec. 255/2019; do 2 de abril de 2019, rec. 35/2019; e do 17 de xullo de 2018, rec. 121/2018).

7. Cuestións de procedemento

7.1 Momento procesual para suscitar de oficio a competencia

En principio, só se pode examinar a competencia territorial inmediatamente despois de presentada a demanda (ATS do 20 de marzo de 2018, rec. 198/2017).

Debe establecerse unha matización: o control de oficio da competencia territorial durante a fase declarativa dos xuízos ordinario e verbal ten o seu límite, respectivamente, no acto da audiencia previa e no acto da vista (AATS do 17 de xaneiro de 2018, rec. 201/2017; do 24 de xaneiro de 2018, rec. 190/2017; e do 7 de febreiro de 2018, rec. 207/2017).

Esta doutrina foi matizada en relación co xuízo verbal: «en atención á posibilidade que legalmente se reconece de non celebrar vista tras a Lei 42/2015, procede matizar esta doutrina no sentido de que no xuízo verbal, e no suposto de que finalmente as partes non pidan a celebración de vista, o límite temporal para o exame de oficio da competencia territorial será o momento en que as actuacións pasen ao xuíz para que, de acordo coa redacción actual do artigo 438 da LAC, resolva se procede a celebración de vista ou pronunciar sentenza, de forma que se considera que non é territorialmente competente decida por auto, logo de audiencia das partes, sobre esta falta de competencia territorial» (ATS do Pleno do 20 de marzo de 2018, rec. 198/2017).

Para a suscitación dunha cuestión de competencia territorial negativa debe pronunciarse unha resolución xudicial en forma de auto, e non unha providencia (ATS do 22 de outubro de 2019, rec. 183/2019).

7.2 Especialidades cando concorren varios foros

Son numerosos os supostos en que a LAC establece un foro imperativo pero de carácter alternativo, outorgándolle ao demandante a facultade de escoller entre varias posibilidades.

O artigo 58 da LAC, no que atangue á apreciación de oficio da competencia territorial, declara que «se foren de aplicación foros electivos atenderase ao que manifeste o demandante, tras o requirimento que se lle dirixirá para tales efectos».

Cando o xulgado ante o que se presentou a demanda non é competente pero concorren varios foros alternativos, a tramitación procesualmente correcta é a de –antes de acordar a inhibición en favor dun ou doutro– requirirille ao demandante que manifeste cal dos

foros alternativos é da súa preferencia. De se omitir este trámite, privase ao demandante dunha facultade que expresamente lle reconece o noso ordenamento procesual.

Neste sentido se pronuncian os AATS do 16 de febreiro de 2021 (rec. 185/2020); do 21 de xaneiro de 2020 (rec. 194/2019); do 14 de maio de 2019 (rec. 77/2019); e do 9 de xullo de 2014 (rec. 80/2014).

Nestes casos, pois, cando se lles dea traslado para informar, as/os Sras./Sres. fiscais solicitarán que o xulgado, antes de acordar a inhibición, lle requira ao demandante que manifeste cal dos foros electivos é da súa preferencia, para adoptaren tras o dito requirimento a correspondente resolución.

7.3 Cambio de domicilio: *perpetuatio iurisdictionis*

Son moi frecuentes as cuestións de competencia que se suscitan como consecuencia de que sendo o foro imperativo aplicable o do domicilio do demandado (por exemplo, nos xuízos verbais), no momento do emprazamento tómase coñecemento dun novo domicilio do mesmo nun partido xudicial distinto.

O principio xeral que rexe a materia é o seguinte: o artigo 410 da LAC declara que a litispendencia, con todos os efectos procesuais, se produce desde o momento en que a demanda é admitida. As alteracións que xurdan unha vez iniciado o proceso en canto ao domicilio das partes non actúan modificando a xurisdición nin a competencia, que se determinarán segundo o que se acredite no momento inicial da litispendencia, conforme o artigo 411 da LAC (*vide* AATS do 13 de xaneiro de 2016, rec. 168/2015; e do 11 de novembro de 2003, rec. 32/2003).

A necesidade de dotar de sentido a perpetuación da xurisdición como regra xeral (artigo 411 da LAC) supón que, independentemente de que se poida controlar de oficio a competencia territorial fixada por normas imperativas, a mera localización do demandado nun lugar distinto do domicilio indicado na demanda non xustifica, sen máis, que o órgano que inicialmente declarou a súa competencia se inhiba a favor dos órganos desoutra demarcación, pois para que resulte competente un xulgado diferente daquel que coñeceu da petición inicial cómpre acreditar que o domicilio actual coñecido

por feitos sobrevidos xa era o real ou efectivo no momento en que se presentou a demanda, de forma que se non se acredita tal circunstancia ou se resulta probado que a alteración se produciu con posterioridade, o xulgado que coñeceu inicialmente perpetuaría a súa xurisdición por aplicación do citado artigo 411 da LAC, aínda que o emprazamento ou a citación se deban practicar no novo domicilio acudindo ao auxilio xudicial (*vide* AATS do 25 de xuño de 2019, rec. 99/2019; do 26 de febreiro de 2019, rec. 255/2018; e do 2 de xullo de 2019, rec. 62/2019).

Sintetizando aínda máis, pódese dicir que para que resulte competente un xulgado diferente a aquel no que se presentou a demanda é necesario acreditar que o novo domicilio coñecido xa era o real no momento en que se presentou a mesma (AATS do 10 de marzo de 2020, rec. 233/2019; e do 22 de febreiro de 2017, rec. 10/2017). A dúbida resólvese en favor da competencia do xulgado que coñeceu en primeiro lugar.

A acreditación do novo domicilio require constancia documental (ATS do 16 de novembro de 2016, rec.1037/2016). Para os efectos de dar por probado o cambio de domicilio con anterioridade á presentación da demanda, considérase proba suficiente a información achegada polo Punto Neutro Xudicial, acreditativa do domicilio actualizado con data anterior á presentación da demanda (ATS do 18 de febreiro de 2020, rec. 284/2019).

No ATS do 14 de xaneiro de 2020 (rec. 310/2019) razónase do seguinte xeito: «no presente caso designouse na demanda un domicilio de Barcelona, e na consulta das bases do Punto Neutro Xudicial efectuada polos dous xulgados en conflito apareceron, ademais do designado, outros dous domicilios en Barcelona e un en Ronda; no entanto, respecto deste último, non figura a data de alta no mesmo; si figura, polo contrario, que nun dos domicilios de Barcelona se produciu a alta da demandada por cambio de residencia o día 11 de agosto de 2016 [...] resulta que no presente caso non quedou acreditado que o domicilio de Ronda fose o real e efectivo da demandada ao tempo de interpoñer a demanda, de forma que procede resolver o conflito no sentido de declarar a competencia do Xulgado de Primeira Instancia núm. 37 de Barcelona».

Nesta mesma liña, o ATS do 18 de febreiro de 2020 (rec. 284/2019) razoa así: «o presente conflito negativo de competencia territorial debe resolverse declarando a

competencia do Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Fuengirola. Para chegar a esta conclusión tense en conta que, conforme a indagación domiciliaria practicada á instancia do xulgado de San Sebastián, consta que a demandada estaba domiciliada en Fuengirola antes de se presentar a demanda, pois a información achegada pola Axencia Tributaria, acreditativa do domicilio, consta actualizada no mes de decembro de 2018 e a demanda foi presentada no mes de febreiro de 2019. Ademais, este dato coincide coa dilixencia negativa de emprazamento estendida polo funcionario do corpo de auxilio de Oiarzum, na que se afirma que a demandada non estivo empadroada nesa localidade».

A dilixencia telefónica do letrado da Administración de xustiza non acredita que o domicilio facilitado polo demandado o tivera ao interpoñerse a demanda (ATS do 5 de febreiro de 2019, rec. 181/2018).

Distinta á cuestión de se se acreditou o cambio de domicilio antes da presentación da demanda é o suposto analizado no ATS do 22 de outubro de 2019 (rec. 183/2019): «non estamos ante un cambio de domicilio, senón ante o feito de que non hai ningún dato que permita considerar que o domicilio do demandado ao tempo de interpoñerse a demanda fose o indicado na demanda [...]. Por iso entendemos que o domicilio indagado posteriormente é o real ou efectivo do demandado ao tempo de se interpoñer a demanda».

Do mesmo xeito, cando sexa de aplicación o foro do domicilio do demandante, o TS considera que debe atenderse ao domicilio no momento de presentar a demanda, sen que caiba ter en conta o cambio de domicilio do demandante acaecido con posterioridade a tal momento (AATS do 21 de xaneiro de 2020, rec. 251/2019; e do 21 de xaneiro de 2020, rec. 252/2019).

En todo caso, se non concorre foro imperativo, o xulgado non pode suscitar de oficio a competencia por cambio de domicilio, aínda que este se producira con anterioridade á presentación da demanda.

7.4 Audiencia de partes

Consonte o apartado segundo do artigo 60 da LAC, se a decisión de inhibición por falta

de competencia territorial non se adoptou con audiencia de todas as partes, o tribunal a quen se remitiran as actuacións poderá declarar de oficio a súa falta de competencia territorial cando esta deba determinarse en virtude de regras imperativas.

A contrario, se a decisión de inhibición se adoptou tras oír ao Ministerio Fiscal e a todas as partes ou tras a resolución da declinatoria, o tribunal que recibe as actuacións non poderá declarar de oficio a súa falta de competencia (*vide* AATS do 13 de outubro de 2020, rec. 61/2020; do 4 de febreiro de 2020, rec. 325/2019; do 4 de febreiro de 2020, rec. 316/2019; e do 20 de abril de 2016, rec. 10/2016), e esta regra limitativa da posibilidade de revisar a competencia aplícase incluso naqueles casos en que son aplicables foros imperativos (AATS do 25 de febreiro de 2020, rec. 19/2020; e do 3 de novembro de 2016, rec. 979/2016), aínda que se acollera a declinatoria con base nun criterio equivocado (ATS do 21 de setembro de 2016, rec. 912/2016) ou se trate dun proceso de familia con fillos menores afectados (ATS do 10 de febreiro de 2016, rec. 187/2015).

Neste senso, o ATS do 14 de xaneiro de 2020 (rec. 291/2019) declara que «non se pode entender correctamente suscitado un conflito negativo de competencia territorial , xa que a decisión de inhibición por falta de competencia territorial foi adoptada polo xulgado de Valencia dentro do límite temporal e con audiencia de todas as partes, de tal forma que, de conformidade co disposto no mencionado artigo 60.1 da LAC, o xulgado de Majadahonda, ao que se remitiron as actuacións, deberá atender ao decidido, sen que se poida entender suscitado un conflito negativo de competencia territorial, de imposible suscitación neste caso». No mesmo sentido, os AATS do 9 de febreiro de 2021 (rec. 237/2020) e do 3 de marzo de 2020 (rec. 2/2020).

7.5 A declinatoria

Como se expuso *supra*, se non é aplicable ningún foro imperativo, o xulgado non pode controlar de oficio a súa competencia territorial, por quedar esta á disposición das partes.

Nestes casos o demandante, polo só feito de presentar a súa demanda ante un xulgado, queda sometido tacitamente ao mesmo.

Nestes supostos o demandado pode promover a cuestión mediante a declinatoria por entender que o xulgado ante o que se presentou a demanda non é o competente, ben por mediar unha submisión expresa a outros tribunais, ben porque non existindo submisión expresa os foros legais atribúen a competencia preferentemente a outros xulgados.

Como se expuso na epígrafe 2º do presente documento, o Ministerio Fiscal non intervirá neste incidente bardante de que sexa parte no procedemento. Non obstante, ditaminará se se lle dá traslado cando, pese a non ser parte, se invoque a concorrencia dun foro imperativo.

No xuízo ordinario, a declinatoria debe propoñerse dentro dos dez primeiros días do prazo para contestar á demanda. No xuízo verbal, nos cinco primeiros días posteriores á citación para a vista. A declinatoria suspende o prazo para contestar ou o cómputo para o día da vista ata que se resolva.

7.6 Órgano competente para resolver os conflitos negativos de competencia

Conforme o apartado terceiro do artigo 60 da LAC, corresponderalle ao tribunal inmediato superior común. De aí que se o conflito se suscita entre órganos da mesma provincia, terá que ser resolto pola correspondente audiencia provincial (AATS do 4 de febreiro de 2020, rec. 308/2019; do 16 de xullo de 2019, rec. 160/2019; e do 25 de xuño de 2019, rec. 147/2019).

De se suscitar entre xulgados de distinta provincia pero da mesma comunidade autónoma, deberá coñecer o tribunal superior de xustiza (AATS do 2 de novembro de 2019, rec. 223/2019; e do 25 de xuño de 2019, rec. 139/2019).

Se se suscita entre xulgados de distinta comunidade autónoma, deberá coñecer a Sala do Civil do Tribunal Supremo.

7.7 Recursos en materia de competencia territorial

Consonte o apartado primeiro do artigo 67 da LAC, contra os autos que resolvan sobre a

competencia territorial non se dará recurso ningún.

Os límites á recorribilidade afectan ao auto pronunciado conforme o artigo 58 da LAC, cando o xuíz de primeira instancia decide, tras oír o Ministerio Fiscal e mais as partes constituídas, se é competente territorialmente, no caso de que sexan de aplicación foros imperativos.

O apartado segundo do artigo 67 da LAC permite alegacións de falta de competencia territorial cando foren de aplicación normas imperativas no recurso de apelación contra as sentenzas.

Tamén poderá fundarse o recurso extraordinario por infracción procesal na infracción das normas sobre competencia territorial que teñan carácter imperativo (Acordo de 2017, *vide* STS núm. 216/2009, do 2 de abril) invocando como motivo o previsto no artigo 469.1.1º da LAC.

Non pode alegar este motivo a parte que non esgotou os recursos ordinarios polas infraccións das normas sobre competencia invocadas (STS núm. 570/2010, do 17 de setembro).

O TS rexeita a recorribilidade en casación e por infracción procesal das resolucións proferidas no procedemento da declinatoria (ATS do 30 de marzo de 2004, rec. 152/2004, con cita de múltiples precedentes).

8. Cuestións organizativas internas

Os ditames do Ministerio Fiscal sobre competencia deben cumprir uns requisitos mínimos. En primeiro lugar, deben estar motivados conforme as estipulacións contidas na Instrución 1/2005, do 27 de xaneiro, sobre a forma dos actos do Ministerio Fiscal. Debe quedar debidamente identificado o/a fiscal que emite o informe, como esixe a Instrución 1/1987, do 30 de xaneiro, sobre normas de funcionamento interno do Ministerio Fiscal, e reiterou a antedita Instrución 1/2005.

En segundo lugar, os ditames deben especificar se concorre ou non un foro imperativo.

Despexar esta primeira incógnita é esencial para alcanzar unha solución correcta. Como xa se expuso, se non é aplicable ningún foro imperativo deberá ditaminarse que é improcedente a inhibición.

En terceiro lugar, en caso de que concorra foro imperativo, debe especificarse cal é este.

Por último, en caso de que se considere que o xulgado que dá traslado non é competente, debe determinarse cales son os xulgados que o son. De se considerar que o xulgado que coñece non é competente pero que concorren foros imperativos alternativos, deberá ditaminarse –consonte o exposto na epígrafe 7.2– que antes de acordar a inhibición se requira ao demandante para que manifeste cal dos foros electivos é da súa preferencia, adoptando tras o dito requirimento a correspondente resolución.

Se na causa hai xa un ditame dun/dunha fiscal e o xulgado que recibe a inhibición dá traslado á Fiscalía do seu territorio para informar contra o primeiro ditame do fiscal, será necesario dar conta ao superior xerárquico común, mediante a remisión dun informe xustificativo, a fin de preservar o principio de unidade de actuación, sen prexuízo de presentar o ditame ante o xulgado. Para tales efectos, o superior xerárquico común será o/a fiscal xefe de área, se ambos os fiscais teñen destino na mesma Fiscalía de Área; o/a fiscal xefe provincial, se son da mesma Fiscalía Provincial; e o/a fiscal superior, se se atopan en distintas provincias dunha mesma comunidade autónoma. Cando as fiscalías que ditaminan se achen en distintas comunidades autónomas, deberá darse conta, con remisión de informe, ao fiscal de sala delegado do civil.

A remisión do informe xustificativo do ditame contraditorio co da outra Fiscalía territorial actuante realizarase a través do fiscal xefe de área ou provincial.

9. Cláusula de vixencia

Existen documentos anteriores da Fiscalía Xeral do Estado nos que se abordan puntos relativos á competencia territorial na orde xurisdiccional civil, polo que é necesario clarificar a súa vixencia.

A Circular 2/1981, do 24 de setembro, acerca da competencia dos xulgados de familia para coñecer determinados procesos matrimoniais xa iniciados ao tempo da súa creación, proferiuse para determinar ante que órgano deben continuar tramitándose os procedementos en curso á entrada en vigor da Lei 30/1981, do 7 de xullo, e do Real Decreto 1322/1981, do 3 de xullo, ao careceren os mesmos de normas de dereito transitorio. Debe considerarse que perdeu vixencia.

Os criterios en canto á competencia territorial establecidos pola Circular 2/1984, do 8 de xuño, sobre o internamento de presuntos incapaces (artigo 211 do Código civil) – domicilio da persoa afectada, salvo en internamentos urxentes, en que sería competente o xuíz do lugar onde este se producira–, son os que está a seguir a xurisprudencia na actualidade e os que se asumiron na presente circular. Non obstante, a Circular 2/1984 debe estimarse carente de vixencia, partindo de que o artigo 211 foi derogado pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e que a súa regulación foi substituída pola contida no artigo 763 da LAC.

A Consulta 6/1997, do 15 de xullo, sobre o criterio determinante da competencia territorial nos procesos civís de incapacitación seguidos contra quen se atope interno nun establecemento psiquiátrico-penitenciario en cumprimento dunha medida de seguridade adoptada nun proceso penal, chegou á seguinte conclusión: «a demanda de incapacitación a promover polo Ministerio Fiscal respecto daqueles condenados que se atopen internos nun establecemento psiquiátrico-penitenciario en cumprimento dunha medida de seguridade serao, sempre que as circunstancias do caso permitan un elemental prognóstico de relativa permanencia, ante o xuíz de primeira instancia no que se atope radicado o citado centro». Debe entenderse tal criterio como plenamente vixente, malia que a terminoloxía empregada para denominar o proceso de modificación da capacidade ou de provisión de apoios quedara obsoleta.

A Circular 1/2001, do 5 de abril, relativa á incidencia da nova Lei de axuízamento civil na intervención do fiscal nos procesos civís, foi o documento da Fiscalía Xeral do Estado que con maior amplitude tratou a competencia territorial. Os seus pronunciamentos nesta materia deben considerarse substituídos polos da presente circular.

A Instrución 4/2008, do 30 de xullo, sobre o control e vixilancia polo Ministerio Fiscal das tutelas de persoas discapaces, establecía como conclusión quinta a de que «cando se susciten cuestións de competencia entre órganos xurisdicionais por razón do cambio residencia dunha persoa sometida a tutela, os Sres. fiscais, de acordo coa máis recente doutrina xurisprudencial, e atendendo a razóns de intermediación, eficacia e efectividade, informarán a favor de atribuír a competencia ao xulgado do lugar de residencia actual da persoa con discapacidade». Tal conclusión debe entenderse plenamente vixente.

A Instrución 1/2013, do 23 de xullo, sobre a intervención do fiscal no proceso concursal, sinala que «deberán igualmente coñecer as seccións do civil das cuestións de competencia que se poidan suscitar», pronunciamento que debe igualmente entenderse vixente.

A Circular 9/2015, do 22 de decembro, sobre a intervención do Ministerio Fiscal na nova Lei da xurisdición voluntaria, pronúnciase tanto sobre as disposicións xerais en materia de competencia territorial nos expedientes de xurisdición voluntaria coma respecto dalgúns expedientes (internamentos, tutelas, emancipación, adopción de medidas en protección de menores). Todos os pronunciamentos da circular en relación coa competencia territorial deben estimarse plenamente vixentes. A presente circular realiza unha remisión expresa á Circular 9/2015.

A Instrución 2/2015, do 16 de outubro, sobre directrices iniciais tras a entrada en vigor da nova Lei da xurisdición voluntaria, refírese –en pronunciamento que debe entenderse plenamente vixente– á posibilidade de informar por escrito cando se suscite de oficio a falta de competencia territorial.

A Circular 6/2015, do 17 de novembro, sobre aspectos civís da subtracción internacional de menores, tamén se pronuncia sobre competencia territorial, e o seu contido, plenamente vixente, debe darse agora por reproducido.

Deben considerarse plenamente en vigor as disposicións sobre competencia territorial contidas na Circular 2/2018, do 1 de xuño, sobre novas directrices en materia de protección xurídica dos dereitos dos consumidores e usuarios, así como as contidas na epígrafe 4.2 da Circular 2/2016, do 24 de xuño, sobre o ingreso de menores con

problemas de conduta en centros de protección específicos, cuxo contido debe darse por reproducido, como se aclarou nas correspondentes epígrafes da presente circular.

10. Conclusións

1ª. As/Os Sras./Sres. fiscais intervirán ditaminado cando o xulgado, unha vez presentada a demanda, advirta de oficio a posible falta de competencia territorial. Esta intervención terá lugar en todos os procedementos, sexa ou non parte o Ministerio Fiscal.

Non deberán ditaminar as cuestións de competencia suscitadas á instancia de parte en procedementos en que non interveña o Ministerio Fiscal, agás que por medio da declinatoria se alegue a infracción dun foro imperativo.

2ª. As/Os Sras./Sres. fiscais poderán –e deberán– promover declinatoria nos procesos en que sexan parte se, concorrendo un foro imperativo, o xulgado non activou o control de oficio.

3ª. Son frecuentes na práctica os supostos en que os xulgados suscitan a súa falta de competencia indebidamente, pese a non ser de aplicación ningún foro imperativo.

Por iso, cando un xulgado civil dea traslado para ditame sobre competencia, o primeiro que deben examinar as/os Sras./Sres. fiscais é se é aplicable unha norma que estableza a competencia con carácter imperativo.

4ª. Cando un xulgado cuestione de oficio a súa falta de competencia pese a non ser de aplicación ningún foro imperativo, o ditame do Ministerio Fiscal debe pór de manifesto esta improcedente suscitación da cuestión, pois nestes casos a falta de competencia territorial soamente poderá ser apreciada cando o/a demandado/a ou quen poida ser parte lexítima no xuízo propoñan en tempo e forma a declinatoria (*vide* artigo 59 da LAC).

5ª. O xulgado non pode cuestionar a súa competencia de oficio polo feito de que as partes pactaran a submisión a uns concretos tribunais, pois nestes casos a submisión tácita segue a ser posible.

6ª. Nos procedementos tramitados polos condutos do xuízo verbal non é válida a submisión expresa nin a tácita, polo que nestes supostos o xulgado sempre pode suscitar de oficio a súa competencia, calquera que sexa a pretensión exercitada. Para determinar o foro aplicable deberá comprobarse se concorre algún dos foros especiais que correspondan conforme as previsións do artigo 52 da LAC; e, na súa falla, aplicaranse con carácter imperativo os foros xerais relativos ao domicilio ou residencia do demandado (artigo 50 da LAC para as persoas físicas e artigo 51 da LAC para as persoas xurídicas e entes sen personalidade).

7ª. Se o procedemento se tramita como xuízo ordinario, o xulgado soamente poderá suscitar de oficio a súa competencia se devén aplicable un específico foro imperativo.

8ª. Son tamén foros imperativos os previstos para o proceso monitorio (artigo 813.2 da LAC), o xuízo cambiario (artigo 820.3 da LAC), o proceso en exercicio do dereito de rectificación (artigo 4 LO 2/1984) e o proceso de execución (artigo 545.3 da LAC). Igualmente, son foros imperativos os establecidos para os procesos sobre a capacidade das persoas (artigo 756 da LAC); protección de dereitos fundamentais, procesos matrimoniais e de menores (artigo 769.4 da LAC); oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores e procedemento para determinar a necesidade de asentimento na adopción (artigo 779 da LAC); e procedemento concursal (artigo 10.1 da LC); así como os establecidos en cada caso para os expedientes de xurisdición voluntaria.

9ª. Son igualmente imperativos os foros especiais previstos no artigo 52 da LAC por razón do obxecto, con excepción dos previstos para demandas sobre presentación e aprobación das contas que deban dar os administradores de bens alleos, así como para demandas sobre obrigas de garantía ou complemento doutras anteriores.

10ª. Os foros xerais das persoas físicas (artigo 50 da LAC) e das persoas xurídicas (artigo 51 da LAC) non son imperativos. Só cando por razón do procedemento –v. gr., o xuízo verbal– ou por razón de remisión dun foro imperativo do artigo 52 da LAC non caiba submisión expresa nin tácita, procederá a suscitación de oficio da cuestión e mais a inhibición, se a demanda se presenta nun xulgado en cuxo partido xudicial o

demandado non está domiciliado.

11ª. O control de oficio da competencia territorial durante a fase declarativa do xuízo ordinario ten o seu límite temporal no acto da audiencia previa.

O control de oficio da competencia territorial durante a fase declarativa do xuízo verbal ten o seu límite temporal no acto da vista. No suposto de que finalmente as partes non soliciten a celebración de vista, o límite temporal para o exame de oficio da competencia territorial será o momento en que as actuacións pasen ao órgano xurisdiccional para que, de acordo coa redacción actual do artigo 438 da LAC, resolva se procede a celebración de vista ou pronunciar sentenza.

Se se pretende o control de oficio transcorridos eses límites temporais, as/os Sras./Sres. fiscais informarán no sentido da improcedencia da inhibición.

12ª. Cando o xulgado ante o que se presentou a demanda non sexa competente, no caso de concorreren varios foros alternativos a tramitación procesualmente correcta –antes de acordar a inhibición en favor dun ou doutro– é a de requirir ao demandante para que manifeste cal dos foros alternativos é da súa preferencia. De se omitir este trámite, prívase ao demandante dunha facultade que expresamente lle recoñece o noso ordenamento procesual.

Nestes casos, se non se fixo aínda, as/os Sras./Sres. fiscais informarán no sentido de que, en cumprimento dos artigos 53.2 e 58 da LAC, antes de acordar a inhibición se requira ao demandante para que manifeste cal dos foros electivos é da súa preferencia, adoptando tras o dito requirimento a correspondente resolución.

13ª. Son moi frecuentes as cuestións de competencia que se suscitan como consecuencia de que, sendo o foro imperativo aplicable o do domicilio do demandado (por exemplo, nos xuízos verbais), no momento do emprazamento tómase coñecemento dun novo domicilio nun partido xudicial distinto.

Nestes casos, para que resulte competente un xulgado diferente daquel que coñeceu da petición inicial, é necesario que quedara acreditado que o domicilio actual coñecido por

feitos sobrevidos xa era o real ou efectivo no momento en que se presentou a demanda, de forma que se resulta probado que a alteración se produciu con posterioridade, ou se simplemente non se acredita tal circunstancia, o xulgado que coñeceu inicialmente perpetuaría a súa xurisdición.

Do mesmo xeito, cando sexa de aplicación o foro do domicilio do demandante, cómpre atender ao domicilio no momento de presentar a demanda, sen que caiba ter en conta o cambio de domicilio do demandante acaecido con posterioridade a tal momento.

En todo caso, de non concorrer foro imperativo, o xulgado non pode suscitar de oficio a competencia por cambio de domicilio, aínda que este se producira con anterioridade á presentación da demanda.

14ª. Se a decisión de inhibición se adoptou tras oír ao Ministerio Fiscal e a todas as partes, ou tras a resolución da declinatoria, o tribunal que reciba as actuacións non poderá declarar de oficio a súa falta de competencia, mesmo naqueles casos en sexan aplicables foros imperativos.

15ª. Os ditames do Ministerio Fiscal sobre competencia deben cumprir uns requisitos mínimos. En primeiro lugar, deben estar motivados e o/a Sr./Sra. fiscal que emite o informe debe quedar debidamente identificado/a, de acordo coas previsións contidas na Instrución 1/2005, do 27 de xaneiro, sobre a forma dos actos do Ministerio Fiscal.

En segundo lugar, deben especificar se concorre ou non un foro imperativo. Despexar esta primeira incógnita é esencial para alcanzar unha solución correcta.

En terceiro lugar, en caso de que concorra foro imperativo, debe especificarse cal é este.

Por último, en caso de que se considere que o xulgado que dá traslado non é competente, debe determinarse cales son os xulgados que o son.

16ª. Cómpre preservar, na medida do posible, o principio de unidade de actuación, que pode quedar menoscabado cando nun procedemento emiten ditames sobre competencia contraditorios as dúas fiscalías intervinientes.

Se na causa hai xa un ditame dun/dunha Sr./Sra. fiscal e o xulgado que recibe a inhibición dá traslado á Fiscalía do seu territorio, a emisión de ditame en sentido contrario ao presentado polo/a Sr./Sra. fiscal adscrito ao xulgado que se inhibe esixirá, sen prexuízo da súa presentación, dar conta ao superior xerárquico común mediante a remisión dun informe xustificativo. Para tales efectos, cando as fiscalías que ditaminan se atopen en distintas comunidades autónomas, deberase dar conta, con remisión de informe, ao fiscal de sala delegado do civil.

A remisión do informe xustificativo do ditame contraditorio realizarase a través do fiscal xefe de área ou provincial.

17ª. As/Os Sras./Sres. fiscais fundamentarán en cada caso os seus ditames consoante os criterios e pautas xurisprudenciais contidos no presente documento, en tanto non se consoliden outros criterios distintos.

18ª. As/Os Sras./Sres. fiscais, á hora de seleccionar a solución a supostos dubidosos, deberán ter sempre presente o dereito a un proceso sen dilacións indebidas, optando pola alternativa máis respectuosa para co respecto ao dereito á tutela xudicial efectiva.

En razón de todo o exposto, co propósito de adoptar un criterio uniforme na aplicación das disposicións sobre competencia na orde civil, as/os Sras./Sres. fiscais ateranse de aquí en diante ás prescricións da presente circular.

Madrid, 30 de abril de 2021.- A fiscal xeral do Estado, Dolores Delgado García